



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 3 de maio de 2018**

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Cayetano Rodríguez Escudero.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día tres de maio de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(428).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 19 de abril de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(429).- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL («BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2018»). EXPTE. 151167/301.

Dáse conta do informe-proposta do 25/04/18, asinado polo xefe de área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social e a concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 22.03.2018 adoptou, en relación co Exp. nº 151167/301, o seguinte acordo:

«PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras das subvencións destinadas a proporcionar, no exercicio de 2018, mediante a utilización do “bono-taxi”, un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade, gravemente afectadas na súa mobilidade, que non poden utilizar con carácter xeral o transporte público colectivo.

SEGUNDO: Autorizar o gasto de 25.000€ (VINTECINCO MIL EUROS) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 dos orzamentos municipais (“Subvencións taxi discapacitados”).

TERCEIRO: Aprobar, para os efectos do disposto nos Arts. 17.3.b), 18, 20.8 e 23.2 da LXS, a convocatoria destas axudas e o seu extracto, que deberá ser publicado no BOP de Pontevedra por conduto da BDNS, con indicación do Boletín oficial no que se publiquen as Bases. Remítiranse tamén á BDNS os datos esenciais que permitan identificar as axudas convocadas (“datos estruturados”).».

I.2. No Apdo. 4.1, 1º pfo., da Base sétima (e, por relación, no mesmo apartado da “Documentación” do Anexo I), indícase que as persoas solicitantes deberían achegar o «certificado anual dos ingresos percibidos correspondentes ó ano **2017** expedido polo organismo competente, das pensións da seguridade social, subsidio de desemprego, pensións non contributivas, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir».

Trátase dun erro, pois o exercicio a ter en conta é o de **2016**, que é o mesmo que se considera para os efectos do IRPF (Apdo. 4.1, 2º pfo., da Base sétima), toda vez que os datos de 2017 non estarían dispoñibles ata despois do mes de xuño de 2018. Así, na convocatoria destas axudas do ano 2017 tívose en conta o exercicio de 2015, no de 2016 o de 2014, etc.

Verificada a existencia dese erro material, procede efectuar directamente a corrección de acordo co establecido na L.39/2015.

II. DEREITO/NORMATIVA APLICABLE

II.1. Con carácter xeral, o Art. 109.2 da LPACAP (L.39/2015) sinala que as Administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. Trátase dunha faculta-



Concello de Vigo

de atribuída á Admón. para poder correxir ou rectificar, sen ningún apremio temporal, os erros materiais apreciados nun acto administrativo, coa exclusiva finalidade de impedir que un simple erro desa natureza poida pervivir ou producir efectos desorbitados, como os que suporía acudir ós trámites do procedemento de revisión.

II.2. Con todo, esa simple e directa rectificación ex Art. 109.2 LPACAP, sen máis trámites no caso presente que a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, será sempre de aplicación restrictiva e terá que limitarse a aqueles concretos supostos nos que o propio acto administrativo sexa revelador dunha equivocación manifesta e evidente por sí mesma, sen afectar á idéntica pervivencia do mesmo (SSTS do 20.07.1984, 27.02.1990 e 21.09.1998, entre outras).

II.3. En efecto, a rectificación material de erros de feito ou aritméticos ten como única finalidade a de eliminar os posibles erros na transcripción ou de simple conta e deben diferenciarse estes supostos daquelas rectificacións de maior transcendencia, non autorizadas polo precepto indicado.

II.4. Destas características participa, sen dúbida, o erro material padecido na correcta identificación do exercicio ó que deberá referirse o certificado anual de ingresos en concepto de pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, pensións non contributivas, RISGA e demais prestacións públicas, esixida no Apdo. 4.1, 1º pfo., da Base sétima e no mesmo apartado e parágrafo da “Documentación”; erro que agora se pretende subsanar.

II.5. A corrección proposta afecta exclusivamente a ese extremo das Bases e do seu Anexo I, manténdose inalterable o resto do contido do acordo da XGL do 22.03.2018.

III. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable; en especial o Art. 109.2 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar a corrección do erro material detectado no Apdo. 4.1, 1º pfo., da Base sétima e no mesmo apartado e parágrafo da “Documentación” do Anexo I das «Bases reguladoras das subvencións destinadas a proporcionar, no exercicio de 2018, mediante a utilización do “bono-taxi”, un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade, gravemente afectadas na súa mobilidade, que non poden utilizar con carácter xeral o transporte público colectivo», referido á identificación do exercicio ó que deberá referirse o certificado anual de ingresos en concepto de pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, pensións non contributivas, RISGA e demais prestacións públicas, que é o **2016** e non o 2017 como por erro se fixo constar.

SEGUNDO: Unha vez subsanado o erro padecido, a redacción dese Apdo. 4.1, 1º pfo., da Base sétima e da “Documentación” queda do seguinte xeito: «Certificado anual dos ingresos percibidos correspondentes ó ano **2016** expedido polo organismo competente, das pensións da seguridade social, subsidio de desemprego, pensións non contributivas, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir».

TERCEIRO: Publicar este acordo e o texto correxido no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(430).- BASES PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR NOS CENTROS PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA DE VIGO PARA O CURSO 2018-2019. EXPTE. 153042/301.

Visto o informe xurídico do 17/04/18 e o informe de fiscalización do 26/04/18, asinado pola xefa do servizo de Benestar Social, o xefe da Área, la concelleira-delegada de Política Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. FUNDAMENTO NORMATIVO E COMPETENCIAS MUNICIPAIS

I.1. A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

I.2. Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

I.3. A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

I.4. A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fo-



Concello de Vigo

mento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das fendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

I.5. A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc. O Art. 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

I.6. O programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai máis de vinte anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

Por todo isto, promóvese un ano máis pola Concellería de Política Social a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación.

I.7. O gasto representado polas axudas que se concedan pola Xunta de Goberno Local imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (*"Becas libros e comedor"*): 110.000€ para libros e 1.090.000€ para axudas de comedor.

Con todo, está prevista xa na convocatoria a posibilidade de incrementar eses créditos iniciais dispoñendo adicionalmente dos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do curso anterior, 2017-2018 (crédito non dispoñible no momento da convocatoria pero que sí se prevé obter antes da concesión das axudas) e sen necesidade dunha nova convocatoria, tal como autoriza o Art. 58 do RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.

I.8. O elevado número tanto de solicitudes que hai que valorar (máis de 3.000 solicitudes de axudas de comedor e máis de 1.300 de libros e material escolar en 2017, coa súa documentación anexa) como dos pagamentos resultantes da resolución da convocatoria, tramitación e resolución de recursos, tramitación e resolución de axudas de comedor en réxime excep-

cional, xestión de altas e baixas, etc., fai totalmente inviable a súa tramitación co persoal actual do Servizo de Benestar Social.

En consecuencia, para a implementación deste programa de axudas no curso 2018/2019 sería necesaria a dotación do seguinte persoal:

- Dous/dúas (2) auxiliares administrativos/as, por acumulación de tarefas, por un período de 6 meses, no que se inclúen as fases de recollida de solicitudes e documentación, valoración e resolución das mesmas (Arts. 10.1.d] TREBEP e 23.2.d] L.2/2015).
- Dous/dúas (2) auxiliares administrativos/as para todo o programa de axudas, no que se inclúen as fases anteriores máis o aboamento das axudas, tramitación de recursos, xestión de altas e baixas durante todo o curso, axudas en réxime excepcional, etc. (Arts. 10.1.c] TREBEP e 23.2.c] L.2/2015).

Este programa de axudas ten unha duración estimada de catorce (14) meses, desde a publicación da convocatoria no BOPPO e ata xuño de 2019.

I.9. O 25.04.2018 a Intervención xeral municipal emitíu informe favorable solicitando a inclusión na convocatoria da contía máxima estimada de incremento do orzamento inicial, de acordo co disposto no Art. 58 do RXS. Igualmente indícase a necesidade de que figure na nas Bases a información relativa á non suxeición deste tipo de axudas ó IRPF. Os dous extremos foron xa incorporados ó novo texto da convocatoria (último inciso do Apdo. “*Crédito orzamentario/presupuestario*”: 120.000€) e ás Bases (Base quinta: “*Compatibilidade e tratamento fiscal*”), respectivamente.

I.10. Este informe-proposta substitúe o asinado en data 16.04.2018 pola Xefa do Servizo de Benestar Social e o 17.04.2018 polo Xefe de Área de Benestar Social e os concelleiros delegados de Política Social e de Orzamentos e Facenda (trámite nº 18 do Exp. nº 153042/301).

II. PROPOSTA

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as Bases para a concesión das axudas municipais de libros, material escolar e comedor nos centros públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria de Vigo para o curso 2018-2019, elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo e que incorporan xa as indicacións realizadas pola Intervención xeral municipal no seu informe de fiscalización do 25.04.2018.

SEGUNDO: Comprometer o gasto de 110.000€ para axudas de libros ós/ás alumnos/as do nivel de educación infantil (2ª etapa) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Departamento de Benestar social (IBAN ES 90 2080-5000-67-3110242616).

TERCEIRO: Comprometer o gasto de 1.090.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 para axudas municipais escolares de comedor, curso 2018/2019. Desta



Concello de Vigo

cantidade, 375.780,80 € imputaranse ó exercicio de 2018 e o resto, 714.219,20 €, ó exercicio de 2019. A contía do ano 2019 quedará supeditada á dispoñibilidade orzamentaria dese exercicio. As dúas cantidades serán pagadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Departamento Benestar social. Eses créditos iniciais poderán incrementarse cos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do curso anterior, sen necesidade dunha nova convocatoria (Art. 58 RXS). A contía máxima a incrementar será de 120.000€.

CUARTO: Aprobar, para os efectos do disposto nos Arts. 17.3.b), 18, 20.8 e 23.2 da LXS, a convocatoria destas axudas e o seu extracto, que deberá ser publicado no BOP de Pontevedra por conduto da BDNS, con indicación do Boletín oficial no que se publiquen as Bases. Remitiranse tamén á BDNS os datos esenciais que permitan identificar as axudas convocadas ("*datos estruturados*").

QUINTO: Aprobar as necesidades de persoal necesario para a xestión destas axudas municipais de libros, material escolar e comedor para o curso 2018/2019, que se concretan en:

- Dous/dúas (2) auxiliares administrativos/as, por acumulación de tarefas, por un período de 6 meses, no que se inclúen as fases de recollida de solicitudes e documentación, valoración e resolución das mesmas (Arts. 10.1.d] TREBEP e 23.2.d] L.2/2015).
- Dous/dúas (2) auxiliares administrativos/as para todo o programa de axudas, no que se inclúen as fases anteriores máis o aboamento das axudas, tramitación de recursos, xestión de altas e baixas durante todo o curso, axudas en réxime excepcional, etc. (Arts. 10.1.c] TREBEP e 23.2.c] L.2/2015).

A duración estimada deste programa é de catorce (14) meses, desde a publicación da convocatoria no BOPPO e ata xuño de 2019.»

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2018-2019.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competencias xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Ares. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

De acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A Lei 5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das faendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).



Concello de Vigo

No eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Finalmente, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc.

O Art. 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

III

O programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai máis de vinte anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados de Vigo, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

Por todo isto, promóvese a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación.

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade.

Estas Bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de subvencións ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados, de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con enderezo en Vigo, para o curso 2018-2019.

As axudas de libros, material escolar e comedor van dirixidas, prioritariamente, a menores de familias con dificultades socioeconómicas e dificultades en conciliar a súa vida familiar e laboral.

A finalidade última das subvencións é apoiar ás unidades familiares que, por insuficiencia de recursos económicos, non poden afrontar o custo do servizo.

SEGUNDA.- Programas subvencionables.

Os programas subvencionables serán:

–Axudas para a adquisición de libros e material escolar para Educación Infantil (2ª etapa). No concepto de material escolar inclúese todo o material necesario para o desenvolvemento do curso académico en función das obrigas de cada colexio e as súas técnicas de aprendizaxe (mandilón, chándal, zapatillas deportivas, material informático e material funxible).

–Axudas para comedores escolares (de setembro a xuño, ámbolos dous incluídos) para alumnos/as matriculados/as nos niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Estas axudas outorgaranse de acordo cos principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

TERCEIRA.- Publicidade e prazo.

A publicación das presentes Bases e a resolución das axudas realizarase no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org e no BOP de Pontevedra. Anunciarase igualmente no BOP o prazo de presentación de solicitudes, que será reiterado por medio de anuncio na prensa local.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contando desde o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17. 3.b.), 18 e 20.8) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións - BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo, publicarase no taboleiro de anuncios da casa do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na páxina web municipal e no “Portal de Transparencia e bo goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>

As axudas que se concedan a través deste programa, unha vez resoltas, publicaranse na web do Concello, no taboleiro oficial de anuncios e nos Centros de Servizos Sociais Municipais, con expresión do DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante – pai, nai ou titor-(ordenadas numericamente), Exp. Servizos Sociais, número de expediente na xestión de municipal, colexio, finalidade da subvención (libros, material escolar e comedor ou ambas) e resolución recaída (concedida, denegada -motivo- ou lista de agarda). Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á BDNS.

CUARTA.- Destinatarios de comedor.

O programa de axudas para comedores escolares intégrase coas modalidades A) e B), que deben reunir os requisitos que a seguir se sinalan:

Modalidade A): Refírese a aquelas solicitudes presentadas no prazo ordinario establecido nestas Bases, tanto para as axudas municipais escolares de libros e material escolar como para as axudas de comedor, reunindo os requisitos establecidos na Base sexta.

Modalidade B): Con carácter excepcional, e co fin de dar protección ás situacións carenciais ou excepcionais do alumnado xurdidas unha vez pechado o prazo ordinario da presentación



Concello de Vigo

de solicitudes e resoltas as axudas, poderán solicitarse subvencións para o comedor con carácter excepcional a partir do 1 de outubro de 2018.

Terán que cumprir cos requisitos esixidos na Base sexta, achegar a documentación sinalada na Base sétima e sinalar a causa da excepcionalidade na solicitude.

Os/as alumnos/as estarán matriculados/as no curso 2018-2019 en centros públicos ou con concerto nos niveis de:

- | | |
|--|--------------|
| • Educación Infantil (2ª etapa) | 3 a 5 anos |
| • Educación Primaria (1º a 6º) | 6 a 12 anos |
| • Educación Secundaria Obrigatoria (1º a 4º) | 12 a 16 anos |

QUINTA.- Compatibilidade e tratamento fiscal.

As axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados, agás as que concede o propio Concello de Vigo a través de FOANPA, comprometéndose o solicitante a comunicar e/ou reintegrar o concedido polo Concello de Vigo no caso de ter percibido outra axuda.

Non poderán acceder ás axudas de comedor municipais os/as alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación da Xunta de Galicia que cumpran os requisitos para acceder ás axudas de comedor reguladas no Decreto 132/2013, do 1 de agosto, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria.

Tampouco non poderán acceder ás axudas de libros, material escolar e comedor os/as alumnos/as tutelados/as pola Xunta de Galicia. No caso de ter axuda de comedor concedida e seren tutelados pola Xunta, esta sería revogada.

Segundo a consulta da DGT V1048-17, as axudas municipais para a compra de libros de texto e material curricular están exentas de IRPF.

SEXTA.- Requisitos xerais.

Serán requisitos necesarios para ser beneficiario das axudas os seguintes:

- a) Que a unidade familiar de convivencia estea empadroada no Concello de Vigo (a comprobación realizarase polo propio Departamento de Benestar Social).
- b) Convivir cos/cas alumnos/as para os que se solicitan as axudas.
- c) Con respecto á axuda de comedor, débese contar con praza no centro, de non ser así, aínda tendo concedida a axuda, non se fará efectiva.
- d) Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- e) Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.

f) Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do 75% do IPREM, que equivale ó 100% do subsidio básico da RISGA, equivalente a 4.840,56 € anuais.

No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ó subsidio básico da RISGA (4.840,56 €/anuais).

Tamén se lle computará esta cantidade ós contribuíntes que nos datos enviados dende a Axencia Tributaria consten como “Contribuíntes sen imputacións de renda” (sen datos).

UNIDADE FAMILIAR	IMPORTE MÁXIMO MENSUAL	IMPORTE MÁXIMO ANUAL
2	806,76€	9.681,12€
3	1.210,14€	14.521,68€
4	1.613,52€	19.362,24€
5	2.016,90€	24.202,80€
6	2.420,28€	29.043,36€
7	2.823,66€	33.883,92€
8	3.227,04€	38.724,48€
9	3.630,42€	43.565,04€
10	4.033,80€	48.405,60€

Para estes efectos, considerarase que a capacidade económica será o resultado de deducir dos ingresos netos os gastos xustificadas en concepto de alugamento ou amortización de hipoteca para compra da vivenda que constitúa o seu domicilio habitual, ata un máximo de cincocentos euros ó mes (500€/mes) dividido polo número de membros que integran a unidade familiar.

Os gastos de vivenda teranse en conta sempre e cando ningún membro da unidade de convivencia dispoña en propiedade de ningún ben inmovible que non sexa o seu domicilio habitual. Se os tivese, non se terían en conta eses gastos.

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase unha deterioración significativa en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio, os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente ó primeiro trimestre do ano 2018.

g) Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean situados no termo municipal de Vigo.

Para os efectos destas axudas enténdese por “unidade familiar de convivencia”:

a) A formada polos cónxuxes e os seus descendentes, que convivan habitualmente.



Concello de Vigo

- b) Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.
- c) A formada polo/a posible beneficiario/a e os seus acolledores de feito ou de dereito e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- d) A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas semellantes non rompen a convivencia para estes efectos.

Tendo en conta a natureza destas axudas e a súa finalidade, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 la LXS (L.38/2003), exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.

SÉTIMA.- Solicitud e documentación.

As solicitudes das axudas municipais para libros, material escolar e comedor, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada) e o resto dos membros maiores de idade que formen a unidade de convivencia.

Só se aceptará unha solicitude por unidade de convivencia. No caso que se presente máis de unha serán acumuladas, tramitándose a primeira presentada no rexistro xeral.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- 7.1. Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante e dos membros maiores de 18 anos, sempre que non consten xa na base de datos do Departamento de Benestar Social.
- 7.2. Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento, sempre que non consten na base de datos do Departamento.
- 7.3. Declaración de IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade familiar (*)
- 7.4. Certificado actual de vida laboral de todos os integrantes da unidade familiar de convivencia maiores de 18 anos (*)
- 7.5. De ser o caso, certificado anual dos ingresos percibidos correspondentes ó ano 2017 expedido polo organismo competente, das pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade familiar de convivencia. (*)

(*) A documentación indicada nos apartados 7.3, 7.4 e 7.5 só deberán presentala as persoas solicitantes que non autoricen ó Concello de Vigo para obter directamente os documentos e certificados necesarios doutras Administracións Públicas.

7.6. De ser o caso, copia do contrato de aluguer máis dous xustificantes das transferencias bancarias ou recibos dos 2 meses anteriores á data da presentación da solicitude.

Non se terán en conta os recibos de aluguer cando nos mesmos no consten os seguintes datos:

- Identificación da parte arrendadora (nome, apelidos, DNI e sinatura)
- Identificación do arrendatario/a (inquilino).
- Enderezo da vivenda alugada.
- Mes e importe.

Excepcionalmente, en ausencia de contrato escrito, deberá achegarse debidamente cuberto o Anexo II (contratos verbais).

7.7. De ser o caso, informe da entidade bancaria sobre os gastos realizados en concepto **de** amortización de hipoteca da vivenda habitual no que conste:

- Persoa titular do préstamo hipotecario e NIF.
- Enderezo da vivenda hipotecada.
- Número de préstamo.
- Copia dos recibos de pagamento da hipoteca dos 2 meses anteriores á presentación da solicitude.

7.8. No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberán presentar un dos seguintes documentos que acredite esta circunstancia:

- Certificado emitido polo órgano competente de grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ó 33%.
- Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade.
- Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez.
- Documento acreditativo da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

7.9. No caso de situación de *violencia de xénero* no ámbito familiar, deberá acreditar que foi vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia, que rematou dentro dos 24 meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas municipais escolares.

Acreditarase esta circunstancia achegando a sentenza condenatoria ou orde de protección, que deberá terse emitido dentro dos 24 meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas, agás casos excepcionais que serán acreditados polas profesionais do “Centro Municipal de Información dos dereitos da Muller”.



Concello de Vigo

7.10. Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do causante.

7.11. Para os/as alumnos/as de Educación Infantil (2ª etapa) que soliciten libros e material escolar, achegarán un xustificante do centro educativo no que se faga constar que para o curso 2018-2019 están matriculados/as ou teñen reserva de matrícula neste nivel educativo.

7.12. Para os/as alumnos/as de Educación Infantil (2ª etapa), primaria ou secundaria obrigatoria que soliciten axudas de comedor, achegarán un xustificante do centro escolar no que estean matriculados ou teñan reserva de matrícula no que conste que teñen interese no servizo de comedor para o curso 2018-2019.

7.13. Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Departamento de Benestar Social para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.

OITAVA.- Presentación de solicitudes.

Os/as solicitantes das axudas presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

NOVENA.- Tramitación e subsanación de solicitudes.

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ó Departamento de Benestar Social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se enmende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (Art. 68.1 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do Art. 21 LPACAP

DECIMA.- Criterios de valoración.

Con carácter xeral, as solicitudes valoraranse tendo en conta a renda *per cápita* dos ingresos do ano 2017 dos compoñentes da unidade familiar de convivencia.

No caso de acreditar unha deterioración da capacidade económica da unidade familiar, no sentido indicado na Base sexta, letra f), a renda *per cápita* considerada será a correspondente o primeiro trimestre do ano 2018.

Para os efectos do cálculo da renda *per cápita*, computarán por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ó 33%, ata un máximo de dous membros.

Para os efectos do cálculo da renda *per cápita*, computarán por dous cando o/a solicitante fose vítima de violencia de xénero.

A lista de concesión farase por orde inversa ó da contía da renda *per cápita* da unidade familiar, de menor a maior. No caso de igualdade de ingresos, concederáse por maior número de membros da unidade familiar.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de valoración.

A Comisión de Valoración quedará integrada pola Concelleira delegada da Área de Política Social, que actuará como presidenta, o Xefe de Área de Benestar Social, a Xefa deste Servizo e a técnica responsable do programa. Este órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Tramitación e resolución das axudas.

12.1. O/a instrutor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios e valoración que se determinan na Base décima e fará constar expresamente que, da información que obra no seu poder, despréndese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións. O/a instrutor/a do procedemento solicitará unha avaliación previa dos/as profesionais responsables das Unidades de Traballo Social, de considerarse necesario.

12.2. Rematada a instrución do expediente, este remitiráselle á Comisión de Valoración establecida na Base décimo primeira.

12.3. A proposta de resolución conterá unha relación na que figure a renda *per cápita anual* da unidade familiar de convivencia (ordenada de menor a maior), número de expediente en Servizos Sociais, número de expediente na xestión de municipal, colexio, concepto (libros, material escolar e comedor) e proposta de resolución das axudas no sentido que proceda (concedido, denegado ou lista de agarda):

- Concedidas: sinalarase a subvención individual de cada beneficiario/a, tendo en conta que o importe total das mesmas no pode superar o crédito consignado.
- Denegadas: faranse constar sempre as causas de denegación:
 - A solicitude foi presentada fóra de prazo.
 - Non achegan a documentación requirida.
 - Non estar empadroados/as.
 - Matriculado nun centro privado sen concerto.
 - Superar os ingresos.
 - O centro non conta co servizo de comedor.
 - O/a alumno/a non está matriculado/a nun centro educativo do termo municipal de Vigo.
 - Por non acreditar o cumprimento do requisito de excepcionalidade.
 - Libros: o curso que se solicita non é subvencionado neste programa.
 - Libros: na modalidade excepcional, non son subvencionables.
- Lista de agarda: coa súa correspondente orde, por renda *per cápita*, de menor a maior.



Concello de Vigo

Os/as beneficiarios/as das axudas escolares de libros, material escolar (ata o 15 de outubro) e comedor (durante todo o curso) que se atopen en lista de agarda, pasarán a ser concedidas sempre que exista crédito orzamentario.

12.4. A Xunta de Goberno Local, por proposta da instrutora do procedemento e previo informe da Comisión de Valoración, acordará a aprobación definitiva das subvencións con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 ("*Becas libros e comedor*") do orzamento de Benestar Social do Concello.

12.5. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis (6) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

12.6. Modalidade B) de comedor con carácter excepcional.

A Concelleira de Política Social resolverá a inclusión dos/a alumnos/as na lista de agarda ou a denegación por proposta da instrutora do procedemento e informe da Comisión de Valoración.

Darase conta á Xunta de Goberno Local das axudas de comedor nesta modalidade B), cos seguintes datos: data resolución da Concelleira, número de expediente en Servizos Sociais, número de expediente na xestión municipal e sentido da resolución (concedida/denegada).

DECIMO TERCEIRA.- Contía, pagamento das axudas e xustificación.

- Contía para libros e material escolar:

Educación Infantil (3, 4 e 5 anos) 85,00 € / alumno/a.

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez por medio de cheque bancario, logo da presentación das facturas orixinais. Ditos cheques entregaranse no Departamento de Benestar Social do Concello de Vigo ata o 15 de outubro de 2018.

Nos casos especiais, e tendo en conta a situación social da familia subvencionada, o pagamento da axuda farase coa autorización por escrito do beneficiario, ó/a profesional da UTS ou programa correspondente, que disporá o pagamento da contía que se subvenciona directamente ó establecemento subministrador do material escolar.

Nos supostos en que os pais compren os libros nos centros escolares, deberán acreditar o pagamento presentando o certificado do devandito centro, debidamente asinado, onde se recolla a identificación do/a pai/nai/titor (solicitante da axuda), alumno/a, importe e concepto.

- Contía para comedor:

O prezo da praza de comedor será comunicado polo centro escolar ó Departamento de Benestar Social do Concello, unha vez deducidas as subvencións recibidas ou pendentes de recibir para a mesma finalidade.

A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a, será como máximo de corenta e un euros (41€), agás nos meses de decembro e abril, que se pagarán vinte e oito euros con setenta céntimos (28,70€), o 70%, por ter menos días lectivos.

A diferenza, de existir, entre o prezo da praza do comedor e a axuda municipal deberá ser pagada polo pai, nai ou titor.

- Pagamento das axudas de comedor ás entidades colaboradoras e seguimento:

As axudas concédense ás familias e pagaranse ós centros, que actuarán como entidades colaboradoras nos termos previstos na L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os centros asumen o compromiso de xestionar a aplicación dos fondos de acordo coa súa finalidade, responsabilizándose de comunicar, coa periodicidade que se estableza, as baixas e os traslados dos/as alumnos/as beneficiarios/as ó Departamento de Benestar Social.

O pagamento das axudas de comedor realizarase mediante transferencia desde a conta habilitada do Departamento de Benestar Social á conta corrente que indique cada un dos centros educativos cos que se conveña a colaboración para a xestión destas axudas.

A xustificación dos ingresos na entidade colaboradora acreditarase mediante o soporte documental da transferencia.

O pagamento ós centros educativos farase en tres (3) prazos:

- Primeiro pagamento (setembro-décembro), ata unha porcentaxe máxima do 40% do importe correspondente á resolución das axudas de comedor de cada centro educativo, aprobada pola Xunta de Goberno Local. Pagarase de xeito anticipado antes da finalización do cuadrimestre.

- Segundo pagamento (xaneiro-marzo), ata unha porcentaxe máxima do 80% de todas as axudas concedidas para o curso escolar e previo reaxuste das cantidades do primeiro pagamento. Pagarase de xeito anticipado antes da finalización do trimestre.

- Terceiro pagamento (abril-xuño), unha vez rematado o curso escolar reaxustaranse os pagamentos a cada centro educativo ata completar o 100% do importe total de todas as axudas de comedor concedidas a cada centro educativo, tendo que reintegrar, de ser o caso, as cantidades pagadas anticipadamente polo Concello das axudas concedidas ós/ás alumnos/as que non utilizaron o servizo de comedor.

No segundo e terceiro pagamento reaxustaranse as axudas de comedor nos centros educativos debido ós seguintes motivos:

- Baixas que se van producindo ó longo do curso.
- Traslados dos/as alumnos/as a outros centros educativos. O traslado de centro docente ó longo do curso dentro do municipio non supón para o/a beneficiario/a, a perda da axuda, sempre e cando no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado ó Departamento de Benestar Social para a súa autorización. O traslado, de producirse, xurdirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte. Se o/a



Concello de Vigo

alumno/a se trasladase sen finalizar o mes a outro centro, será a familia a que se faga cargo do pagamento do comedor.

- Novas altas, que comunicará o Concello ós centros (recursos, modalidade excepcional, lista de agarda).

O Departamento de Benestar Social enviará a cada centro escolar a mes vencido, as listas actualizadas dos/as alumnos/as subvencionados/as de comedor, unha vez recibidas as incidencias mensuais dos colexios e a comunicar as novas altas, se as houber. Estas listaxes serán remitidas ó Concello unha vez asinadas polo pai, nai ou titor.

As direccións dos centros emitirán dúas certificacións ó longo do curso escolar nas que se fará constar a utilización do servizo de comedor por parte dos/as alumnos/as usuarios/as e a aplicación dos fondos recibidos ó pagamento dos servizos de comedor.

A primeira certificación xustificará os fondos das axudas de comedor do primeiro cuadrimestre do curso (setembro-décembro).

A segunda certificación emitirase á finalización do curso e fara referencia ó período xaneiro-xuño.

DÉCIMO CUARTA.- Reclamacións.

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

DÉCIMO QUINTA.- Obrigas dos/as beneficiarios/as.

Serán obrigas dos/as beneficiarios/as das subvencións, ademais das previstas nestas Bases e das sinaladas no Art. 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as seguintes:

- Utilizar o servizo de comedor todo o mes, agás causas xustificadas.
- Comunicar ó Departamento de Benestar Social ou ó centro educativo as baixas.
- O cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ó que pertence o/a alumno/a. En caso de incumprimento, o Consello escolar do centro poderá adoptar as medidas que considere oportunas.
- O pai, nai ou titor están obrigados a asinar as listas da axuda de comedor no centro escolar no que estea matriculado o/a alumno/a.
- O pagamento, por parte do pai, nai ou titor, da diferenza, de existir, entre o prezo real do comedor e a axuda percibida.

DÉCIMO SEXTA.- Revogación e réxime sancionador.

No caso das axudas de libros e material escolar, revogarase a subvención concedida cando esta non fose destinada ó fin para a que foi concedida.

No caso de axudas para comedor, cando o Concello teña coñecemento da ausencia sen causa xustificada dun/ha alumno/a por un período continuado de catro días ou tres alternos no período dun mes, poderá sancionarse coa suspensión temporal ou definitiva para o curso.

A suspensión comezará sempre o primeiro día do mes e, de tratarse dunha suspensión temporal, o reinicio será tamén a primeiros do mes estipulado.

Serán tamén de aplicación todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Norma final.

En todo aquilo non previsto nas presentes Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (Arts. 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (Arts. 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, a lexislación básica do Estado de réxime local, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

4(431).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE «MÉDICOS DO MUNDO» , PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN SOCIOSANITARIA DESTINADO A PERSOAS DROGODEPENDENTES EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL EN VIGO – ANO 2018. EXPTE. 2592/315.

Visto o informe xurídico do 04/04/18 e o informe de fiscalización do 25/04/18, dáse conta do informe-proposta de data 3/04/18, asinado polo xefe dp Servizo de Cedro, o xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social.

II. No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade e mellorar a atención ós colectivos en



Concello de Vigo

situación de exclusión social e a cobertura dos programas de emerxencia, redución do dano e intervención en media aberto.

III. O PLDA ten como instrumentos para o seu desenvolvemento, entre outros, o Servizo de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, o convenios con outras administracións e a coordinación e colaboración coas entidades locais (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.

IV. O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adicións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade. Entre os seus obxectivos xerais, atópanse os de diminuír os riscos e reducir os danos para a saúde e o benestar derivados do consumo de alcohol, tabaco e drogas ilegais, mellorar a cobertura asistencial dos trastornos aditivos e apoiar os procesos de integración social das persoas atendidas en Rede de Tratamento de Condutas Aditivas e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos.

Máis concretamente, establécese como unha liña estratéxica a diminución de riscos e redución de danos asociados ó uso e abuso de drogas, mediante o desenvolvemento de programas móbiles de diminución de riscos e redución de danos asociados ó consumo de alcohol e outras drogas en zonas de ocio xuvenil, a realización de talleres sobre consumo de menor risco e prácticas de sexo seguro, o intercambio de xiringas entre consumidores de drogas por vía parenteral, a difusión de información sobre pautas de consumo hixiénico, así como de materiais estériles de consumo e preservativos entre os usuarios de drogas afastados dos servizos asistenciais.

V. No marco de actuación anterior, propónse o establecemento dunha subvención, determinada pola imposibilidade de proporcionar o servizo con medios propios do Servizo e a inexistencia de empresas que desenvolvan estas tarefas no noso medio. Por outra banda, as propias características técnicas do programa, determinan a conveniencia de establecer un convenio de colaboración cunha entidade sen ánimo de lucro do ámbito local.

VI. O Concello ven traballando coa entidade Médicos do Mundo para a prestación dun servizo que cubra as carencias da estrutura municipal actual e, no orzamento de CEDRO, existe consignación de crédito na aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.01 "*Convenio educación na rúa con Médicos do Mundo*" por un importe para o ano 2018 de 50.000 euros.

VII. Polo exposto e por tratarse dunha subvención na que se acreditan razóns de interese público, social e humanitario, propónse á Xunta de Goberno Local a concesión dunha subvención directa segundo os artigos 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, articulada mediante o establecemento dun convenio de colaboración coa entidade Médicos do Mundo, para a realización dun programa de redución do dano en medio aberto, cun centro de día para a inclusión social e unha unidade de rúa, no ámbito territorial do entorno da rúa Pintor Colmeiro, en Vigo.

VIII. A lexislación aplicable a este tipo de axudas é a que se sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ó réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD. 887/2006, do 21 de xullo de 2006; a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

IX. O convenio contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

X. Por concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, propónse o aboamento dun 50% da cantidade á sinatura do convenio. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.

XI. En relación coa Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal, faise constar que, como se recolle expresamente na proposta de Convenio sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais/drogodependencias como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de educación, saúde e servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Política Social e a entidade «Médicos do Mundo» (CIF G-79408852), para o desenvolvemento dun programa de intervención sociosanitaria destinado a persoas drogodependentes en situación de exclusión social en Vigo – ano 2018.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 50.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.01 - “Convenio educación na rúa con Médicos do Mundo”– do orzamento vixente».



Concello de Vigo

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE MÉDICOS DO MUNDO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN SOCIOSANITARIA DESTINADO A PERSOAS DROGODEPENDENTES EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL EN VIGO – ANO 2018»

En Vigo, na Casa do Concello, o de 2018

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido pola Secretaria de Goberno Local, D^a. M^a Concepción Campos Acuña.

Doutra,

D^a Inés Fernández de Córdoba Alonso, con DNI nº 9025232-D, presidenta da sede autonómica da entidade MEDICOS DO MUNDO en Galicia, con NIF G-79408852 e enderezo para os efectos de notificación en Vigo, na rúa Illas Baleares nº 15, baixo.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a) da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a) da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D^a Inés Fernández de Córdoba Alonso, actuando en representación de MEDICOS DO MUNDO en Galicia, segundo resulta dos seus estatutos e do acordo da súa Asemblea xeral do 22.05.2015, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- A entidade Médicos do Mundo é unha Organización Non Gubernamental (ONG) que traballa desde 1992 con colectivos en situación de exclusión social e, en Galicia, desde 1995 cun programa de achegamento (*outreach*) e de redución de danos para usuarios de drogas e persoas que exercen a prostitución. Médicos do Mundo iniciou en 2001 un proxecto de achegamento, redución de danos e sensibilización para usuarios de drogas no contorno da Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD) CEDRO. Posteriormente, e baseándose na experiencia de Médicos do Mundo noutras cidades do Estado, foise estruturando na cidade de Vigo o Centro de Redución de Danos (CEREDA).

O CEREDA está concebido como un centro de atención sociosanitaria para usuarios de drogas, dentro da filosofía de redución de danos, na que teñen cabida todas as intervencións dirixidas a minimizar os danos asociados ó consumo de drogas, a diminuír a marxinalidade do colectivo -favorecendo a súa integración- e á prevención do VIH/SIDA e outras enfermidades transmisibles. A estratexia de intervención do CEREDA é de "baixo umbral", seguindo os principios de intervención humanitaria que moven a Médicos do Mundo en todas as súas áreas de traballo.

O CEREDA vai dirixido a persoas cun uso problemático das drogas, en grave situación de desarraigo e exclusión social, que viven na rúa, con alto nivel de cronicidade e exclusión e/ou con problemas de saúde, que rexeitan acceder a outros recursos. O seu obxectivo principal é facilitar a inclusión social das persoas consumidoras de drogas involucrándoas no coidado da súa propia saúde, facilitándolles o acceso á rede sociosanitaria normalizada e reducindo os danos asociados ó consumo.

O CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo está concebido como un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas. As intervencións desenvólvense desde un dispositivo fixo, denominado "Centro de calor e café" e un equipo de rúa que se traslada a pé ás zonas quentes de consumo.

O interese para a cidade de Vigo de contar cun programa destas características, a través dunha estratexia de redución de riscos e danos, é que non só posibilita unha mellora sociosanitaria da poboación obxeto de intervención, senón tamén do contorno socio-comunitario onde se ubica.

Os grandes piares nos que se apoia este traballo son o traballo en rede, a coordinación interinstitucional, a intervención comunitaria e a implicación dos propios pares que traballan como axentes de saúde, así como das persoas voluntarias que participan desinteresadamente no programa.

As prestacións do CEREDA non pretenden substituír ás da rede sanitaria e de servizos sociais públicos. Para iso, o traballo ten dúas vertentes, unha dirixida á propia rede, consistente na eliminación das trabas e barreiras que dificultan a accesibilidade ós recursos,



Concello de Vigo

e outra líña de intervención cos propios/as usuarios/as facilitándolles a información e o asesoramento necesario para poder acceder ós recursos.

Estes dispositivos son un recurso necesario na cidade de Vigo, xa que aínda queda un volume considerable de poboación subsidiaria da atención ofertada. O número de usuarios/as atendidos/as nos dispositivos do CEREDA durante 2017 foi de 658 persoas.

II.- Que o Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública e a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro, LRSAL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III. A Resolución de 2 de febreiro de 2009, da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre drogas, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros polo que se aprobou a Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016, mantíña que o éxito da política xeral sobre drogas require da cooperación das Administracións locais. Deste xeito, no seu Plan de Acción o obxectivo primeiro propoñía optimizar a coordinación e cooperación no marco do Estado español mediante, entre outras medidas, a potenciación da elaboración de plans municipais e supramunicipais coherentes coa Estratexia Nacional.

Máis especificamente, entre os obxectivos xerais, atópanse os de garantir unha asistencia de calidade e adaptada ás súas necesidades, a todas aquelas persoas directa ou

indirectamente afectadas por consumo de drogas, reducir ou limitar os danos ocasionados á saúde das persoas que consumen drogas e, en xeral, os efectos sociais e sanitarios indesexables relacionados co seu uso, e facilitar a incorporación á sociedade das persoas en proceso de rehabilitación, a través de programas de formación integral e de preparación e inserción laboral. A nivel de diminución do risco e redución do dano, considérase necesario ampliar a cobertura de programas de rúa ou de contacto, acceso e detección precoz de problemas que afectan a grupos de poboación en situación de risco.

O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade.

Entre os seus obxectivos xerais, atópanse os de diminuír os riscos e reducir os danos para a saúde e o benestar derivados do consumo de alcohol, tabaco e drogas ilegais, mellorar a cobertura asistencial dos trastornos aditivos e apoiar os procesos de integración social das persoas atendidas en Rede de Tratamento de Condutas Aditivas e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas Administracións locais de Galicia e coa Administración Xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos.

Máis concretamente, se establece como unha liña estratéxica a diminución de riscos e redución de danos asociados ó uso e abuso de drogas, mediante o desenvolvemento de programas móbiles de diminución de riscos e redución de danos asociados ó consumo de alcohol e outras drogas en zonas de ocio xuvenil, a realización de talleres sobre consumo de menos riscos e prácticas de sexo seguro, o intercambio de xiringas entre consumidores de drogas por vía parenteral, a difusión de información sobre pautas de consumo hixiénico, así como de materiais estériles de consumo e preservativos entre os usuarios de drogas afastados dos servizos asistenciais.

A carteira de servizos en materia de prevención do Plan de Galicia sobre Drogas contempla a execución de programas de redución de danos e prevención indicada para drogodependentes, e especificamente os dirixidos á intervención precoz con drogodependentes en situación de emerxencia social.

IV. O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social. Estes programas véñense executando mediante recursos propios e convenios con entidades locais.

No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, e mellorar a atención ós colectivos en situación de exclusión social e a cobertura dos programas de emerxencia, redución do dano e intervención en medio aberto.



Concello de Vigo

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servicio de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, os convenios con outras administracións e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.

V.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.01, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 50.000 €, a favor da asociación Médicos do Mundo.

VI.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o cofinanciamento da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo; un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas, mediante intervencións desenvolvidas desde un dispositivo denominado “Centro de calor e café” e un equipo de rúa.

VII. Este convenio de colaboración contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

En base ás precedentes consideracións e ó interese social que para a cidade de Vigo representa esa actividade de Médicos do Mundo, as partes convenian a súa colaboración no ámbito da redución de danos e prevención indicada para drogodependentes e a concesión da referida subvención en base ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- A entidade Médicos do Mundo comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social do Concello de Vigo en canto á realización da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo, un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas, mediante intervencións desenvolvidas desde un dispositivo denominado “Centro de calor e café” e un equipo de rúa e, concretamente, a:

- 1) Realizar a contratación do persoal técnico necesario para a correcta execución do Programa.
- 2) Asumir a súa xestión xeral.
- 3) Contribuir ó financiamento do custo restante do Programa, relativo ós recursos materiais e outros gastos necesarios, detallados no orzamento do proxecto presentado.
- 4) Cumprir as directrices técnicas do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia e do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións de Vigo e colaborar na súa estrutura participativa.

- 5) Complimentar os procedementos que se determinen para o rexistro de indicadores de actividade no ámbito da xestión dos recursos que traballan coas persoas en exclusión social severa.

En xeral, a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á entidade Médicos do Mundo, unha subvención para o exercicio de 2018 por importe de 50.000€ co obxecto de coaduxvar ó financiamento da actividade do CEREDA en Vigo.

TERCEIRA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD.887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

CUARTA.- Polo período de VIXENCIA do convenio (2018), o Concello de Vigo, achegará a cantidade de 50.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.01, do vixente exercicio.

Os pagamentos efectuaránse do seguinte xeito:

- O 50% á sinatura do convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pagamento anticipado por importe do 50% do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, de 21 de xullo, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 01 de novembro de 2018, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo funcionario responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro,



Concello de Vigo

xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

QUINTA.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SEXTA.- No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias da Consellería de Sanidade, do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións de Vigo e da Concellería de Política Social do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias e estará composta por dous representantes de Médicos do Mundo e dous técnicos do Concello, presidida pola Concelleira delegada de Política Social ou persoa en que delegue.

OITAVA.- A entidade Médicos do Mundo comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo, facéndose responsable dos danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

NOVENA.- A entidade Médicos do Mundo poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

DÉCIMA.- Médicos do Mundo comprométese a presentar antes do **01** de novembro de 2018 a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá **achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela** e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do artigo 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a VIXENCIA do Convenio (2018).



Concello de Vigo

DÉCIMO TERCEIRA.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social.

O responsable técnico do programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO QUINTA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO SÉTIMA.- Médicos do Mundo queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP e na LRXSP e, especificamente, na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.

DÉCIMO OITAVA.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

5(432).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO ENCONTRO DA RÚA SANJURJO BADÍA CO BARRIO DAS FLORES EXPTE. 5107/440.

Dáse conta da proposta de data 26/04/18, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 26 de abril de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización do encontro da rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores (5.107-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluír deste procedemento a PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Fomento o 23 de abril de 2018.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización do encontro da rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores (5.107-440) na seguinte orde descendente:

Licitadores	Puntuación
-------------	------------



Concello de Vigo

1	ORESA, S.L.	92,59
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	86,83
3	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	85,93
4	EXCAV. Y CONSTRUCC. MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	84,36
5	NAROM, S.L.	83,93
6	ELSAMEX, S.A.	81,53
7	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	78,64

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 827,36 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

6(433).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA PURIFICACIÓN SAAVEDRA (FASE I), ENTRE SANJURJO BADÍA E ENRIQUE LORENZO. EXPTE. 4948/440.

Dáse conta da proposta de data 26/04/18, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

1. A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 26 de abril de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Purificación Saavedra (fase I), entre Sanjurjo Badía e Enrique Lorenzo (4.948-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non presentaron xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Purificación Saavedra (fase I), entre Sanjurjo Badía e Enrique Lorenzo (4.948-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	NAROM, S.L.	94,12
2	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	93,55
3	ORESA SL	92,85
4	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU.	92,47
5	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	92,41
6	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	92,05
7	ORECO, S.A.	91,35
8	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONSTRUCCIONES S.A.)	91,15
9	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	90,95
10	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	90,57
11	ELSAMEX, S.A.	89,72
12	COPCISA, S.A.	89,68
13	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	89,01
14	ROCAS GRANITICAS DEL CONDADO S.L	88,75
15	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.	87,51
16	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	83,62

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.048,52 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.



Concello de Vigo

7(434).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO, CONSERVACIÓN E LIMPEZA DO EQUIPAMENTO DE UNIFORMIDADE DE INTERVENCIÓN PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE.5192/213.

Dáse conta da proposta de data 26/04/18, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 25 de abril de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro, conservación e limpeza do equipamento de uniformidade de intervención para o servizo de bombeiros (5.192-213)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro, conservación e limpeza do equipamento de uniformidade de intervención para o servizo de bombeiros (5.192-213) na seguinte orde descendente:

LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
ITURRI, S.A.	100

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ITURRI, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), agás a solvencia económica e técnica e os certificados esixidos no apartado 6B do Anexo I -FEC- que xa foron presentados no sobre A.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 2.028,63 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

8(435).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO FASE II CORONA CIRCULAR EXTERIOR. EXPTE. 5130/440.

Dáse conta da proposta de data 30/04/18, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 30 de abril de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro fase II Corona circular exterior (5.130-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a COPCISA, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos o 25 de abril de 2018.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro fase II Corona circular exterior (5.130-440) na seguinte orde descendente:

	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	94,77
2	HIDROMIÑO, S.L.	94,71
3	CIVISGLOBAL, S.L.U.	93,78
4	AVAN INTEGRAL SL	93,36
5	MISTURAS, S.A.	93,19
6	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - EXC. Y TRANSPORTES M. RODRIGUEZ, S.L.	93,08
7	ORESA SL	92,66
8	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	90,64
9	ORECO, S.A.	90,26
10	DRAGADOS, S.A.	90,21
11	OGMIOS PROYECTO, S.L.	90,07
12	EXCAV. Y CONSTRUCC. MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	89,55
13	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.	87,26



Concello de Vigo

	LICITADORES	PUNTUACIÓN
14	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	86,99
15	HORDESCON, S.L.	83,59
16	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	83,45
17	UTE ACEVI, S.L. - ALVAC, S.A.	81,97
18	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	80,14
19	ELSAMEX, S.A.	79,39

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 866,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

9(436).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DE PEDRO ALVARADO. EXPTE. 9811/446.

Dáse conta da proposta de data 30/04/18, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 30 de abril de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta dos seguintes acordos adoptado pola Mesa de Contratación

- Sesión do 12 de febreiro de 2018: a Mesa acordou non admitir neste procedemento de ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U. por ter presentado a súa proposición fóra do prazo de presentación de ofertas.
- Sesión do 15 de marzo de 2018: a Mesa acordou excluír a ELSAMEX S.A. por non ter presentado a documentación esixida no apartado 7A das FEC do PCAP (“*Carta de compromiso do fabricante de xogos co contido descrito no apartado 16.B.1 desta FEC*”).
- Sesión do 19 de abril de 2018:
 - A Mesa acordou excluír a CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L. e UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.-SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., por non ter presentado a documentación esixida no apartado 7A das FEC do PCAP (“*Carta de compromiso do fabricante de xogos co contido descrito no apartado 16.B.1 desta FEC*”).
 - A Mesa acordou excluír a LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. por incompatibilidade (artigo 56 do TRLCSP), ao ter participado na elaboración dos documentos preparatorios do contrato podendo supoñer esta participación un trato privilexiado con respecto aos demais licitadores.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	94,00
2	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONSTRUCCIONES, S.A.)	79,88

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.



Concello de Vigo

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 982,00 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

10(437).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE BARREIRO. EXPTE.10083/446.

Dáse conta da proposta de data 30/04/18, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 30 de abril de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro (10.083-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro (10.083-446) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntos
1	BRINCATEL ESPAÑA, S.L.	83,00
2	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U.	77,50
3	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	76,28
4	LAPPSET ESPAÑA VR, S.L.	25,26

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BRINCATEL ESPAÑA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 977,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

11(438).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASESORAMENTO A PEMES E EMPRENDEDORES DENTRO DO PROXECTO “VIGO VERTICAL”, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) EXPTE. 14438/77.

Dáse conta da proposta de data 26/04/18, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

1. A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 25 de abril de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro do proxecto “Vigo Vertical”, cofinanciado polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) (14.438-77)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro do proxecto “Vigo Vertical”, cofinanciado polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) (14.438-77) na seguinte orde descendente:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL



Concello de Vigo

1º	I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA, S.L.	96,00
2º	VALORA CONSULTORES DE GESTIÓN, S.L.	84,63
3º	SERVIGUIDE CONSULTORIA, S.L.	84,11
4º	ARXON ESTRATEGIA, SLU	79,82
5º	UTE NORFORMACIÓN, S.L. - CENTROS DE INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L.	72,50
6º	UTE DESSA URBANISMO SLNE - GARCÍA-ALÉN ASESORES, S.L.	64,33
7º	XEDEGA S. COOP.	41,02

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 2.161,94 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80% - PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

12(439).- PROPOSTA DE INADMISIÓN RECURSO INTERPOSTO POR SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L. CONTRA O PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MONITORES E ESTACIÓNS DE TRABALLO. EXPTE. 8364/113.

Visto o informe de data 30/04/18 da xefa do Servizo de Contratación no que manifesta que neste asunto non parece necesario a emisión do informe preceptivo regulado no RD 128/2018, dáse conta do informe-proposta do 16/04/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, e a xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRL-CSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto do 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil (CC)
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto do subministro de monitores e estacións de traballo (8.364-113) (PPT)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante procedemento aberto do subministro de monitores e estacións de traballo (8.364-113) (PCAP)

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- O 28 de decembro de 2017, a Xunta de Goberno local, aprobou o expediente de contratación do subministro de monitores e estacións de traballo, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e o gasto e acordou a apertura do procedemento de contratación.

A licitación foi obxecto de publicación nos seguintes medios:

- No perfil de contratante, o 10 de xaneiro de 2018
- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, o 18 de xaneiro de 2018
- No Diario Oficial de Galicia, o 22 de xaneiro de 2018

Rematando o prazo de presentación de ofertas o 6 de febreiro de 2018.

Durante este prazo presentaron ofertas os seguintes licitadores:

1. TEKNOSERVICE, S.L.
2. TELINCO INFORMÁTICA, S.L.
3. PAZ DISMAC, S.L.
4. TKT SERVICIOS INFORMÁTICOS, S.L.
5. SOLUTIA INNOVAWORLD TECHNOLOGIES, S.L.



Concello de Vigo

Segundo.- Na sesión que tivo lugar o 12 de febreiro de 2018 a Mesa de contratación do Concello de Vigo procedeu á apertura do sobre A “*documentación persoal*”, admitindo a todos os licitadores presentados.

Na mesma sesión abriuse o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” do procedemento de referencia e solicitouse informe de valoración ao Servizo de Administración Electrónica. Este informe, asinado o 27 de febreiro de 2018, foi entregado á Mesa na sesión do 2 de marzo, na que se aceptou

Terceiro.- Con data do 8 de marzo de 2018, D. Javier Pérez Lorenzo, en representación de SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L. interpón “*recurso especial en materia de contratación*”. Aínda que o escrito do recurso non o indica expresamente parece que o recurso se interpón contra o prego de prescricións técnicas particulares e contra as puntuacións resultantes da valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor ao manifestar “*analizando as ofertas das 5 empresas, detectamos que ou non cumpren as especificacións técnicas ou non dan información sobre os ítems a valorar para evitar comprobacións*” e solicita “*en caso de incumprimento da empresa TELINCO sexa declarado deserto por non cumprir ningunha das empresas presentadas co prego de prescricións técnicas*”.

Cuarto.- Na sesión da Mesa de Contratación do 9 de marzo de 2018 abriuse o sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores admitidos licitación e solicitouse informe ao Servizo de Administración Electrónica, que foi emitido o 4 de abril de 2018. A Mesa de Contratación, na sesión do 9 de abril, aceptou o anterior informe e acordou excluír a TEKNOSERVICE, S.L., por exceder o orzamento base de licitación (cláusula 13.5C do PCAP).

Quinto.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 9 de abril de 2018 tomou razón da exclusión acordada pola Mesa, clasificou aos licitadores admitidos a este procedemento e requiriu ao primeiro clasificado, TELINCO INFORMÁTICA, S.L., a documentación esixida polo artigo 151.2 TRLCSP.

Sexto.- O 4 de abril de 2018 o xefe do Servizo de Administración Electrónica emitiu informe en relación co recurso presentado por D. Javier Pérez Lorenzo, en representación de SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

-I-

Obxecto do recurso de reposición

Son obxecto desta impugnación o prego de prescricións técnicas particulares e as puntuacións resultantes da valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor.

-II-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

A lexislación de contratos (artigos 40 a 49 TRLCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 40.1 TRLCSP.

Son susceptibles de recurso especial en materia de contratación, entre outros, os contratos de subministrados suxeitos a regulación harmonizada (artigo 40.1a) TRLCSP). Atendendo ao valor estimado deste contrato, non está suxeito a regulación harmonizada e, consecuentemente, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación. Así o indica o apartado 1.I do Anexo I -FEC- do PCAP.

No entanto, segundo o artigo 115 da LPAC *"o erro ou a ausencia da cualificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter"*.

Neste caso, á vista das alegacións formuladas no escrito de interposición, estaríamos ante un recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno local do 28 de decembro de 2017 de aprobación do prego de prescricións técnicas particulares e ante un recurso de alzada contra o acordo da Mesa de Contratación do 9 de abril de 2018 polo que se aceptou o informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor.

Analizaremos a continuación se concorren os requisitos para a súa admisión, ou pola contra, concorre unha causa de inadmisión.

Son causas de inadmisión dos recursos administrativos (artigo 116 LPAC):

- Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración Pública
- Carecer de lexitimación o recorrente
- Trátase dun acto non susceptible de recurso
- Transcorrer o prazo para a interposición do recurso
- Carecer o recurso manifestamente de fundamento

En ambos casos, recurso de alzada e de reposición, haberá que ter en conta as regras xerais en materia de lexitimación, segundo as cales podería interpoñer recurso ordinario calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos se viran prexudicados ou poidan resultar afectados polos actos obxecto de recurso (artigo 4.1.a LPAC). Pois ben, o recorrente non se presentou a esta licitación polo que non é titular de tales dereitos ou intereses. Isto é, non ten lexitimación para interpoñer recurso ningún, nin de alzada nin de reposición.

En consecuencia, concorrendo unha das causas de inadmisión previstas no artigo 116 da PAC non procede a admisión do recurso.

No entanto, co obxecto de aclarar os motivos expostos polo recorrente no seu escrito, solicítase informe do Servizo de Administración Electrónica que se transcribe a continuación:



Concello de Vigo

"Descrición do recurso"

En data 08/03/2018 a empresa Software y Comunicaciones MARKA" achegou un recurso respecto as ofertas presentadas polos licitadores que concorriron o contrato Exp 8364-113 para adquisición de monitores, equipos de ofimática e equipos CAD.

- Respecto a oferta presentada por **TenkoService** indica que o procesador non cumpre a velocidade mínima esixible e esta non pode ser acadada mediante overclokng polo fabricante.
- Respecto a oferta presentada por **DISMAC** indica que o procesador non cumpre a velocidade mínima esixible e esta non pode ser acadada mediante overclokng polo fabricante e a placa base ofertada ten o formato Micro ATX
- Respecto a oferta presentada por **Solutia** a placa base ofertada ten o formato Micro ATX.
- Respecto a oferta presentada por **TKT** a placa base ofertada ten o formato Micro ATX.
- Respecto a oferta presentada por **TELINCO** non se indica modelo e marca do procesador ni da placa base.

Exposición de motivos

En primeiro lugar facer constar que MARKA non ostenta a condición de licitador neste contrato.

Con respecto ao overclokng mencionado nos puntos 1 e 2:

Neste concurso á hora de realizar as valoracións primou o principio de libre concurrencia. Se ben é certo que na páxina web dos fabricantes dos ditos procesadores non se apunta a posibilidade de overclokng, este servizo atopou documentación técnica que indica que ditos procesadores si que permiten overclokng e a velocidade obtida mediante esta práctica supera a mínima pedida no PPT, como se pode comprobar por exemplo nos seguintes enlaces:

- <https://www.scan.co.uk/products/intel-core-i3-7100-s-1151-kaby-lake-dual-core-4-thread-39ghz-3mb-cache-1100mhz-gpu-51w-cpu-box?v=c>
- <https://www.xataka.com.mx/componentes-de-pc/biostar-hyperoc-tambien-nos-deja-hacer-overclock-en-procesadores-intel-skylake-sin-k>

Respecto aos puntos 2, 3 e 4, en relación á placa base:

As condicións expostas no punto 2.1.b do PPT establecen un número mínimo de equipos e unhas características mínimas. Estas características comprenden: o procesador, a placa, os discos duros, a tarxeta gráfica, a memoria RAM, a tarxeta de Rede, teclado e caixa, e portos E/S. A valoración en canto a características ten en conta as melloras de rendemento, no global da oferta, respecto das mínimas especificadas.

No caso concreto do formato de placa base ITX, este formato non presenta un mellor ou peor rendemento respecto dos outros formatos (se ben o prezo deste tipo de placas pode ser superior ás ATX ou Micro ATX) polo que se ten en conta á hora de realizar as valoracións das ofertas presentadas. Como xa se indicou antes, o que se pide

é un conxunto de mínimos, por iso, no relativo ao rendemento non poden ser descartadas as propostas de placas ATX ou Micro ATX.

Con respecto ao punto 5, o licitador TELINCO, presentou un escrito de aclaracións á oferta presentada inicialmente, que contén a seguinte información:

PROCESADOR

AMD Athlon II X4 880K(AD880KXBJCSBX)

Tipo :AMD Athlon II X4 880K Número de núcleos Quad-Core Caché 4 MB

Detalles de memoria caché: L2 - DDR3 SDRAM - 4 MB L1 - DDR3 SDRAM - 256 KB Cantidad de procesadores 1 Velocidad reloj 4 GHz Velocidad turbo máx. 4.2 GHz

Zócalo de procesador compatible: Socket FM2+

Proceso de fabricación: 28 nm

Potencia de diseño térmico: 95 W

Especificación térmica: 72.4 °C

<https://products.amd.com/en-us/search/CPU/AMD-Athlon%E2%84%A2/AMD-Athlon%E2%84%A2-X4/880K-with-Near-Silent-Thermal-Solution/138>

PLACA BASE

ASROCK FM2A88X-ITX+

- A-Style : ASRock Cloud, HDMI-In
- Soporte para procesadores con Socket FM2+ 95W / FM2 100W
- Diseño Capacitador Premium Gold
- Soporta DDR3~(DDR4)* 2400+(OC) Dual Channel
- 1 x PCIe 3.0 x16, 1 x Medio / Completo (mSATA) mini-PCIe
- Soporta AMD Dual Graphics
- Opciones de salida gráficas : D-Sub, DVI-D, HDMI
- Soporta Triple Monitor
- Audio 7.1 CH HD con protección de contenido (Realtek ALC1150 Audio Codec).
- Compatibilidad Conexión DTS
- Amplificador de Auriculares Premium TI® NE55532 (soporta auriculares de hasta 600 Ohms)
- 6 x SATA3, 1 x eSATA, 4 x USB 3.1 Gen1 (2 Frontales, 2 Traseros), 8 USB 2.0
- Soporta A-Tuning, XFast 555, X-Boost, Easy Driver Installer, FAN-Tastic Tuning, USB Key
- WLAN : 1 x 2T2R Dual-Band WiFi 802.11n + BT v4.0 Module + 1 x Antena ASRock WiFi 2.4/5GHz

<https://www.asrock.com/mb/AMD/FM2A88X-ITX+/index.es.asp#Specification>

(*) - Soporta Intel® Extreme Memory Profile (XMP) 1.3 / 1.2

- Soporta Tecnología de perfiles de memoria AMD (AMD Memory Profile Technology, AMP) a AMP 2400

En esta placa soporta en memoria OC(overclocking) y XMP**

La memoria suministrada para la misma sería

KHX2400C11D3K4/8GX

https://www.kingston.com/dataSheets/KHX2400C11D3K4_8GX.pdf

Esta memoria debido a su velocidad y baja latencia, es muy superior a una memoria DDR4, de entre las que se podría haber ofertado, como por ejemplo

Crucial 4GB DDR4-2400 UDIMM

CT4G4DF5824A : DDR4 PC4-19200 • CL=17 • Single Ranked • x8 based • Unbuffered • NON-ECC • 1.2V • 512Meg x 64 •

Rendimiento memoria suministrada: 2400MHz /CL9 : 266

Rendimiento memoria comercial DDR4: 2400MHz/CL17: 141

Por lo que en este caso DDR3 > DDR4

(**)Intel® Extreme Memory Profile (Intel® XMP) hace que la memoria trabaje más duro

Intel® Extreme Memory Profile (Intel® XMP) te permite hacer overclocking de la RAM y la memoria DDR3/DDR4 compatible para mejorar las características de videojuegos integradas en los ordenadores equipados con Intel Inside®. Consigue esa ventaja extra que necesitas para dominar¹.

<https://www.intel.es/content/www/es/es/gaming/extreme-memory-profile-xmp.html>

Grafica:

Se suministra grafica:

Vga Msi Gt 710 2Gb Ddr3 Lp Pasiva

GT 710 2GD3H LP

<https://es.msi.com/Graphics-card/GT-710-2GD3H-LP/Specification>

Da análise do documento presentado extraese a conclusión de que esta oferta reúne as condicións de esixencias mínimas expostas no punto 2.1.b do PPT que deben cumprir as estacións de traballo".

-III-

Acordo

O órgano competente para a resolución dos recursos, tanto de alzada como de reposición, é a Xunta de Goberno local (artigo 121.1 e 123.1 da LPAC).

En base ao anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO**:

"Inadmitir o recurso interposto o 8 de marzo de 2018 por D. Javier Pérez Lorenzo, en representación de SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L. no procede-



Concello de Vigo

mento aberto para a contratación do subministro de monitores e estacións de traballo (8.364-113)".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(440).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MONITORES E ESTACIÓNS DE TRABALLO. EXPTE .8364/113.

Visto o informe de fiscalización do 27/04/18, dáse conta do informe-proposta de data 26/04/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 26 de abril de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

c) Procedemento aberto para a contratación monitores e estacións de traballo (8.364-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación monitores e estacións de traballo (8.364-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 9 de abril de 2018, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de abril de 2018, de TEKNOSERVICE, S.L. por exceder a súa proposición económica o orzamento base de licitación (cláusula 13.5C do PCAP).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de monitores e estacións de traballo (8.364-113) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	TELINCO INFORMÁTICA, S.L.	94,44

2	TKT SERVICIOS INFORMÁTICOS, S.L.	86,64
3	PAZ DISMAC, S.L.	36,28
4	SOLUTIA INNOVAWORLD TECHNOLOGIES, S.L.	31,57

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELINCO INFORMÁTICA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 962,28 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELINCO INFORMÁTICA, S.L., o día 13 de abril de 2018, que presenta a documentación requirida o 24 de abril, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 26 de abril de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TELINCO INFORMÁTICA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).



Concello de Vigo

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TELINCO INFORMÁTICA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 27 de febreiro e 4 de abril de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a TELINCO INFORMÁTICA, S.L., o procedemento aberto para a contratación monitores e estacións de traballo (8.364-113) por un importe total de 80.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.884,30 euros e coas seguintes condicións:

- a) Prezo unitario total para as estacións de traballo ofimática de 355,74 euros (importe do IVE de 61,74 euros).*
- b) Prezo unitario para os monitores de 153,67 euros (importe do IVE de 26,67 euros).*
- c) Prezo unitario para as estacións de traballo para CAD de 771,98 euros (importe do IVE de 133,98 euros).*
- d) Propón un incremento de 12 meses do prazo de garantía, facendo un total de 60 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(441).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 3725/321.

Visto o informe de fiscalización do 27/04/18, dáse conta do informe-proposta do 26/04/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 26 de abril de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11. Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 12 de abril de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 20 de marzo de 2018, da empresa EXTERNA SERVICIOS GENERALES DE EMPRESA, S.L. por non axustarse a súa proposición avaliable mediante xuízo de valor ao prego de prescricións técnicas (cláusula 13.5c do prego de cláusulas administrativas particulares).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321) na seguinte orde descendente:



Concello de Vigo

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL	Clasificación orde descendente
Tercera.-	UTE INTEGRA MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRA MGSII CEE, S.L.	81,77	1
GALICIA	EULEN CEE, S.A.	82,55	2
a Contratar desde o seguinte día e haber no que recibida o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP).	1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.	80,40	3
	2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).	74,32	5
	3. Resposta de garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.	71,16	7
	SERVICIOS SECURITAS S A	70,75	8
Cuarto.-	LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS DE SERVICIOS Y MANTENIMIENTO INTEGRAL S.L.	67,44	9
dos anuncios de licitación."	ATLAS SERVICIOS EMPRESARIALES SA	66,76	10
	DIMOBA SERVICIOS, S.L.	60,46	11
Segundo.-	MANPOWER BUSINESS SOLUTIONS, S.L.U.	40,17	12
	SALZILLO SERVICIOS INTEGRALES S.L.U.	32,82	13
	UTE INTEGRA MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRA MGSII CEE, S.L., o día 13 de abril de 2018, que presenta a documentación requirida o 23 de abril, dentro do prazo concedido.		

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 26 de abril de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE INTEGRA MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRA MGSII CEE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE INTEGRA MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRA MGSII CEE, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 14 de marzo e 5 de abril de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a UTE INTEGRRA MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRRA MGSÍ CEE, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 544.011,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 94.415,23 euros.*
- b) Propón un incremento de 4.000 horas anuais de apertura dos centros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(442).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA CAMILO JOSÉ CELA. EXPTE.4962/440.

Visto o informe de fiscalización do 27/04/18, dáse conta do informe-proposta do 26/04/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 25 de abril de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

- a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Camilo José Cela (4.962-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Camilo José Cela (4.962-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 9 de abril de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Camilo José Cela (4.962-440) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	95,43
2	C. D. INDEPO, S.L.	93,70
3	HIDROMIÑO, S.L.	92,68
4	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	92,65
5	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	92,48
6	ORESA, S.L.	92,19
7	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,27
8	NAROM, S.L.	89,61
9	EXPLOTACIONES MEDIAMBIENTALES, S.L.U.	89,48
10	COPCISA, S.A.	88,48
11	ORECO, S.A.	86,89
12	EXCAV. Y CONSTRUCC. MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	86,45
13	CALDEVERGAZO, S.L.	79,47
14	ELSAMEX, S.A.	36,47

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 816,54 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o día 12 de abril de 2018, que presenta a documentación requirida o 20 de abril, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de abril de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 15 de marzo e 5 de abril de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Camilo José Cela (4.962-440) por un importe total de 485.429,02 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 84.248,01 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(443).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACRC DESESTIMANDO O RECURSO ESPECIAL PRESENTADO POR ALCOR SEGURIDAD, S.L. CONTRA OS PREGOS DA LICITACIÓN PARA CONTRATAR, POR PARTE DO CONCELLO DE VIGO, OS SERVIZOS DE “VIXIANCIA E SEGURIDADE DE CEDRO E UBAS. EXPTE. 149705/301.

Dáse conta da proposta de data 30/04/18, asinado pola xefa do servizo de Contratación, que di o seguinte:

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 382/2018 Do Tribunal Administrativo Central De Recursos Contractuales (TACRC), recaída no recurso nº 337/2018, interposto por Dna. María Susana Rodríguez Álvarez, en representación de ALCOR SEGURIDAD, S.L. contra os pregos da licitación para contratar, por parte do concello de Vigo, os servizos de “Vixiancia e seguridade de CEDRO e UBAS”, expediente 149705-301. Na mesma o TACRC desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

Primeiro. Inadmitir o recurso interposto por Dna. María Susana Rodríguez Álvarez, en representación de ALCOR SEGURIDAD, S.L. contra os pregos da licitación para contratar, por parte do concello de Vigo, os servizos de “Vixiancia e seguridade de CEDRO e UBAS”, por referirse a un contrato non susceptible de recurso especial.

Segundo. Declarar que non se aprecia a concorrencia de mala fe ou temeridade na interposición do recurso, polo que no procede a imposición dla sanción prevista no artigo 47.5 do TRLCSP.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

17(444).- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR DA. ALEXANDRA ABALO VALDERRAMA NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO E SOPORTE DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS PROPIEDAD DO CONCELLO. 2018-2019. EXPTE. 8280/113.

Visto o informe de data 30/04/18 da xefa do Servizo de Contratación no que manifesta que neste asunto non parece necesario a emisión do informe preceptivo regulado no RD 128/2018, dáse conta do informe-proposta do 16/04/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, e a xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto do 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil (CC)
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto dos servizos de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do Concello de Vigo (PPT)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante procedemento aberto dos servizos de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do Concello de Vigo (PCAP)

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- O 30 de novembro de 2017, a Xunta de Goberno local, aprobou o expediente de contratación dos servizos de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do Concello de Vigo, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e o gasto e acordou a apertura do procedemento de contratación.

A licitación foi obxecto de publicación nos seguintes medios:

- No perfil de contratante, o 14 de decembro de 2017
- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, o 20 de decembro de 2017
- No Diario Oficial de Galicia, o 20 de decembro de 2017

Rematando o prazo de presentación de ofertas o 4 de xaneiro de 2018.

Durante este prazo presentaron ofertas os seguintes licitadores:



Concello de Vigo

1. AULA INFORMÁTICA DE GALICIA
2. EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L.

Segundo.- Na sesión que tivo lugar o 8 de xaneiro de 2018 a Mesa de contratación do Concello de Vigo procedeu á apertura do sobre A “*documentación persoal*”, admitindo a todos os licitadores presentados.

Na mesma sesión abriuse o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” do procedemento de referencia e solicitouse informe de valoración ao Servizo de Administración Electrónica. Este informe, asinado o 23 de xaneiro de 2018, foi entregado á Mesa na sesión do 29 de xaneiro, na que se aceptou e acordouse “*excluir deste procedemento a oferta formulada pola mercantil EVELB Técnicas y Sistemas por non acadar o umbral don 50% da puntuación máxima no criterio de xuízo de valor relativo á organización dos medios persoais, cuantificado en 5 puntos*”. Este acordo foi notificado a EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L. o 1 de febreiro de 2018.

Terceiro.- Na sesión da Mesa de Contratación do 1 de febreiro de 2018 abriuse o sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” do único licitador admitido e non excluído nesta licitación. Ao haber un único licitador a Mesa outorgoulle a máxima puntuación ao abeiro do disposto na cláusula 15.3 do PCAP e formulou proposta de clasificación ao órgano de contratación a favor de AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L. Esta proposta foi aprobada pola Xunta de Goberno local o 8 de febreiro de 2018. O acordo foi notificado a AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L. ao día seguinte.

Cuarto.- O 14 e 22 de febreiro de 2018 D. Marcos Manuel Fontans Sebe, en representación de EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L. compareceu na oficina de Contratación para ver o expediente.

Quinto.- Presentada a documentación polo licitador clasificado, a Mesa de Contratación formulou proposta de adxudicación na sesión que tivo lugar o 19 de febreiro de 2018. Esta proposta foi aprobada pola Xunta de Goberno local o 1 de marzo de 2018. O acordo foi notificado aos dous licitadores presentados a esta licitación o 2 de marzo.

Sexto.- Con data do 2 de marzo de 2018 D^a. Alexandra Abalo Valderrama en representación de EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L., interpón recurso de alzada contra o acordo da Mesa de Contratación do 29 de xaneiro de 2018 polo que se lle excluía neste procedemento (escritos con Rexistro de entrada nº 180032287 e 180032288 co mesmo contido).

Sétimo.- Nas datas 6 e 7 de marzo de 2018 formalizouse o contrato, cuxas prestacións se iniciaron o día 8.

Oitavo.- Para os efectos de dar cumprimento á esixencia do artigo 118.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con data do 14 de marzo de 2018 deuse audiencia ao outro licitador admitido neste procedemento.

Noveno.- O 14 de marzo de 2018 solicitouse informe do Servizo de Administración Electrónica en relación co recurso interposto.

Décimo.- O 2 de abril de 2018 emitiuse informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

-I-

Obxecto do recurso de reposición

É obxecto da presente impugnación o acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o día 29 de xaneiro de 2018, polo que exclúe a EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L. deste procedemento.

-II-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

O recurso de alzada é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra as resolucións e actos aos que se refire o artigo 112.1 da LPAC, cando non poñan fin á vía administrativa.

En primeiro lugar, cómpre analizar se concorren neste recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a súa admisión, ou pola contra, concorre unha causa de inadmisión.

Son causas de inadmisión dos recursos administrativos (artigo 116 LPAC):

- Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración Pública.
- Carecer de lexitimación o recorrente.
- Trátase dun acto non susceptible de recurso.
- Transcorrer o prazo para a interposición do recurso.
- Carecer o recurso manifestamente de fundamento.

En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles de recurso de alzada as resolucións e actos aos que se refire o artigo 112.1 da LPAC, cando non poñan fin á vía administrativa (artigo 121.1 LPAC):

Así mesmo, o recurso deberá fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da LPAC (artigo 112.1 LPAC).

Son nulos de pleno dereito os seguintes actos administrativos (artigo 47.1 LPAC):

- Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.



Concello de Vigo

- Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.
- Os que teñan un contido imposible.
- Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se ditén como consecuencia desta.
- Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.
- Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para o seu adquisición.
- Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal.

Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder (artigo 48.1 LPAC). Con dúas excepcións:

- O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin, ou de lugar á indefensión dos interesados (artigo 48.2 LPAC).
- A realización de actuacións administrativas fora do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do término ou prazo (artigo 48.3 LPAC).

No caso que nos ocupa, dado que os acordos da Mesa de Contratación non poñen fin á vía administrativa, por ter superior xerárquico (a Xunta de Goberno local), procede a interposición dun recurso de alzada (artigo 121 LPAC).

Non concorre no mesmo ningunha das causas de nulidade previstas no artigo 47 da LRJAP, en consecuencia, hai que deducir que o recorrente impugna o acordo amparándose na súa suposta anulabilidade.

En canto aos **requisitos subxectivos**, dado que a lei non establece requisitos especiais para recorrer en alzada, hai que estar ás regras xerais en materia de lexitimación. Así, poderá recorrer en alzada calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos se viran prexudicados ou poidan resultar afectados polos actos obxecto de recurso (artigo 4.1.a LPAC). En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación a EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L. por ser titular de dereitos ou intereses lexítimos na súa calidade de licitador.

Respecto aos **requisitos formais**, a lei determina que o recurso poderá interperse ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo (artigo 121.2 LPAC). O recurso interponse directamente ao órgano competente para resolvelo, a Xunta de Goberno local.

Esixe o artigo 115.1 da LPAC que o escrito de interposición do recurso exprese as seguintes circunstancias:

- O nome e apelidos do recorrente, así como a súa identificación persoal
- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación
- Lugar, data, firma do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinale para os efectos de notificacións
- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe e o seu correspondente código de identificación
- As demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas

Circunstancias que concorren neste caso.

Respecto os **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo para a interposición do recurso de alzada dun mes, se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 122.1 LPAC). A notificación electrónica do acordo recorrido foi enviada o 9 de febreiro de 2018 ao interesado, quen non se fixo cargo da notificación. Dado que o escrito de interposición se presentou o 2 de marzo de 2018, enténdese que o recurso foi interposto en prazo.

Tendo en conta que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei procede a súa admisión e deberá resolverse sobre o seu fondo.

-III-

Tramitación do recurso

En relación coa tramitación do recurso, a lei límitase a establecer un **trámite de audiencia**, no que os interesados poderán formular alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen procedentes.

Este trámite de audiencia procederá (artigo 118 LPAC) nos seguintes casos:

- Cando teñan que terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario (artigo 118.1 LPAC).
- Se houbese outros interesados (artigo 118.2 LPAC).

En base ao anterior, deuse audiencia ao outro licitador presentado a este procedemento, mediante escrito enviado o 14 de marzo de 2018, para que puidese alegar o que estimase pertinente.

Durante o prazo concedido, non se presentaron alegacións.

Respecto á **resolución do recurso**, a lei establece que deberá estimar en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas ou ben declarar a súa inadmisión (artigo 119.1



Concello de Vigo

LPAC). É competente para resolver o recurso de alzada o superior xerárquico do órgano que ditou o acordo, quen decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, expoña o procedemento, sexan ou non alegadas polos interesados. Neste último caso oíráselles previamente. No entanto, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 119.3 LPAC).

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será de tres meses (artigo 122.2 LPAC).

-IV-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

Alega o recorrente os seguintes motivos de impugnación:

- **“Acordo da Mesa de Contratación recorrido” - Falta de xustificación da exclusión da proposición:**

Alega a recorrente *“carece de toda xustificación a exclusión da proposición formulada por EVELB Técnicas y Sistemas, S.L. ao axustarse en todos os seus termos aos extremos sinalados nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, correspondéndolle en todo caso unha valoración no referente á organización dos medios persoais disposta na súa proposición superior á obtida”*.

A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 29 de xaneiro de 2018, tras a aceptación do informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica do 23 de xaneiro de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*, motivou a exclusión de EVELB Técnicas y Sistemas *“por non acadar o umbral don 50% da puntuación máxima no criterio de xuízo de valor relativo á organización dos medios persoais, cuantificado en 5 puntos”*, ao abeiro do previsto no apartado 8A do Anexo I- FEC- do PCAP, que se transcribe a continuación:

“8. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:

1.- Plan de desenvolvemento do proxecto: valorarase con ata 10 puntos

O Plan de desenvolvemento do proxecto incluírá a descrición de cada unha das fases, subfases e os recursos adicados ó mesmo, de acordo coa documentación requirida na cláusula 5 das PPT.

2.- Organización dos medios persoais: valorarase con ata 10 puntos

Valorarase a organización e metodoloxía de traballo do equipo proposto para este proxecto, así como, que a experiencia dos seus integrantes sexa superior á esixida no apartado 6.D desta FEC.

*Fíxase un **umbral mínimo de puntuación**: serán excluídas do proceso de licitación as ofertas que non acaden na puntuación dos criterios de xuízo de valor o 50 % da puntuación máxima de cada un deles, por considerarse que teñen unha calidade técnica inadecuada*.

Segundo o informe de valoración do sobre B, publicado no perfil de contratante, o recurrente obtivo 3 puntos pola valoración da *Organización dos medios persoais*. Ao preverse un umbral mínimo de puntuación para cada un dos criterios, o recurrente tiña que obter un mínimo de 5 puntos por este criterio. Ao obter 3 puntos, en aplicación do PCAP considérase unha oferta con *calidade técnica inadecuada*.

En base ao anterior, a Mesa de Contratación motivou suficientemente o acordo de exclusión. No entanto, parece que o recurrente discrepa da puntuación outorgada no informe de valoración do Sobre B ao dicir "*correspondéndolle en todo caso unha valoración no referente á organización dos medios persoais disposta na súa proposición superior á obtida*", se ben esta cuestión está relacionada coa segunda das alegacións, polo que se tratará a continuación.

- **“Exclusión do proceso de licitación da proposición presentada por EVELB Técnicas y Sistemas, S.L.” - Disconformidade coa puntuación obtida polo criterio “organización dos medios persoais”**

O recurrente discrepa da puntuación outorgada por este criterio (3 puntos) e rebate a valoración realizada polo xefe do Servizo de Administración Electrónica no seu informe do 23 de xaneiro de 2018 ao afirmar:

- *“da somera lectura dos pregos de contratación e da oferta de EVELB Técnicas y Sistemas, S.L. se desprende que o contido da proposición presentada por esta parte era suficiente e se axustaba ás esixencias establecidas polo órgano de contratación para a formulación das ofertas dos licitadores interesados en participar no presente proceso de contratación, permitindo presupoñerlle á mercantil a capacidade e medios necesarios que garanten a execución do servizo”.*
- que se realizou unha "descrición ampla e detallada das metodoloxías a seguir, que permiten unha organización do traballo adaptada ao servizo obxecto da licitación e á obtención dun produto final constantemente mellorado e actualizado logrando resultados dun xeito eficaz",
- "escápase na oferta de calquera descrición xeneralista pese ao indicado no informe de valoración, facéndose polo contrario unha descrición detallada dos medios persoais e precisando os perfís que formarán o equipo e a experiencia e coñecemento



Concello de Vigo

dos que han dispoñer cada compoñente, facéndose incluso referencia a campos concretos xunto coas tarefas que terán ao seu cargo".

A este respecto cómpre indicar que os actos da Administración Pública non poden ser postos en tea de xuízo en base a meras conxecturas, senón que é preciso que, quen os discuta, achegue argumentos ou principios de proba que acrediten, sequera sexa de forma indiciaria, que o órgano de contratación actuou de forma non razoable, ou con algún grao de arbitrariedade. A doutrina dos Tribunais Administrativos de Recursos Contractuais nesta materia é abundante e reiterativa, como ben sinala a recorrente no seu escrito. No entanto, a recorrente límitase a discrepar coa puntuación sen achegar os argumentos necesarios para poñer en entredito a referida puntuación.

Transcríbese a continuación o informe emitido polo xefe do Servizo de Admiministración Electrónica de data 2 de abril de 2018 en resposta ao recurso presentado:

"O prego de prescipcións técnicas do contrato "SERVIZO DE MANTEMENTO DE SOFTWARE DES-ENVOLVIDO INTERNAMENTE (2018-2019)" (expediente 8280-113), fai unha enumeración das ferramentas informáticas con que están construídas as aplicacións así como a lóxica de negocio á que se adican as mesmas. Esta descrición considérase fundamental para encadrar a contorna tecnolóxica e o ámbito de xestión das aplicacións, sendo importante tanto a ferramenta tecnolóxica que da o soporte, por ter características especiais ou non ser de uso xeralizado, como o ámbito de negocio que xestionan as aplicacións, é dicir, a súas funcionalidades.

Na descrición do proxecto que se presenta, como documentación técnica do contrato, non se especifica ningunha das ferramentas utilizadas nin tampouco o obxecto da xestión de ningúnha das aplicacións. Da lectura do proxecto non é posible deducir o ámbito nin das ferramentas finais, referidas á programación e o seu contorno, que se van a utilizar, nin do seu obxecto de negocio. O proxecto pode servir para xestionar o mantemento dunha aplicación que soporte en VisualBasic a xestión dunha tenda de roupa, unha páxina web en php, unha app para móbil con Ionic, o ERP dunha unidade de produción ou calqueira outra cousa. Nen tan sequera se pode inferir o sector sobre o que se vai desenvolver o proxecto. É dicir, serve para todo ou para nada. Da lectura do proxecto presentado, un terceiro dificilmente sería capaz de deducir que se trata dun proxecto para o sector público, con usos relacionados coa xestión económica, social e organizativa e que utiliza ferramentas integradas cun particular xestor de base de datos con pouca difusión comercial.

Con respecto á posta en marcha, o límite do período de adaptación marca o comenzo da prestación do servizo contratado. Enténdese que o contratista pode necesitar un período de adaptación, cando menos, para construír a súa contorna de desenvolvemento e adaptar os programas obxecto do contrato a esa contorna. Ao igual que o resto do proxecto, tanto a duración, que pode ser inferior á solicitada, como os recursos ou necesidades técnicas que precisen dese período de adaptación, son elementos a ter en conta de cara a valorar a calidade do servizo que se vai prestar.

No informe de valoración de criterios subxetivos adicado aos medios materiais non se cuestiona o compromiso do licitador cos criterios especificados no PPT, só se fai unha valoración do equipo aportado polo licitador con respecto as características particulares do proxecto que se solicita.

A parte de descrición do equipo de traballo, ao igual ca o resto do proxecto, é xeneralista: fala de equipos e perfís sen concretar nin número nin características de coñecemento específicas relacionadas co proxecto. Na documentación achegada, respecto á asignación de cargas de traballo, non se poden extraer conclusións sobre as capacidades dos integrantes con respecto ao alcance do contra-

to, nin no relacionado coas lóxicas de negocio nin no relacionado coas ferramentas tecnolóxicas nas que están desenvolvidas as aplicacións a manter. O mais próximo a unha información obxectiva que se amosa é unha táboa de porcentaxes referidas aos perfís e que definen como “estimación porcentual dos recursos humanos intervinientes en cada unha das fases”, da que non se pode extraer ningunha conclusión xa que as sumas porcentuais das cargas de traballo, en moitos casos, tanto en fases como en tarefas e en perfís, suman mais do 100% dos recursos.

Equipo de desenvolvemento, no que se inclúen:

- RP: responsable do proxecto
- AN: analista
- DE: programador
- DI: deseñador



Concello de Vigo

Dirección

Tarefas	Perfis			
	RP	AN	DE	DI
Dirección, seguimento e control de calidade	100%	100%	25%	25%
Documentación xeral	25%	25%	100%	25%

Fase 1 - Fase de adquisición de coñecementos

Tarefas	Perfis			
	RP	AN	DE	DI
Obtención de coñecemento sobre os sistemas	100%	100%	100%	0%
Creación do plan de traballo	100%	100%	100%	0%

Fase 2 – Fase de prestación do servizo

Tarefas	Perfis			
	RP	AN	DE	DI
Estudo dos desenvolvementos a realizar e impacto dos mesmos	100%	100%	100%	0%
Análise e deseño das modificacións	100%	100%	100%	10%
Elaboración do plan de probas	0%	100%	100%	0%
Desenvolvemento	10%	50%	100%	50%
Implantación da modificación	50%	50%	100%	0%

Actualización e carga dos datos afectados	10%	10%	100%	0%
Formación	10%	0%	100%	0%
Actualización da documentación	10%	10%	100%	0%

Fase 3 – Fase de devolución do servizo

Tarefas	Perfis			
	RP	AN	DE	DI
Elaboración plan de entrega servizo	50%	100%	100%	0%
Actualización de documentación	0%	20%	100%	25%
Entrega do servizo	20%	20%	100%	0%
Formación usuarios	20%	0%	100%	0%

Basta con poñer un exemplo para que o licitador entenda o alcance do contrato. Da análise superficial das aplicacións obxecto do contrato, pódese ver que está o grupo formado por aquelas que dan soporte ao procedemento tributario do Concello de Vigo (Procesos Plusvalías, Rústica, Taxas, Xestión tributaria 4GL, Xestión Municipal de Vehículos). É fácil consultar no Portal de Transparencia Municipal o importe do montante económico que xestionan esas aplicacións (138.723.544€ no ano 2017 e 142.308.038€ no ano 2018) e o seu impacto sobre a cidadanía (preto de 500.000 recibos e mais de 40.000 comunicacións ou notificacións). A complexidade ben determinada polo feito de que ditos programas son a transposición ao mundo informático das Ordenanzas Fiscais aprobadas anualmente, que tamén se poden consultar no portal de transparencia. Este mesmo razoamento podería facerse co grupo de programas que dan soporte a Benestar Social.

Como resumo xeral da proposta realizada polo licitador poderíase dicir que o licitador explica con certo grado de detalle que é o que quere facer pero non como vai facelo.

A vista das razóns expostas considerase que non corresponde atender á reclamación presentado polo licitador”.

A maior abundamento, confunde a recorrente nesta alegación o cumprimento dos requisitos mínimos esixidos polos pregos coa valoración dos criterios de adxudicación.

De feito, refírese á esixencia prevista no apartado 6D do Anexo I -FEC- :

“MEDIOS PERSOAIS:

- **1 Director de proxecto:** licenciado, grado ou enxeñeiro en titulacións relacionadas coas tecnoloxías da información: informática, telecomunicacións, industriais



Concello de Vigo

- **1 Analista programador:** licenciado, grado ou enxeñeiro en titulacións relacionadas coas tecnoloxías da información: informática, telecomunicacións, industriais
- **2 Programadores:** con titulación de F.P. ou ciclo Formativo Superior en informática ou titulación superior relacionada coa materia.

Tanto o analista programador como os programadores deberán contar cunha experiencia mínima de dous anos en:

- *Linguaxes de programación Java, Informix-4GL, Querix e .Net.*
- *Contornas de programación Ontimize.*
- *Bases de datos: Informix, PostgreSQL, Sql Server".*

Pero estes medios persoais son requisitos de solvencia (artigo 64 do TRLCSP) e os licitadores deben, nas súas ofertas, comprometerse a adscribilos ao contrato no suposto de resultar adxudicatarios, sen que en ningún caso sexan obxecto de valoración. Só se pode valorar aquilo que se oferta a maiores do esixido nos pregos.

A propia recorrente manifesta *"podendo comprobarse da documentación do sobre B que se alcanza en todo caso o contido mínimo esixible e que dos seus termos se desprende claramente que por esta parte se garante a dispoñibilidade de todos os medios necesarios para a prestación do servizo nas condicións determinadas polo órgano de contratación"*.

Pois ben, precisamente este contido mínimo esixible é un requisito que se presume que cumpre o licitador, pois na súa declaración responsable (sobre A) comprometeuse a adscribir eses medios ao contrato no suposto de resultar adxudicatario. Non é, pois, obxecto de valoración, polo que non se puido ter en conta na puntuación do sobre B. De feito, se non se cumprisen os requisitos mínimos esixidos a súa proposición sería excluída polo motivo previsto na cláusula 13.5B *"Que non se axuste ao disposto no prego de prescricións técnicas"*.

Como tampouco se poden ter en conta as esixencias que sobre o persoal do contratista se recollen na cláusula 27, que menciona a recorrente no seu escrito. Estas esixencias se prevén para o adxudicatario, polo que pertencen a un momento posterior á fase de valoración, como ben di a recorrente no seu escrito. É por iso polo que estes aspectos non se tiveron en conta no informe de valoración discutido, polo que non se puido valorar que a recorrente alcanzase o "contido mínimo esixible", nin que se "garante a dispoñibilidade de todos os medios necesarios para a prestación efectiva do servizo nas condicións determinadas polo órgano de contratación", pois iso non era o que se ía valorar no criterio "organización dos medios persoais", como así se indicaba no propio PCAP.

Tendo en conta o argumentado e o citado informe do 2 de abril, non se pode ter en conta o alegado pola recorrente.

- **Exclusión arbitraria da proposición**

Alega a recorrente a arbitrariedade na exclusión da oferta limitándose a citar extractos de acordos e resolucións de tribunais administrativos de recursos contractuais nesta materia. Ao contrario do que manifesta, non queda acreditado que o informe de valoración de data 23 de xaneiro de 2018 aplicase criterios arbitrarios.

Cuestiona a recorrente a puntuación outorgada á outra empresa licitadora e afirma que *“realmente o que supón a exclusión da recorrente do proceso de licitación é que unha única empresa supera o umbral fixado no PCAP, derivando o proceso de licitación nunha especie de adxudicación directa que non respectaría os principios da contratación pública”*.

Non parece este un argumento significativo e aplicable ao caso que nos ocupa, tendo en conta que de conformidade co certificado expedido polo Rexistro Xeral o 5 de xaneiro de 2018, a esta licitación só se presentaron dous licitadores, polo que non se pode constatar que a exclusión do recorrente derive nunha *“adxudicación directa que non respectaría os principios da contratación pública”*, como alega o recorrente no seu escrito.

Sorpréndelle á recorrente que a puntuación outorgada no acordo de clasificación á única empresa clasificada, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., sexan 100 puntos, isto é, a máxima puntuación prevista no prego de cláusulas administrativas particulares.

Esa puntuación foi outorgada pola Mesa de Contratación, na súa sesión do 1 de febreiro de 2018, en base á previsión recollida na cláusula 15.3 do PCAP que se transcribe:

“3.- As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais ou desproporcionados de acordo co establecido na cláusula 17 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula”.

En efecto, en aplicación da citada previsión corresponderíanlle 80 puntos a AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L. que sumados aos 10 puntos obtidos pola puntuación da proposición avaliable mediante xuízo de valor farían un total de 90 puntos, en lugar dos 100 puntos que se lle atribúen no acordo de clasificación. No entanto, esta diferente puntuación non varía en absoluto o resultado final, por canto con independencia da puntuación outorgada só hai un licitador clasificado en primeiro lugar. De feito este é o espírito da previsión da citada cláusula 15.3 do PCAP. Se só hai un licitador admitido non ten sentido aplicar as fórmulas por canto, con independencia da puntuación que lle correspondense, só ese licitador pode resultar clasificado.

En base ao anterior, tendo en conta que se seguiron os trámites procedimentais e de competencia, que non se incorreu en erro material que determine un resultado diferente ao acordado e que non resulta constatado que se aplicasen formulacións arbitrarias ou discriminatorias, polo que haberá que respectar a discrecionalidade técnica da Administración (acordos do TACPA 78/2013, 8/2014, e as Resolucións TACRC 908/2014, 431/2013, 209/2013, 176/2011) e, en consecuencia, o resultado da valoración técnica recollida no informe do 23 de xaneiro de 2018, aceptado pola Mesa de Contratación.



Concello de Vigo

-V-

Acordo

O órgano competente para a resolución do recurso de alzada é o órgano superior xerárquico do que ditou o acto recorrido (artigo 121.1 da LPAC).

En base ao anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO**:

"1º.- Admitir o recurso de alzada interposto o 2 de marzo de 2018 por D^a. Alexandra Abalo Valderrama en representación de EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L. no procedemento aberto dos servizos de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do Concello de Vigo (8.280-113).

2º.- Desestimar o citado recurso, polas razóns expostas no fundamento xurídico IV deste informe".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(445).- BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2017/2018. EXPTE. 8251/224.

Visto o informe xurídico do 10/04/18 e informe de fiscalización do 26/04/18, dáse conta do informe-proposta do 10/04/18, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada da Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Este expediente recolle as bases reguladoras e a convocatoria específica para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas que promovan o deporte feminino (licencias femininas en equipos ou en categorías individuais), teñan o seu enderezo social en Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e reúnan os requisitos establecidos nestas bases, co obxecto de contribuír a financiar os gastos ocasionados polo seu funcionamento e a súa actividade deportiva na tempada 2017/2018, ou do ano 2018 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

O deporte é un pilar básico para a saúde e o benestar, tanto físico como psicolóxico, que potencia a estima das persoas que o practican, ao igual que o coñecemento do seu propio corpo, motivando un estilo de vida con hábitos saudables. Asemade, o deporte é un medio para afirmar a personalidade dun xeito integral, que lle aprende a quen o practica cualidades como o liderado, a autosuperación, o compañeirismo e a autoestima. O deporte tamén é un espazo socializador que axuda na prevención de prácticas discriminatorias e violentas e a

súa práctica, en igualdade de condicións para mulleres e homes, repercute nunha sociedade máis igualitaria.

Porén, o acceso e a participación das mulleres ao ámbito deportivo foi tardío e, aínda hoxe, a súa presenza é menor en case todas as modalidades de práctica recreativa, competitiva e/ou profesional, así como en todas as estruturas que conforman o sistema deportivo. Xeralmente, as nenas, a partir dos doce anos de idade, abandonan de xeito preocupante as prácticas deportivas, renunciando aos seus beneficios físicos e psíquicos, nunha idade especialmente importante para formar a personalidade. Como ocorre noutros ámbitos, as mulleres deben superar barreiras e estereotipos que limitan a súa participación no deporte e xeran desigualdade.

No deporte federado a presenza das mulleres e de nenas segue sendo minoritaria producíndose unha clara segregación horizontal e vertical. Esta realidade é patente no ámbito estatal, autonómico e municipal: os datos que reflicten a escasa participación de mulleres e nenas nas entidades deportivas da cidade son semellantes en Galicia e en España, en termos porcentuais. Isto avala que non se trata dunha situación puntual, ou froito do azar, senón que responde a mecanismos de desigualdade directos e indirectos aínda existentes na sociedade.

Tamén é salientable a menor repercusión que ten nos medios de comunicación a participación deportiva e os logros conseguidos por mulleres ou nenas deportistas. As competicións masculinas adoitan contar con maior impacto social, recursos e interese que os realizados por mulleres; esta invisibilización repercute de forma negativa na percepción das deportistas sobre a súa práctica, inflúe tamén minorando a afluencia de público nas competicións femininas; limita o acceso ao financiamento dos propios clubs e equipos con licencias femininas e por último, o feito de ter menos referentes de mulleres deportistas reflectidas nos medios, un dos principais axentes socializadores, obstaculiza o acceso á participación de nenas e mulleres na práctica deportiva.

Todo o exposto confirma que as mulleres non teñen as mesmas oportunidades que os homes neste eido e avala a necesidade de establecer políticas públicas tendentes a corrixir esa situación de desigualdade, axuden a remover estes obstáculos e promovan o acceso, permanencia e promoción das nenas, adolescentes e mulleres na práctica deportiva.

A lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impónlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva de mulleres e homes. No ámbito do deporte, establece no seu artigo 29 que *“todos os programas públicos de desenvolvemento do deporte incorporarán a efectiva consideración do principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución; así como: “o Goberno promoverá o deporte feminino e favorecerá a efectiva apertura das disciplinas deportivas as mulleres, mediante o desenvolvemento de programas específicos en todas as etapas da vida e en todos os niveis, incluídos os de responsabilidade e decisión.”*

A esta finalidade da convocatoria refírense os artigos 25.2 apartado m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 80.2. “n” e “o” da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de adminis-



Concello de Vigo

tración local de Galicia e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Por todo o exposto, o Concello de Vigo, pretende promover o deporte feminino a través do apoio ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres na competición das distintas disciplinas deportivas. No ano 2017, a Concellería de Igualdade, a través da convocatoria de subvencións específica, destinou 27.000 € para esta finalidade e foron beneficiarias desta liña de subvencións un total de 56 entidades deportivas.

Para este mesmo fin, destínase no ano 2018 un crédito máximo de 45.000,00€ que se fará efectivo con cargo á partida específica 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade. As bases e a convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión

Atendendo á instrución 1/2014 de Intervención Xeral en relación á aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa citada Lei 27/2013, este servizo xestor informa de que as actuacións que esta concellería vai realizar baixo este expediente administrativo consisten en actuacións xa establecidas pola concellería de Igualdade en exercicios anteriores e con cargo á mesma partida presupostaria 2311 4890000, tramitando en anos anteriores expedientes similares, sirvan como exemplo as referencias dos seguintes expedientes: 5484/224 do 2012 e 5823/224 do 2013. Polo exposto anteriormente, xustifícase a continuidade que require a norma.

En relación ao cumprimento dos procedementos para a concesión en réxime de concorrencia competitiva establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente considera os principios recollidos no artigo 20 da citada lei e asemade, recolle os mecanismos establecidos na Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a Lei 15/2014 de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa; a lexislación básica do estado en materia do réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o exercicio 2018; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Polo exposto, e previo o preceptivo informe xurídico e de Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Aprobar as Bases reguladoras específicas da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2017/2018 que se incorporan ao expediente.

SEGUNDO: Aprobar o texto da convocatoria de subvencións a entidades deportivas para a promoción do deporte feminino na tempada 2017/2018, e o extracto da mesma, (incorporados ao expediente) que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, en base ó establecido na Resolución do 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

TERCEIRO: Aprobar a autorización de gasto, por importe máximo de 45.000,00€ (corenta e cinco mil euros), que se imputará con cargo á partida presupostaria 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Bases reguladoras específicas da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2017/2018
Expte 8251/224

O deporte é un pilar básico para a saúde e o benestar, tanto físico como psicolóxico, que potencia a estima das persoas que o practican, ao igual que o coñecemento do seu propio corpo, motivando un estilo de vida con hábitos saudables. Asemade, o deporte é un medio para afirmar a personalidade dun xeito integral, que lle aprende a quen o practica cualidades como o liderado, a autosuperación, o compañeirismo e a autoestima. O deporte tamén é un espazo socializador que axuda na prevención de prácticas discriminatorias e violentas e a súa práctica, en igualdade de condicións para mulleres e homes, repercute nunha sociedade máis igualitaria.

Sen embargo, o acceso e a participación das mulleres ao ámbito deportivo foi tardío e, aínda hoxe, a súa presenza é menor en case todas as modalidades de práctica recreativa, competitiva e/ou profesional, así como en todas as estruturas que conforman o sistema deportivo. Xeralmente, as nenas, a partir dos doce anos de idade, abandonan de xeito preocupante as prácticas deportivas, renunciando aos seus beneficios físicos e psíquicos, nunha idade especialmente importante para formar a personalidade. Como ocorre noutros ámbitos, as mulleres deben superar barreiras e estereotipos que limitan a súa participación no deporte e xeran desigualdade.

No deporte federado a presenza das mulleres e de nenas segue sendo minoritaria producíndose unha clara segregación horizontal e vertical. Esta realidade é patente no ámbito esta-



Concello de Vigo

tal, autonómico e municipal: os datos que reflicten a escasa participación de mulleres e nenas nas entidades deportivas da cidade son semellantes en Galicia e en España, en termos porcentuais. Isto avala que non se trata dunha situación puntual, ou froito do azar, senón que responde a mecanismos de desigualdade directos e indirectos aínda existentes na sociedade.

Tamén é salientable a menor repercusión que ten nos medios de comunicación a participación deportiva e os logros conseguidos por mulleres ou nenas deportistas. As competicións masculinas adoitan contar con maior impacto social, recursos e interese que os realizados por mulleres; esta invisibilización repercute de forma negativa na percepción das deportistas sobre a súa práctica, inflúe tamén minorando a afluencia de público nas competicións femininas; limita o acceso ao financiamento dos propios clubs e equipos con licencias femininas e por último, o feito de ter menos referentes de mulleres deportistas reflectidas nos medios, un dos principais axentes socializadores, obstaculiza o acceso á participación de nenas e mulleres na práctica deportiva.

Todo o exposto confirma que as mulleres non teñen as mesmas oportunidades que os homes neste eido e avala a necesidade de establecer políticas públicas tendentes a corrir esa situación de desigualdade que axuden a remover estes obstáculos e promovan o acceso, permanencia e promoción das nenas, adolescentes e mulleres na práctica deportiva.

A lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impónlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. No ámbito do deporte, establece no seu artigo 29 que *“todos os programas públicos de desenvolvemento do deporte incorporarán a efectiva consideración do principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución; así como: “o Goberno promoverá o deporte feminino e favorecerá a efectiva apertura das disciplinas deportivas as mulleres, mediante o desenvolvemento de programas específicos en todas as etapas da vida e en todos os niveis, incluídos os de responsabilidade e decisión.”*

Por todo o exposto, o Concello de Vigo, pretende promover o deporte feminino a través do apoio ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres na competición das distintas disciplinas deportivas. No ano 2017, a Concellería de Igualdade, a través da convocatoria de subvencións específica, destinou 27.000 € para esta finalidade e foron beneficiarias desta liña de subvencións un total de 56 entidades deportivas.

Para este mesmo fin, destínase no ano 2018 un crédito máximo de 45.000,00€ que se fará efectivo con cargo á partida específica 2311 4890000 *“Promoción da igualdade e do deporte feminino”* do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade. As bases e a convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións ao que se refiren as presentes bases responde á finalidade de promover o deporte feminino a través do apoio económico ás entidades deportivas da cidade.

de de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres na competición das distintas disciplinas deportivas (equipos e/ou individuais). Este apoio materializarase en contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento destes clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo, durante a tempada deportiva 2017/2018, ou do ano 2018 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidábel correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas dos equipos con licencias femininas.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes: pagamento de licencias federativas femininas, viaxes, aloxamentos e comidas (concreción de menús), arbitaxes, adestradoras/es, alugueiro de instalacións deportivas, gastos telefónicos, compras de material deportivo, etc. En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva que garden relación directa coa actividade deportiva das xogadoras ao longo da tempada 2017/18, ou do ano 2018 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

Non se valorará como gasto subvencionable o uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo cando ese importe fose tido en conta para xustificar a subvención concedida na convocatoria específica de subvencións do ano 2018 da Concellería de Deportes deste Concello. O servizo de Igualdade solicitará información ao respecto ao servizo de Deportes.

Quedan excluídos como gastos subvencionables os seguintes: a adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, espectáculos, adquisición de patrimonio e/ou investimento e calquera outro gasto que non sexa necesario para a consecución da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 15.000,00€, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

A tempada 2017/2018 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos recabados das respectivas federacións, e a data de inscrición dos equipos ou das deportistas individuais. A tal efecto, o servizo de Igualdade, no informe que se xuntará documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma. O órgano instrutor do procedemento poderá solicitar á Concellería de Deportes tanta información e documentación teña este servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento e valoración dos proxectos e entidades presentadas a esta convocatoria.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 45.000,00 euros (corenta e cinco mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria para o exercicio de 2018: 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.



Concello de Vigo

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do R. d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da lei xeral de subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS.

1. Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que reúnan os seguintes requisitos :

- a) Teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro.
- c) Se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
- d) Cumpran cos demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.
- e) Que contén cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2017-2018, ou do ano 2018 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

2. Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais
- Os clubs que por calquera causa se retiraran da competición oficial durante algunha das tempadas 2016-2017 ou 2017-2018. (no caso de modalidades cuxa tempada deportiva fose anual terase en consideración para aplicar esta exclusión as anualidades: 2017 e 2018).

3. As entidades deberán estar integradas en competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de club ou equipo profesional.

4.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades

solicitantes entregarán unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

5.- Na fase de proposta de resolución as solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións. Existe a posibilidade de acreditar simplificadaamente estas circunstancias, nos supostos indicados no artigo 24 do citado RD 887/2006, en particular o parágrafo cuarto para aquelas subvencións nas que o importe das cales non supere a contía de 3.000€, como é o caso desta convocatoria.

6.- Igualmente as solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o/a solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo ós departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS.

Serán obrigas das beneficiarias das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1.- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.

2.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

3.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para a organización, difusión e execución das súas actividades.

4.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.

5.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.

6.-Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización do programa subvencionado.

7.-Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

8.-Aboar as taxas, impostos, permisos, seguros e todos os demais gastos derivados da realización do programa subvencionado.



Concello de Vigo

9.- As demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o R. d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada Lei.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da Concellería de Igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.

Para efectuar a proposta de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 26 puntos.

1.- Número de licenzas femininas na tempada 2017-2018. Ata un máximo de 16 puntos:

Volume de licenzas femininas e puntuación: (*Excepto: Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Espeleoloxía, Surf, Taekwondo e Tenis)

- a) Con 10 licenzas femininas e menos de 35: 4 puntos
- b) Con 35 licenzas femininas e menos de 60: 6 puntos
- c) Con 60 licenzas femininas e menos de 85: 8 puntos
- d) Con 85 licenzas femininas e menos de 110: 10 puntos
- e) Con 110 licenzas femininas e menos de 135: 12 puntos
- f) Con 135 licenzas femininas e menos de 150: 14 puntos
- g) Con 150 licenzas ou máis: 16 puntos

Volume de licenzas femininas e puntuación para: Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Espeleoloxía, Surf, Taekwondo e Tenis)

- a) Con 10 licenzas femininas e menos de 70: 2 puntos
- b) Con 70 licenzas femininas e menos de 120: 3 puntos
- c) Con 120 licenzas femininas e menos de 170: 4 puntos
- d) Con 170 licenzas femininas e menos de 220: 5 puntos
- e) Con 220 licenzas femininas e menos de 270: 6 puntos
- f) Con 270 licenzas femininas e menos de 320: 7 puntos
- g) Con 320 licenzas ou máis: 8 puntos

2.-Porcentaxe de licenzas femininas con respecto ao total de licenzas na tempada 2017-2018. Ata un máximo de 5 puntos:

Porcentaxe de licenzas femininas e puntuación: (*Excepto: Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Espeleoloxía, Surf, Taekwondo e Tenis)

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 2 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 3 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 4 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas ata o 100%: 5 puntos

Porcentaxe de licenzas femininas e puntuación para: Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Espeleoloxía, Surf, Taekwondo e Tenis)

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 1,5 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 2 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 2,5 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas ata o 100%: 3 puntos

3.- Porcentaxe de mulleres que integran a actual xunta directiva da entidade. Ata un máximo de 5 puntos:

- a) 0% de mulleres: 0 puntos
- b) Ata o 20% de mulleres: 1 punto
- c) Do 20% de mulleres ata menos do 40% de mulleres: 2 puntos
- d) Do 40% de mulleres ata menos do 60%: 3 puntos
- e) Do 60% de mulleres ata menos do 80%: 4 puntos
- f) Do 80% de mulleres ata o 100%: 5 puntos

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS.

1. O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiaria, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará en función dos criterios previstos na base sétima.

2. O importe total da convocatoria distribuirase entre a suma total de puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso.

3. Establécese unha contía mínima e máxima da axuda a conceder: 200 € é a contía mínima establecida e 1.500 € o importe máximo da axuda. Por conseguinte, trala baremación das solicitudes, as entidades que consigan unha axuda superior a 1.500 € quedarán limitadas e esta contía e as entidades que non consigan unha axuda por importe igual ou superior a 200 € quedarán excluídas. En caso de quedar crédito libre, repartirase entre as solicitantes a partes iguais e de forma lineal, tendo en conta o límite da contía máxima da axuda ou, de ser inferior, o da contía solicitada pola entidade.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o



Concello de Vigo

emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na Base Décimo primeira, será de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

As entidades que concorren a esta convocatoria deberán presentar unha única solicitude asinada pola/o representante legal da entidade petionaria.

A solicitude, segundo modelo normalizado (Anexo I), presentarase exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

A mera presentación da solicitude suporá que as entidades solicitantes coñecen e aceptan as presentes bases da convocatoria.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org).

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación.

Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación complementaria se achegase presencialmente, será requirida para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Xunto coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

1.- Certificado das competicións e categorías nas que participan os equipos con licencias femininas ou as deportistas individuais na tempada de referencia. (Anexo II-A ou Anexo II- B)

2.- Orzamento equilibrado de ingresos e gastos (Anexo III)

3.- Declaración responsable (Anexo IV)

4.- Acreditación do número de licencias por categoría e sexo da tempada de referencia, a través da achega do certificado emitido pola Federación da modalidade no que conste o número de licenzas por categoría e sexo, da tempada 2017/2018, ou do ano 2018 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

5.- Acreditación da composición da actual xunta directiva, a través da achega de calquera dos seguintes documentos:

- Acta de constitución da actual xunta directiva.
- Resolución da inscrición da entidade, con indicación da súa xunta directiva, no Rexistro de Clubs da Xunta de Galicia
- Certificado emitido pola/o secretaria/o da entidade onde conste a composición da xunta directiva.

6.- Código de identificación fiscal da entidade solicitante.

7.- Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante expedido cunha antigüidade inferior a seis meses.

8.- DNI da/o presidenta/e da entidade.

9.- Proxecto das actividades que realiza a entidade na tempada de referencia, facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino (competicións nas que participa cada un dos equipos da entidade con licencias femininas ou, no seu caso, as deportistas individuais, número de equipos por categoría e sexo, logros acadados, valoración sobre o impacto de xénero na súa modalidade deportiva, etc).

Porén, a solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que as persoas interesadas non estarán obrigadas a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, sempre que a interesada expresase o seu consentimento a que sexan consultados ou solicitados os devanditos documentos. En relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, debe facerse constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

O departamento convocante pode requirir, canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.



Concello de Vigo

DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da LPACAP, se a documentación achegada fose incompleta ou non reunise os requisitos esixidos na presente convocatoria, a solicitante será requirida para que complete a documentación ou corrixa a deficiencia no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte á data da notificación, coa advertencia de que, de non facelo así, terá-selle por desistido da súa solicitude, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPACAP.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

1.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei Xeral de Subvencións, conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno publicaranse en:

- As Bases reguladoras, no BOP da provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

- A Convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

- A BDNS publicará o extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org e da Concellería de Igualdade www.igualdadevigo.org

2.-Publicidade das subvencións concedidas.

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa, e crédito presupostario ao que se imputan, beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade da subvencións con expresión dos distintos proxectos subvencionados.

3.-Publicidade do financiamento público.

As entidades beneficiarias das subvencións deben deixar constancia do financiamento municipal en todas as comunicacións e en calquera actividade enmarcada no programa subvencionado coa inclusión da imaxe corporativa oficial do Concello de Vigo (equipamento, web e redes sociais, publicidade, etc)

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

A Concellería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.

Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

De conformidade co disposto na base sétima a Comisión de Valoración avaliará as solicitudes de subvención para cada un dos programas presentados. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade, que actuará como presidenta, e dúas técnicas de Igualdade, actuando unha delas, ademais, como secretaria.

O órgano instructor do procedemento poderá solicitar á Concellería de Deportes canta información e documentación teña este servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento e valoración dos proxectos e entidades presentadas a esta convocatoria.

A Concellería de Igualdade, como órgano instructor, formulará a proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas. (artigo 21.4 parágrafo 6 da lei de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de catro meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes na sede electrónica do Concello, e a súa resolución notificaráselles ás solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, poderá substituírse dita notificación pola publicación na páxina web (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, conforme ao art. 45.1.b) da Lei 39/2015 da LPACAP.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexitima ás interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPACAP.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse potestativamente, recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses.

En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación, ou de desestimación do recurso de reposición.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo máximo de 10 días, a contar a partir do día seguinte ao da notificación, a comunicarlle por escrito á Concellería de Igualdade a aceptación ou renuncia das axudas. A falta de manifestación expresa entenderase aceptada.

A beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPACAP.

DÉCIMO QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

1.-Prazo de xustificación: as beneficiarias das subvencións deberán xustificar como data límite o 31 de outubro de 2018 (incluído) o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá á entidade beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da

xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá á beneficiaria das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

De non presentar a xustificación no prazo adicional perderase o dereito a percibir a subvención.

2.- Cantidade a xustificar

A entidade beneficiaria terá que presentar facturas electrónicas ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel equivalentes ao importe da axuda concedida e copias de facturas polo resto do orzamento do proxecto presentado. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto no subvencionado pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Terase en conta como importe xustificativo a Base impositiva do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da Axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE.

3.- Sistema e documentos necesarios para a xustificación: a teor do disposto no art. 81 do regulamento da LXS establece o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e facenda (Orde EHA/2261/2007), do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

A entidade beneficiaria deberá achegar electronicamente a rendición da conta xustificativa que comprende a seguinte documentación:

a) Anexo V: Solicitude de pago e certificación.

Coa sinatura deste modelo acredítase, entre outros, os seguintes extremos:

- Percepción doutras axudas ou subvencións para o proxecto subvencionado.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada co obxecto de promover o deporte feminino.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e coa Seguridade Social e declarar se



Concello de Vigo

a entidade está exenta ou non do IVE (no caso de estar exenta deberá aportar certificación da Axencia Tributaria que o indique).

b) Anexo VI: Balance económico do proxecto.

Consiste nunha relación detallada de todos os ingresos percibidos ou concedidos para a actividade obxecto da subvención, así como de todos os gastos realizados no período da tempada de referencia.

c) Anexo VII: Xustificación do gasto do proxecto correspondente ao importe da axuda concedida.

Consiste nunha relación clasificada das facturas que achega a entidade para xustificar o importe da contía da axuda concedida, con identificación do/a acredor/a e do documento, o seu importe, e data de emisión.

d) Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel. Deberán estar ordenadas e numeradas seguindo a orde de clasificación do Anexo VII polo importe total da subvención outorgada. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. As ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

- Número e no seu caso serie.
- Nome e apelidos ou denominación fiscal.
- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)
- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
- Lugar e data de emisión.
- Nas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que se xustifique se está exenta de IVE; as facturas emitidas por profesionais levarán a pertinente retención do IRPF.

e) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos subvencionados na tempada de referencia facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino (competicións nas que participa cada un dos equipos da entidade con licencias femininas, ou no seu caso, as deportistas individuais, os resultados, o ámbito e o nivel acadado nas competicións, material gráfico impreso..., valoración sobre o impacto de xénero na súa modalidade deportiva, facendo fincapé nas actividades e logros realizados por mulleres e posibles necesidades detectadas).

f) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo concello, en relación coa xustificación da subvención.

4.- Información complementaria:

Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013.

Atendendo á especificidade de actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán xustificarse a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento das xogadoras e persoal técnico, etc) emitidos polas Federacións ou pola propia entidade deportiva que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia do mesmo.

En relación á xustificación do pagamento de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por eses conceptos; sempre e cando este importe non fose tido en conta para xustificar a subvención concedida na convocatoria específica de subvencións do ano 2018 da Concellería de Deportes deste Concello. O servizo de Igualdade solicitará información ao respecto ao servizo de Deportes.

Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou relacionadas á universidade a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

En xeral os documentos xustificativos deberán corresponderse con gastos relacionados de forma directa á tempada 2017/2018 ou do ano 2018 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual ao exercicio 2018, e non terá por que constar de forma expresa se foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinado nesta convocatoria.

Deberase ter en conta o establecido na base Segunda desta convocatoria respecto dos gastos que teñen a condición de subvencionables e non subvencionables.

DÉCIMO SEXTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto no que fará constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes para considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DECIMO SÉTIMA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO OITAVA.- PAGAMENTO.

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez remate o programa obxecto da subvención e sexa debidamente xustificado.

Procederase ao pagamento parcial ou redución proporcional do importe nos seguintes casos:



Concello de Vigo

- Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe do orzamento do proxecto presentado pola entidade beneficiaria na súa solicitude de subvención. A axuda será entón minorada na mesma proporción.
- Pola obtención de maior ingresos ou financiamento do previsto no proxecto.
- Polo incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria.

As subvencións serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por diferentes administracións ou entes públicos ou privados. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención, concorrente das subvencións por outras administracións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que ao tratarse dunha subvención, os ingresos non poden ser superiores aos gastos.

A resolución-liquidación da axuda, co aboamento do pagamento parcial ou proporcional correspondente, será competencia da concelleira delegada de igualdade.

Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do art.31.7. e da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DÉCIMO NOVENA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.-Perda do dereito á cobranza

Dará lugar á perda do dereito á cobranza da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pagamento único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito á cobranza, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao concello efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Reintegraranse as cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as entidades beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

VIXÉSIMA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os das súas representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A Concellería de Igualdade do Concello de Vigo será a responsable do seu tratamento.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 15/2014 de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

CONCELLO DE VIGO		SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A PROMOCION DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2017/2018
ANEXO I SOLICITUDE DE SUBVENCION		

Datos da entidade solicitante

Nome:			
CIF:		Modalidade:	
Enderezo:			Código postal:
Tel. 1:	Tel. 2:	Fax:	
Enderezo electrónico a efectos de notificación:			

Datos da persoa representante da entidade

Nome e apelidos:		DNI
Enderezo:		Código postal:
Tel.1:	Tel. 2:	Enderezo electrónico:
Cargo que ocupa:		

Datos para efectos de notificación:

Todas as notificacións realizaranse por medios electrónicos. Poderase acceder á notificación co certificado dixital asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida:

☐ Correo electrónico:

☐ Teléfono móbil:

ACEPTO o emprego do correo electrónico e/ou teléfono móbil indicado/s para o envío dun aviso de notificación da posta a disposición das notificacións.

SOLICITA da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, unha subvención por importe de _____ (esta convocatoria establece un límite de concesión entre 200 € e 1.500 €) pola actividade de fomento do deporte feminino desenvolvida pola entidade durante a tempada deportiva 2017/2018.

Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:

- 1.- Anexo II-A ou Anexo II-B: certificado das competicións e categorías nas que participan as deportistas da entidade.
- 2.- Anexo III: orzamento equilibrado de ingresos e gastos
- 3.- Anexo IV: declaración responsable
- 4.- Certificado emitido pola Federación da modalidade no que conste o nº de licencias por categoría e sexo na tempada de referencia.
- 5.- Acreditación da composición da actual xunta directiva, a través da achega de calquera documentos indicados na base décimo primeira.
- 6.- Código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- 7.- Certificado da titularidade da conta bancaria actualizado.
- 8.- DNI da/o presidenta/e da entidade.
- 9.- Proxecto das actividades que realiza a entidade na tempada de referencia, facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino.

Vigo, _____ de _____ de 2018	Sinatura da/o presidenta/e	Selo da entidade
------------------------------	----------------------------	------------------

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VIGO

CONCELLO DE VIGO		SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2017/2018
-------------------------	---	---

Anexo II- A (DEPORTES COLECTIVOS)

Certificado das competicións e categorías nas que participan as deportistas da entidade na tempada de referencia

Entidade:	CIF:
Modalidade:	
E na súa representación a/o presidenta/e: Nome e apelidos:	DNI:

Declaro que a dita entidade ten durante a tempada 2017-2018 as seguintes categorías e número de licencias (desagregadas por sexo) segundo a modalidade deportiva de que se trate. Declaro que estes datos son certos baixo a miña responsabilidade.



Concello de Vigo

COMPETICIÓNS OFICIAIS NAS QUE PARTICIPA A ENTIDADE				
DEPORTES COLECTIVOS				
Nome das categorías por equipos*	Nº licencias por equipo	Nº mulleres	Nº homes	
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				
11				

* Un equipo por fila en orde ascendente por idades

** Especificar se o ámbito da competición é Local, Autonómico, Nacional, durante a fase regular da competición.

Vigo, _____ de _____ de 2018

Sinatura da/o secretaria/o	Sinatura da/o presidenta/e	Selo da entidade
----------------------------	----------------------------	------------------

**CONCELLO
DE VIGO**



**SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS
PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMI-
NINO NA TEMPADA 2017/2018**

Anexo II- B (PARA DEPORTES INDIVIDUAIS)

Certificado das competicións e categorías nas que participan as deportistas da entidade na tempada de referencia

Entidade:	CIF:
Modalidade:	
E na súa representación a/o presidenta/e: Nome e apelidos:	DNI:

Declaro que a dita entidade ten durante a tempada 2017-2018 as seguintes categorías e número de licencias (desagregadas por sexo) segundo a modalidade deportiva de que se trate. Declaro que estes datos son certos baixo a miña responsabilidade.

DEPORTES INDIVIDUAIS				
Categorías nas que participa	Nº licencias femininas por categoría	Nº licencias masculinas por categoría	Nº de desprazamentos e media de deportistas desprazadas	Ámbito da competición**
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				
11				

* Unha categoría por fila

** Especificar o ámbito dos desprazamentos: local, autonómico ou nacional durante a fase regular da competición.

Vigo, _____ de _____ de 2018

Sinatura da/o secretaria/o	Sinatura da/o presidenta/e	Selo da entidade
----------------------------	----------------------------	------------------



Concello de Vigo

CONCELLO DE VIGO		SUBVENCIONES A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2017/2018
-------------------------	---	--

**Anexo III
Orzamento equilibrado de ingresos e gastos**

Don/Dona _____ con DNI
 núm. _____ en calidade de secretaria/o da entidade
 deportiva _____ con CIF _____


Certifica que o orzamento de ingresos e de gastos para a tempada 2017/2018 é o seguinte:

INGRESOS	
CONCEPTO:	IMPORTE:
Ingresos persoas asociadas	€
Ingresos patrocinios privados	€
Concello de Vigo. Área de Igualdade	€
Concello de Vigo. Área de Deportes	€
Fundación Deporte Galego	€
Deputación de Pontevedra	€
Outros ingresos, especificar.....	€
TOTAL INGRESOS	€
A) A contía total de ingresos, deberá coincidir coa contía total de gastos.	

GASTOS	
CONCEPTO:	IMPORTE:
Gastos federativos (licencias e mutualidades)	€
Gastos material	€
Gastos desprazamentos	€
Gastos alugueiro instalacións	€
Outros gastos, especificar.....	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL GASTOS	€
A) A contía total de gastos deberá coincidir coa contía total de ingresos.	

Vigo, _____ de _____ de 2018

Sinatura da/o secretaria/o	Sinatura da/o presidenta/e	Selo da entidade
----------------------------	----------------------------	------------------

CONCELLO DE VIGO		SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A PROMOCION DO DEPORTE FEMININO NA TEM- PADA 2017/2018
Anexo IV DECLARACION RESPONSABLE		

Don/Dona _____ con DNI núm. _____ en calidade de secretaria/o da entidade deportiva _____ con CIF _____

DECLARA

1.- Que Don/Dna _____ ten a condición de representante legal desta entidade.

2.- Que esta entidade non solicitou ou non se lle concederon outras axudas para o mesmo proxecto

- Que esta entidade sí solicitou ou se lle concederon outras subvencions para a tempada deportiva 2017/2018

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe solicitado	Importe Concedido
	€	€
	€	€
	€	€
	€	€

3.- Que a actual xunta directiva da entidade está integrada por un total de _____ mulleres e _____ homes.

4.- Que a entidade solicitante coñece e acepta as bases reguladoras do programa de subvencions da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencions a entidades deportivas para a promoción do deporte feminino na tempada 2017/2018.

5.- Que a entidade solicitante comparte co Concello de Vigo o obxectivo da promoción do deporte feminino e comprométese a empregar unha linguaxe e imaxe non sexista no desenvolvemento da súa actividade.

6.- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e o Concello de Vigo, autorizando expresamente ao Concello de Vigo ás comprobacións que a tal fin sexan necesarias.

7.- Que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia e que son certos os datos presentados.

Vigo, _____ de _____ de 2018

Sinatura da/o secretaria/o	Sinatura da/o presidenta/e	Selo da entidade
----------------------------	----------------------------	------------------



Concello de Vigo

**CONCELLO
DE VIGO**



**SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A
PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPA-
DA 2017/2018**

**Anexo V
SOLICITUDE DE PAGO**

Don/Dona _____ con DNI
núm. _____ en calidade de secretaria/o da entidade
deportiva _____ con CIF _____

CERTIFICO

Que a actividade deportiva subvencionado por acordo da Xunta de Goberno local de data
realizouse nas condicións previstas e segundo as características que se declararon na solicitude de subvención,
o que se acredita coa memoria que se achega e coa documentación complementaria.

DECLARO

1. Que todos os datos que contén a presente MEMORIA XUSTIFICATIVA se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
2. Que o importe da subvención concedida foi de _____ € e que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de _____ €
3. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan aplicáronse á actividade subvencionada co obxecto de promover o deporte feminino.
4. Que a entidade non percibiu ningún outro ingreso, axuda nin subvención para o proxecto subvencionado ou no caso contrario que as achegas obtidas non superaron o custe total do mesmo.
5. Que, a entidade está ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e o Concello de Vigo; non sendo debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos a retención, así como que esta foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (no caso de empregar os ditos xustificantes).
6. Que autoriza ao servizo de Igualdade do Concello de Vigo a comprobar a situación de débedas da entidade coa AEAT e co Concello de Vigo.
7. Que esta entidade ten solicitadas e/ou concedidas as seguintes subvencións para o desenvolvemento da actividade subvencionada pola Concellería de Igualdade do Concello de Vigo

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe solicitado	Importe concedido
	€	€
	€	€
	€	€

8. Que, para os efectos que regula esta convocatoria a entidade está exenta de IVE e achega certificación acreditativa da Axencia Tributaria ou, declara non estar exenta de IVE .

SOLICITO

O pago da liquidación correspondente da axuda concedida.

Vigo, _____ de _____ de 2018

Sinatura da/o secretaria/o	Sinatura da/o presidenta/e	Selo da entidade
----------------------------	----------------------------	------------------

**CONCELLO
DE VIGO**



**SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS
PARA A PROMOCION DO DEPORTE FEMI-
NINO NA TEMPADA 2017/2018**


**Anexo VI
BALANCE DE INGRESOS E GASTOS**

BALANCE DE INGRESOS	IMPORTE
Ingresos persoas asociadas	€
Ingresos patrocinios privados	€
Concello de Vigo. Área de Igualdade	€
Concello de Vigo. Área de Deportes	€
Fundación Deporte Galego	€
Deputación de Pontevedra	€
Outros ingresos, especificar.....	€
TOTAL INGRESOS (A)	€
A contía total de ingresos (A), deberá coincidir coa contía total de gastos.	

BALANCE DE GASTOS	IMPORTE
Gastos federativos (licencias e mutualidades)	€
Gastos material	€
Gastos desprazamentos	€
Gastos alugueiro instalacións	€
Outros gastos, especificar.....	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL GASTOS (A)	€
A contía total de gastos (A), deberá coincidir coa contía total de ingresos.	

Vigo, ____ de ____ de 2018

Sinatura da/o tesoureira/o	Sinatura da/o presidenta/e	Selo da entidade
Nome completo:	Nome completo:	

CONCELLO DE VIGO		SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A PROMOCION DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2017/2018
-------------------------	---	---

**Anexo VII
RELACION DE FACTURAS ORIXINAIS PRESENTADAS IMPUTABEIS A
AXUDA CONCEDIDA-CONTA XUSTIFICATIVA**

Nº de orde	Nº factura	Data da factura	Provedor/a	CIF/NIF provedor/a	Concepto	Base imponible	IVE

Suma e segue...

TOTAL	Base imponible	€	IVE	€
-------	----------------	---	-----	---

Don/Dona _____ DNI _____ tesoureira/o da entidade _____ con CIF _____ certifica que as facturas que se detallan nesta conta xustificativa, cuxo importe ascende á cantidade de _____ € de base imponible e _____ corresponden ó IVE dos devanditos documentos, corresponden a gastos vinculados directamente coa actividade de fomento do deporte feminino subvencionada pola Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Vigo, _____ de _____ de 2018

Sinatura da/o tesoureira/o	Sinatura da/o presidenta/e	Selo da entidade
----------------------------	----------------------------	------------------

(Este anexo cubrirase tantas veces como sexan necesarias para completar a conta xustificativa)

Convocatoria específica para o desenvolvemento do programa de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2017/2018. Expte 8251/224

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto desta convocatoria responde á finalidade de promover o deporte feminino a través do apoio económico ás entidades deportivas da cidade de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres na competición das distintas disciplinas deportivas (equipos e/ou individuais). Este apoio materializarase en contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento destes clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo, durante a tempada deportiva 2017/2018, ou do ano 2018 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidábel correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas dos equipos con licencias femininas.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes: pagamento de licencias federativas femininas, viaxes, aloxamentos e comidas (concreción de menús), arbitrxes, adestradoras/es, alugueiro de instalacións deportivas, gastos telefónicos, compras de material deportivo, etc. En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva que garden relación directa coa actividade deportiva das xogadoras ao longo da tempada 2017/18 ou do ano 2018 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

Non se valorará como gasto subvencionable o uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo cando ese importe fose tido en conta para xustificar a subvención concedida na convocatoria específica de subvencións do ano 2018 da Concellería de Deportes deste Concello. O servizo de Igualdade solicitará información ao respecto ao servizo de Deportes.

Quedan excluídos como gastos subvencionables os seguintes: a adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, espectáculos, adquisición de patrimonio e/ou investimento e calquera outro gasto que non sexa necesario para a consecución da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministrados ou servizos, excedan estes de 15.000,00€, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

A tempada 2017/2018 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos recabados das respectivas federacións, e a data de inscrición dos equipos ou das deportistas individuais. A tal efecto, o servizo de Igualdade, no informe que se xuntará documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma. O órgano instrutor do procedemento poderá solicitar á Concellería de Deportes canta información e documenta-



Concello de Vigo

ción teña este servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento e valoración dos proxectos e entidades presentadas a esta convocatoria.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 45.000,00 euros (corenta e cinco mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria para o exercicio de 2018: 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS.

1. Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que reúnan os seguintes requisitos :

- a) Teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro.
- c) Se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
- d) Cumpran cos demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.
- e) Que contén cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2017-2018, ou do ano 2018 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

2. Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais
- Os clubs que por calquera causa se retiraran da competición oficial durante algunha das tempadas 2016-2017 ou 2017-2018. (no caso de modalidades cuxa tempada deportiva fose anual terase en consideración para aplicar esta exclusión as anualidades: 2017 e 2018).

3. As entidades deberán estar integradas en competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de club ou equipo profesional.

4.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes entregarán unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

^S.ord.3/05/18

5.- Na fase de proposta de resolución as solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións. Existe a posibilidade de acreditar simplificadaamente estas circunstancias, nos supostos indicados no artigo 24 do citado RD 887/2006, en particular o parágrafo cuarto para aquelas subvencións nas que o importe das cales non supere a contía de 3.000€, como é o caso desta convocatoria.

6.- Igualmente as solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o/a solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo ós departamentos administrativos responsables.

QUINTA.- PROCEDIMENTO DA CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

SEXTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na Base Décimo primeira, será de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo .

SÉTIMA.- BASES REGULADORAS.

As Bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

OITAVA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

A Concellería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.



Concello de Vigo

De conformidade co disposto na base sétima a Comisión de Valoración avaliará as solicitudes de subvención para cada un dos programas presentados. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade, que actuará como presidenta, e dúas técnicas de Igualdade, actuando unha delas, ademais, como secretaria.

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor, formulará a proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas (artigo 21.4, parágrafo 6 da Lei de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de catro meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, e a súa resolución notificaráselles ás solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos como data límite o 31 de outubro de 2018.

DÉCIMA.- PAGAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez remate o programa obxecto da subvención e sexa debidamente xustificado.

Procederase ao pagamento parcial ou redución proporcional do importe nos seguintes casos:

- Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe do orzamento do proxecto presentado pola entidade beneficiaria na súa solicitude de subvención. A axuda será entón minorada na mesma proporción.
- Pola obtención de maior ingresos ou financiamento do previsto no proxecto.
- Polo incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria.

[EXTRACTO da Convocatoria específica para o desenvolvemento do programa de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2017/2018. Expte 8251/224](#)

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8 a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode

consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións(<http://www.pap.minhap.bob.es/dbnstrans/index>):

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto desta convocatoria responde á finalidade de promover o deporte feminino a través do apoio económico ás entidades deportivas da cidade de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres na competición das distintas disciplinas deportivas (equipos e/ou individuais). Este apoio materializarase en contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento destes clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo, durante a tempada deportiva 2017/2018, ou do ano 2018 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indudábel correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas dos equipos con licencias femininas.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes: pagamento de licencias federativas femininas, viaxes, aloxamentos e comidas (concreción de menús), arbitraxes, adestradoras/es, alugueiro de instalacións deportivas, gastos telefónicos, compras de material deportivo, etc. En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva que garden relación directa coa actividade deportiva das xogadoras ao longo da tempada 2017/18, ou do ano 2018 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 45.000,00 euros (corenta e cinco mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria para o exercicio de 2018: 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

CUARTA. - BENEFICIARIAS.

Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo, teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro, contendo un mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2017-2018, ou do ano 2018 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual e cumpran os demais requisitos que establecen as bases e convocatoria

QUINTA.- PROCEDEMENTO DA CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

SEXTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na Base Décimo primeira, será de 10 días hábiles, contados dende o



Concello de Vigo

día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- BASES REGULADORAS.

As Bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos como data límite o 31 de outubro de 2018.

19(446).- RECTIFICACIÓN DE ERRO EXISTENTE NO INFORME-PROPOSTA E EN CONSECUCIA NO ACORDO DA XGL ADOPTADO DO 26/04/18 RELATIVO AO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS DE TEMPORADA: QUIOSCOS Nº 1 AREAL DA PUNTA, A GUÍA, E Nº 10 AREAL DO VAO DURANTE A TEMPADA ESTIVAL DO ANO 2018. EXPTE. 13046/306.

Dáse conta do informe-proposta do 27/04/18, asinado polo xefe do servizo de Medio Ambiente e a concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

I.- Feitos.-

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 26/04/2018, ditou acordo no procedemento administrativo número 13046/306 que na súa parte dispositiva di:

“1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 13046/306 para adxudicación das autorizacións de ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada: quioscos nº 1 areal da Punta, a Guía, e nº 10 areal do Vao durante a tempada estival do ano 2018.

2º.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas para a ocupación, instalación, e explotación de servizos de temporada correspondente ós quioscos nº 1 areal da Punta, a Guía, e nº 10 areal do Vao durante a tempada estival do ano 2018, asinado dixitalmente o 6 de abril de 2018.

3º.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite urxente conforme ó establecido na lexislación de aplicación”.

2.- Examinada a documentación obrante no expediente, compróbase a existencia dun erro material xa que que o prego definitivo de cláusulas administrativas foi asinado dixitalmente o 19 de abril de 2018, e non o 6 de abril de 2018 como se fixo constar por erro no citado acordo, tal e como consta no prego obrante no expediente, no informe da Asesoría Xurídica de data 20/04/18 e da Intervención Xeral do 23/04/18.

II.- Fundamentos de dereito.

O artigo 109.2. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas establece que *“As Administracións Públicas poderán, asimesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.*

Por tanto, constato o erro material procede a súa rectificación

A competencia para a resolución correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“” Rectificar o erro material existente na parte dispositiva, apartado 2º, do acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria do 26 de abril de 2018, relativo ó expediente número 13046/306 para a adxudicación das autorizacións de ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada: quioscos nº 1 areal da Punta, A Guía, e nº 10 areal do Vao durante a tempada estival do ano 2018, no que se indica:

“2º.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas para a ocupación, instalación, e explotación de servizos de temporada correspondente ós quioscos nº 1 areal da Punta, a Guía, e nº 10 areal do Vao durante a tempada estival do ano 2018, asinado dixitalmente o 6 de abril de 2018”

no sentido de rectificar a data da sinatura dixital do prego de cláusulas administrativas particulares, así onde di: **“(…) asinado dixitalmente o 6 de abril de 2018”** debe dicir **“(…) asinado dixitalmente o 19 de abril de 2018”**.

Manter o acordo nos demais termos e condicións””.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



20(447).- PRÓRROGA DAS AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPORADA ESTIVAL EN PRAIAS 2018: QUIOSCOS 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 11. EXPTE. 13046/306.

Visto o informe de fiscalización do 27/04/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e a concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

I.- FEITOS

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 1 de febreiro de 2018, ditou resolución que na súa parte dispositiva di:

“PRIMEIRO.- Aproba-lo Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos de Tempada: Quioscos nas Praias do término municipal de Vigo para o ano 2018, de acordo cos informes, planos e demais documentación obrante no expediente 13046/306, (...)

O plan recolle os seguintes quioscos:

DESCRIPCIÓN	EMPLAZAMENTO	ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS	OCUPACIÓN PECHADA EN M2	OCUPACIÓN TERRAZA ABERTA M2
QUIOSCO 1	Areal da Punta. A Guía	Propiedade municipal, Zona de servidume de tránsito	20	40
QUIOSCO 2	Areal de Santa Baia, Alcabre	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20	40
QUIOSCO 3	Areal do Tombo do Gato	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20	40
QUIOSCO 4	Areal do Tombo do Gato	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20	40
QUIOSCO 5	Areal de Argazada	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20	40
QUIOSCO 6	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20	40
QUIOSCO 7	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20	40
QUIOSCO 8	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20	40
QUIOSCO 9	Areal do Vao	Dominio público marítimo terrestre	20	50
QUIOSCO 10	Areal do Vao	Dominio público marítimo terrestre	20	50
QUIOSCO 11	Areal da Etea	Dominio público marítimo terrestre	20	0

SEGUNDO.- Remitir, a maior brevidade posible, este Plan de Ocupación e Explotación ao Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, para a autorización da instalación dos quioscos de tempada que se emprazan en terreos de dominio público marítimo terrestre ou servidume de tránsito (Quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11).

TERCEIRO.- Remitir, a maior brevidade posible, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo) da Xunta de Galicia este plan de ocupación, instalación e explotación, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, para que autorice a instalación dos quioscos de temporada a instalar na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestres (Quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8).

CUARTO.- Requirir ós adxudicatarios das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada (quioscos) nos areais do Concello de Vigo segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 15 de xuño de 2017, que se cita na parte expositiva deste acordo, para que no PRAZO DE QUINCE DÍAS HÁBILES a partir dende a notificación deste acordo, ACEPTEN ou NON a prórroga das ditas autorizacións para o período estival do ano 2018 (01 de xuño de 2018 ao 30 de setembro de 2018), nas condicións no seu día aprobadas e as que resulten das correspondentes autorizacións sectoriais.

A NON presentación de escrito opoñéndose expresamente a prórroga da autorización para o período estival do ano 2018, entenderase que consinten a citada prórroga, debendo cumprir as obrigas inherentes a dita autorización.

QUINTO.- Unha vez obtidas as autorizacións sectoriais citadas, proceder á prórroga das autorizacións de ocupación, instalación e explotación a terceiros para a tempada estival 2018 para aqueles adxudicatarios que non se opuxesen a prórroga.

SEXTO.- Unha vez solicitadas as autorizacións sectoriais antes citadas, os servizos municipais competentes procederán á redacción dos pregos que rexeran o procedemento de licitación da autorización garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva, para a adxudicación das autorizacións dos quioscos núm. 1 do areal de a Punta – A Guía- e 10 do areal do Vao (quedaron desertos na tempada 2017) e aqueles outros cuxos titulares da autorización se opoñan á prórroga da autorización para tempada 2018, de conformidade co previsto nos artigos 53 da Lei 22/1988, de 28 de xullo de costas, 113 do Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto 158/2005, 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación; unha vez obtidas as autorizacións, á aprobación destes e a efectuar o procedemento de licitación.

SÉTIMO.- O concello de Vigo obrígase, como en anos anteriores, a esixir dos terceiros que resulten adxudicatarios das autorizacións en DPMT a constitución da correspondente garantía para responder dos gastos de levantamento das instalacións e xustificará esta circunstancia ante o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.

OCTAVO.- O concello garantizará que no procedemento de outorgamento das autorizacións de ocupación, instalación e explotación dos quioscos por terceiros se respectaran os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.”



Concello de Vigo

2.- As ditas instalacións de tempada: quioscos considéranse precisas nos areas polos servizos que prestan aos usuarios, non só polos subministracións de bocadillos, bebidas, xelados... senón tamén por dispor, encargarse da limpeza, de baños públicos e gratuítos para os usuarias como ben esixíndolles este Concello.

3.- En cumprimento do citado acordo, requiriuse a tódolos adxudicatarios das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada (quioscos) nos areas do Concello de Vigo segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 15 de xuño de 2017, co obxecto da prórroga das autorizacións para o ano 2018.

Ningún dos titulares das autorización manifestaron a súa oposición á prórroga desta para o ano 2018, polo que procede propoñela ó órgano competente trala correspondente obtención das autorizacións sectoriais precisas.

4.- A xefa do Servizo Provincial de Costas do MAPAMA en data do 13 de febreiro de 2018, autorizou a ocupación do dominio público marítimo terrestre e da zona de servidume de tránsito para a explotación dos servizos de temporada quioscos nas praias de Vigo no ano 2018 (Quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11).

5.- A Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia en data do 23/04/2018, outorgou ó Concello de Vigo a autorización da Comunidade Autónoma na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre para a instalación, durante o ano 2018 (dende o 1 de xuño ata o 30 de setembro), dos quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 (Documento 180060515, data 24/04/2018).

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O artigo 115.c) da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas sinala entre as competencias municipais *“explotar, no seu caso, os servizos de tempada que poidan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de réxime local”*.

O artigo 113 do Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral de costas, establece que:

- As autorizacións cuxo obxecto sexa a explotación de servizos de tempada nas praias que só requiran instalacións desmontables, serán outorgadas polos concellos que o soliciten, na forma que se determina nos apartados seguintes.

- Haberá que solicitarlas dirixíndose ó servizo periférico de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no prazo establecido,

- Os servizos de tempada poderán contar cunha autorización por un prazo máximo de catro anos, se ben as instalacións deberán desmontarse, unha vez rematada cada unha das tempadas incluídas no prazo de duración da autorización.

- Outorgada a autorización polo Servizo Periférico de Costas, os Concellos, tralo abono do canon de ocupación correspondente, poderán proceder a súa explotación, por sí ou por terceiros.

O artigo 51 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas establece a necesidade de autorización administrativa para ocupar o dominio público marítimo terrestre con instalacións desmontables ou con bens mobles, que corresponde outorgar á administración do Estado.

O artigo 26 da citada Lei e 49.1. do regulamento que a desenvolve, establecen a obriga de obter autorización administrativas para as instalacións que se sitúen en zonas de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, que corresponde outorgar á Comunidade Autónoma.

Tamén, o artigo 53.1., parágrafo segundo, da Lei 22/1988, de 28 de xullo, establece que *“no caso de que os Concellos opten por explotar os servizos de tempada a través de terceiro, aqueles garantirán que nos correspondentes procedementos de outorgamento se respecten os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.”*

O Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, regula no seu artigo 2º.2.i) o requisitos para autorizar as instalacións ao servizo das praias desmontables que se sitúen en zona de servidume do dominio público marítimo terrestre, tendo emitido documento informativo sobre estas autorizacións.

O artigo 92 e 96 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas (LPAP) establece as condicións, contido, procedemento para o outorgamento das autorizacións da ocupación privativa do dominio público.

2.- A Xunta de Goberno Local en sesión do día 1 de febreiro de 2018, aprobou o plan de ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos nas praias do termo municipal de Vigo para o ano 2018, que comprende aquelas instalacións desmontables situadas en terreos de dominio público marítimo terrestre e aquelas outras situadas en terreos municipais en zona de servidume de protección ou de tránsito deste dominio. O prazo destas ocupacións estímase como xeral do 1 de xuño ata o 30 de setembro de 2018.

A documentación e informes técnicos emitidos polos arquitectos municipais en xaneiro de 2018 e obrante no expediente, indican a súa conformidade co planeamento urbanísticos, adecuación á normativa de accesibilidade e a observancia, en tódolos casos, das prescricións de distancias e medidas, especificadas polo Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e o Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, en cumprimento da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

A ocupación, instalación e explotación dos servizos tempada, quioscos, deste plan de praias, realizarase por terceiros particulares.

O Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos nas Praias do termo municipal de Vigo para o ano 2018, recolle os mesmos quioscos e en idéntica situación que os instalados no ano 2017.

3.- A adxudicación das autorizacións a terceiros para a ocupación, instalación e explotación dos quioscos de temporada en praias no ano 2017, fíxose mediante un procedemento aberto de licitación garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia



Concello de Vigo

competitiva segundo consta no expediente administrativo número 12376/306. No referido procedemento consta que:

- A Xunta de Goberno Local en sesión do 15 de xuño de 2017, acordou:

“1.- Autorizar a ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. para a instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306), concretamente os lotes 2 (quiosco do areal de Santa Baía – Alcabre) e 9 (quiosco situado no areal do Vao) cun canon de 1.510,08 e 16.150,08 euros, respectivamente.

2.- Autorizar a D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO para a instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306), concretamente os lotes 3 (quiosco do areal do Tombo do Gato), 5 (quiosco do areal de Argazada) e 8 (quiosco do areal de Samil) cun canon de 7.528,00, 18.528,00 e 15.028,00 euros, respectivamente.

3.- Autorizar a D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO para a instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306), concretamente o lote 4 (quiosco do areal do Tombo do Gato) cun canon de 9.155,00 euros.

4.- Autorizar a D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE para a instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306), concretamente os lotes 6 (quiosco do areal de Samil) e 7 (quiosco do areal de Samil) cun canon de 25.199,99 e 26.199,99 euros, respectivamente.

5.- Autorizar a D. MANUEL LAGO CHAPELA para a instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306), concretamente o lote 11 (quiosco do areal da Etea) cun canon de 3.111,00 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

4.- Os lotes 1 quiosco do areal de a Punta – A Guía- e 10 quiosco do areal do Vao, quedaron desertos segundo acordos da Xunta de Goberno Local do 8 de xuño de 2017 (expte. 12376/306) e 28 setembro de 2017 (expte. 12743/306), e están en proceso para a súa licitación neste ano 2018.

5.- O prego de cláusulas particulares que rexeu a adxudicación da licitación, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 5 de maio de 2017, establecía expresamente na cláusula terceira, apartado 4, que:

“4.- O concello, previo acordo expreso da Xunta de Goberno Local, poderá prorrogar as autorizacións para o período estival do ano 2018 (do 1 de xuño de 2018 ao 30 de setembro de 2018). Con carácter previo a adopción deste acordo, recabaranse as autorizacións da Xefatura Provincial de Costas de Pontevedra do MAPAMA (lotes 1, 9, 10 e 11) e Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (lotes 2, 3, 4, 5,6,7 e 8) con cuxas condicións haberá que cumprir en todo momento.”

Na cláusula cuarta, apartado 5, o prego sinala que:

“5.- No suposto de prórroga do contrato, o canon para a temporada do ano 2018 terá que aboarse antes do 31 de maio de 2018 polo importe do canon ofertado para o ano 2017 (temporada completa), sempre e cando sexa igual ou superior ao canon que resulte da aplicación das taxas das Ordenanzas fiscais municipais, incrementado, nos casos que proceda, co canon establecido polo Servizo Provincial de Costas do MAPAMA para esa tempada. No caso de que o canon ofertado fose inferior, terá que abonar o que resulte da aplicación das ordenanzas fiscais municipais incrementado, no seu caso, co canon do Servizo Provincial de Costas para esa tempada.”

6.- A Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, de 28 de Xulio, de Costas (BOE do 30 de maio, entrada en vigor ó día seguinte), introduciu diversas modificación na citada lei de costas, en concreto, no referente ás praias e amplía o prazo máximo das autorizacións para instalacións desmontables, quioscos de tempada, que pasan de un a catro anos.

A Disposición final terceira da citada Lei 2/2013, de 29 de maio, establece que:

“No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta Lei, o Goberno aprobará a revisión do Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, e ditará as disposicións regulamentarias precisas para o desenvolvemento e execución desta Lei.”

O Regulamento xeral de costas foi aprobado por Rd 874/2014, de 10 de outubro. Non obstante, o Decreto autonómico 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, que regula no seu artigo 2º.2.i) o requisitos para autorizar as instalacións ao servizo das praias desmontables que se sitúen en zona de servidume do dominio público marítimo terrestre e documento informativo sobre estas autorizacións do ano 2011, non foi modificado polo que as autorizacións sectoriais dos quioscos na zona de servidume – a case totalidade – non foron modificadas, resultado para un só ano, no período 1 de xuño a 30 de setembro e para unha superficie máxima cerrada de 20 m2.

7.- Polo exposto, na espera dunha harmonización normativa entre os quioscos instalados en terreos de dominio público marítimo terrestre e na zona de servidume e da delimitación dos tramos naturais ou urbanos das praias que corresponde á administración competente en materia de Ordenación do territorio (Xunta de Galicia: CMAOT) -artigo 67 e disposición transitoria vixésimo cuarta do Regulamento de costas, Rd. 876/2014-, considérase procedente que se prorroguen as autorizacións de terceiros para a ocupación, instalación e explotación de servizos nas praias do término municipal de Vigo para o período estival do ano 2018 (01 de xuño ao 30 de setembro de 2018), tal e como permite o prego das autorizacións outorgadas, tendo en consideración, ademais, a inmediatez da licitación (ano 2017) que se respectaron os principios esixidos pola Lei: publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.

8.- Tralo correspondente requirimento, ningún dos titulares das autorización manifestaron a súa oposición á prórroga desta para o ano 2018.

9.- Consta no expediente as correspondentes autorizacións sectoriais:



Concello de Vigo

- Servizo Provincial de Costas do MAPAMA de data do 13 de febreiro de 2018, para ocupación do dominio público marítimo terrestre e servidume de tránsito cos quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11.

- Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia de data do 23/04/2018, para a ocupación da zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre cos quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8.

As instalacións e condicións dos quioscos deberán cumprir en todo momento coas referidas autorizacións.

10.- O canon a abonar polos adxudicatarios das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación dos quioscos de tempada, para a prórroga das autorizacións no ano 2018, será o mesmo que o da tempada completa do ano 2017, reflectido no acordo da Xunta de Goberno Local do 15 de xuño de 2017 (expte. 121376/306), ao abeiro do establecido na cláusula cuarta, apartado 5, do PCAP e de conformidade co informe da xefatura do servizo de Medio Ambiente asinado dixitalmente en data 07 de marzo de 2018.

O canon terá que abonarse antes do 31 de maio de 2018.

11.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación

En mérito ó que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Acordar a prórroga das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación por terceiros particulares dos servizos de tempada: quioscos nos areais do Concello de Vigo, outorgados por acordo da Xunta de Goberno Local do 15 de xuño de 2017 (expte. 12376/306) a:

- ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. para os lotes 2 (quiosco do areal de Santa Baia – Alcabre) e 9 (quiosco situado no areal do Vao) cun canon de 1.510,08 e 16.150,08 euros, respectivamente.

- D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO para os lotes 3 (quiosco do areal do Tombo do Gato), 5 (quiosco do areal de Argazada) e 8 (quiosco do areal de Samil) cun canon de 7.528,00, 18.528,00 e 15.028,00 euros, respectivamente.

- D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO para o lote 4 (quiosco do areal do Tombo do Gato) cun canon de 9.155,00 euros.

- D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE para os lotes 6 (quiosco do areal de Samil) e 7 (quiosco do areal de Samil) cun canon de 25.199,99 e 26.199,99 euros, respectivamente.

- D. MANUEL LAGO CHAPELA para o lote 11 (quiosco do areal da Etea) cun canon de 3.111,00 euros”.

para o período estival do ano 2018, comprendido dende 01 de xuño ó 30 de setembro de 2018 debendo cumprir en todo momento coas condicións no seu día aprobadas e as condicións xerais e particulares establecidas nas autorizacións sectoriais outorgadas por:

- Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente de data do 13/02/2018 (para o quiosco 9 do areal de O Vao; quiosco 11 no areal de a Etea).

- Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data do 23/04/2018 (quioscos nºs. 2 no Areal de Santa Baia, Alcabre; 3 e 4 no areal de Tombo do Gato; 5 no areal de Argazada; 6, 7 e 8 no areal de Samil).

Os adxudicatarios das autorizacións que se prorrogan deberán ingresar na Tesourería municipal do Concello de Vigo o importe do citado canon antes do 31 de maio de 2018 de conformidade co establecido na cláusula cuarta, apartado 5, do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeu a adxudicación das autorizacións.

SEGUNDO.- Lembrar ós adxudicatarios das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada (quioscos) nos areais do Concello de Vigo, que deberán remitir o Servizo de Medio Ambiente do Concello de Vigo a través do Rexistro Xeral ou de calquera das formas legalmente previstas, antes da instalación dos quioscos (1 de xuño de 2018), a seguinte documentación:

- Xustificante de ter ingresado na Tesourería Municipal o canon por cada lote adxudicado.
- Xustificante de ter subscrito unha póliza de responsabilidade civil en cuantía mínima de 300.000 euros por cada lote ou quiosco para cubrir a responsabilidade civil que puidera derivarse pola prestación do servizo na presente tempada 2018.
- Xustificante orixinal de ter constituído fianza na Caixa Xeral de Depósitos do Ministerio de Economía e Facenda a favor do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para o quiosco do areal de o Vao, lote 9, por importe de 1.125 € e para o quiosco do areal da Etea, lote 11, por importe 500€.

SEN TER APORTADA A ANTES DITA DOCUMENTACIÓN NON PODERÁN PROCEDER A INSTALACIÓN DOS QUIOSCOS.

Lembrarlles, en especial, que:

- Os servizos hixiénico sanitarios públicos dos quioscos deberan estar instalados e abertos durante toda a tempada estival -1 de xuño a 30 de setembro- en horario de 10:00 a 22:00 horas, estarán en correctas condicións de limpeza e uso en todo momento, disporán de papel hixiénico, xabón e toallas de papel dun só uso por conta dos adxudicatarios.

- A adxudicataria do lote 9 (areal do Vao) deberá cumprir coas mesmas condicións anteriores, debendo abertos as 9:00 h e pechados as 22:00 h, mantelos limpos en todo momento e cos medios materiais citados, os servizos hixiénico sanitarios públicos que o Concello instalará no Areal de Fontaíña durante todos os días da presente tempada estival.

- A adxudicataria do quiosco situado no areal de Tombo do Gato (lote 4) deberá facerse cargo da limpeza e mantemento dos servizos que o Concello posúe nesta zona, realizando a limpeza, cando



Concello de Vigo

menos, teres veces ao día, dotados dos medios materiais antes citados, debendo abrílos as 10:00 h. e pechalos as 22:00 h. durante todos días da presente tempada estival.

- Sobre a porta principal de acceso ao quioscos figurará un cadro identificativo (dimensións aproximadas de 20 x 20 cm) coa lenda "QUIOSCO Nº HORARIO DE 10 A 22 HORAS E SERVIZOS DE USO PÚBLICO E GRATUÍTO".

- Os adxudicatarios deberán conectarse os servizos de abastecementos e saneamentos en todo momento estando terminantemente prohibido calquera tipo de vertido ó medio exterior.

- As instalacións para dotar de suministros ós quioscos deberán ser subterráneas, con contadores independentes, sendo por conta dos adxudicatarios a súa instalación, acometidas e todos os gastos que orixinen, en especial, luz e auga.

TERCEIRO.- Dar conta do presente acordo ós servizos económicos municipais ós efectos do ingreso do canon establecido.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ós adxudicatarios das autorizacións para os servizos de tempada: quioscos para o seu coñecemento e cumprimento, informándolles que contra este acordo de prórroga das autorizacións que pon fin á vía administrativa, consonte os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción contencioso-administrativa, poderá interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(448).- INFORME-PROPOSTA RELATIVO Á DELIMITACIÓN DAS PRAIAS DE FOZ ESQUERDA E CALZOA DO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO PARA ZONA DE ESPAREXEMENTO CANINO. EXPTE. 12839/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 30/04/18, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e a concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

I.- FEITOS

O Pleno do Concello de Vigo en sesión do día 26 de xullo de 2017, aprobou definitivamente a modificación da Ordenanza municipal para a protección e tenza de animais -en adiante OMPTA-

aprobada polo Pleno o 16 de febreiro de 2000 (BOPPO 22/06/2000, publicada a modificación no BOPPO do 11/08/2017).

O artigo 7, apartado 3bis, da citada OMPTA, introducido trala súa modificación, permite que a autoridade municipal delimite praias como zonas de espaxemento canino, onde os cans poderán circular libremente e soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a.

O artigo 7, apartado 3ter, da citada OMPTA exceptúa do disposto no apartado anterior ós cans cualificados como potencialmente perigosos, conforme á normativa pola que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos, que deberán, en lugares públicos, ir sempre suxeitos con correa e bozo de conformidade coa normativa de aplicación.

A modificación da referida ordenanza nos termos indicados, respondeu á existencia dunha demanda social relativa a que os cans poidan transitar en liberdade, acompañados polos seus propietarios, por algúns dos areais do concello de Vigo co obxecto de adaptala á realidade cidadá e compatibilizar as necesidades de todos os usuarios dos areais do municipio, garantindo, así mesmo, o respecto ao medio ambiente e a salvagarda da salubridade pública.

A modificación da OMPTA, publicada no BOPPO do 11/08/2017, entrou en vigor o 6 de setembro de 2017, polo que é procedente habilitar algún areal do termo municipal como zona de espaxemento canino.

A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en virtude do acordo de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 en relación coa resolución da alcaldía da mesma data (BOP 14/07/2015), iniciou procedemento administrativo co obxecto de delimitar as praias de Foz esquerda e Calzoa como zona de espaxemento canino ó entender que reúnen as condicións idóneas para isto.

O Servizo Municipal de Medio Ambiente redactou en data do 7 de setembro de 2017, memoria xustificativa para a delimitación destas zonas como espazos de espaxemento canino na que se describe o ámbito, as condicións do espazo e as actuacións a realizar.

Toda vez que o ámbito espacial de actuación constitúe dominio público marítimo-terrestre estatal (art. 132.2 CE; art. 3.1.b) Lei 22/1998, do 28 de xullo, de Costas) solicitouse ó Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente -MAPAMA-, no que atinxe ós aspectos da súa competencia, informe relativo á delimitación deste espazo co uso de zona de espaxemento canino.

A xefatura de Servizo Provincial de Costas do MAPAMA achegou escritos de alegacións para a súa consideración:

- Escrito da Asociación de Veciños de Coruxo de data 18/09/2017.
- Escrito de dona Isabel Prado Comesaña no que indica que achega 1.084 sinaturas de persoas que se opoñen a designar os areais de Calzoa e Foz como zonas de espaxemento canino (doc. 170138920). Tamén, se reciben dúas copias do dito escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Doc. 170133648) e no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (Doc. 1709134716).



Concello de Vigo

O Servizo Municipal de Medio Ambiente emitiu informe sobre os escritos presentados en data do 09/02/2018 o cal se trasladou ó Servizo Provincial de Costas en data 12/02/2018.

A xefa do Servizo de Costas do MAPAMA achegou informe de data 20/02/2018 (doc. 180029285) no que indica que:

“En relación a su escrito de fecha 12 de febrero de 2018 sobre solicitud de informe sobre la delimitación del areal de Foz y la playa de A Calzoa como zonas de esparcimiento canido, este Servicio de Costas manifiesta que la competencia para la designación de estos espacios es municipal, tal y como se refleja en la ordenanza aprobada el 16 de febrero de 2000, modificada por el Pleno en sesión del día 26 de julio de 2017.

No se ha presentado ninguna objeción sobre dicha Ordenanza ni tampoco sobre los arenales designados para esparcimiento canido. No obstante, se insiste en la necesidad de mantener las condiciones de limpieza y salubridad de las zonas de baño, de colocar los carteles informativos con las características de cada playa y de extremar las medidas de vigilancia y seguridad sobre las mismas.

Asimismo, se le adjuntan escritos de oposición a esa designación que se presentaron en esta Jefatura Provincial de Costas”.

Os referidos escritos de oposición son dous: o primeiro, é o que xa consta no expediente de dona Isabel Prado Comesaña; o segundo, é de dona Trinidad Pena Pérez.

II.- XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN PROPOSTA

Na memoria xustificada do Servizo de Medio Ambiente do Concello de Vigo de data 07 de setembro de 2017, analizábanse as condicións que posúen os areas de Foz esquerda e parte do areal de Calzoa para a súa delimitación como donas de espaxemento canino nos seguintes termos:

“II.- DELIMITACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO ENTORNO.

PRAIA DE FOZ ESQUERDA E CALZOA (Coruxo)



A FOZ ESQUERDA

Superficie habilitada para cans con marea media: 3.980 m²

DIMENSIÓN: 320 metros de longo por 25 metros de ancho.



Concello de Vigo

DESCRICIÓN: areal dividido pola desembocadura do río Lagares, e definido pola zona de influencia deste. Area de tamaño medio, con pequenos restos de cunchas, de area fina de cor branca con matices crema e escuros. Na marxe esquerda do río (Coruxo) hai afloramentos rochosos contra a urbanización da Foz. Un saínte rochoso fai o límite co areal da Calzoa. Presenta fortes correntes na desembocadura do río Lagares. Con marea baixa duplica a súa superficie.

Orientado ao noroeste.

LIMPEZA: manual e mecánica.

ACCESIBILIDADE: A través dunha pequena baixada dende a urbanización da Foz, ao carón do río Lagares, ou dende o areal de Calzoa pola area.

ACCESO PEONIL: dende o paseo de Samil e a beirarrúa da rúa de Canido –Oia; pola que pasa a senda azul, Camiño á beiramar, hai varios accesos que nos achegan areal.

ACCESO BUS URBANO: liña L10 na rúa de Canido - Oia a 180 m.

ACCESO VEHÍCULO: dende a rúa de Canido - Oia e que nos deixarán nas proximidades.

TITULARIDADE: Zona de Dominio Público Marítimo Terrestre segundo a vixente lexislación de costas.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS:

Non é zona autorizada para a recollida e produción de moluscos bivalvos.

Non é unha zona de uso intensivo no período estival, está próxima a desembocadura do río Lagares e inmediata a gran praia urbana de Vigo, praia de Samil, compatibilizando os diferentes usos dos areais.

A CALZOA

Superficie habilitada para cans: 800 m²

OUTROS NOMES: Areal das Barcas.

DIMENSIÓNS: 120 metros de longo por 30 metros de ancho.

DESCRICIÓN: pequeno areal delimitado polo noiro da rúa de Canido – Oia, ao sur, e un saínte rochoso que marca o límite co areal da Foz de area fina branca cunha tonalidade crema. Son frecuentes as arribazóns de algas. Presenta dunas na parte posterior na que hai varadas embarcacións tradicionais. Na marxe esquerda presenta abondosas rochas entre a area. Con marea baixa duplica a súa superficie.

Presenta a jamela coruxeira, embarcación de pesca tradicional construída polos carpinteiros de ribeira de Coruxo e usada para pescar con liña, ou aparellos e nasas. Preparada para varar nos

areais e traballar entre as zonas de rocha costeiras. Forman parte do patrimonio cultural costeiro e son privadas.

A zona rochosa da esquerda exclúese da zona de espaxemento canino.

Orientado ao noroeste.

LIMPEZA: *manual e mecánica.*

ACCESIBILIDADE: *a través dunha rampla de cemento, con pendente alta ao inicio, no extremo suroeste ou pola area dende pola parte traseira da duna ou dende o areal da Foz.*

SERVIZOS: *ducha e fonte.*

ACCESO PEONIL: *dende a beirarrúa da rúa de Canido Oia, pola que pasa a Senda Azul, Camiño á beiramar hai un acceso que nos achega ao areal.*

ACCESO BUS URBANO: *liña L10 na rúa de Canido - Oia a 70 m.*

ACCESO VEHÍCULO: *dende rúa de Canido - Oia, na que hai un pequeno aparcadoiro en batería.*

TITULARIDADE: *Zona de Dominio Público Marítimo Terrestre segundo a vixente lexislación de costas.*

OUTRAS CONSIDERACIÓNS:

Non é zona autorizada para a recollida e produción de moluscos bivalvos.

Non é unha zona de uso intensivo no período estival, está lindante coa desembocadura do río Lagares e inmediata a gran praia urbana de Vigo, praia de Samil, compatibilizando os diferentes usos dos areais.

III.- ACTUACIÓNS



Concello de Vigo



En verde: zona excluída do espazo habilitado para os cans que queda, cara á dereita, collendo parte da Calzoa e o areal da Foz esquerda na parroquia de Coruxo.

Accesos.

En azul o acceso para a máquina limpapraias ao areal da Calzoa e Foz esquerda.
En fucsia os accesos para as persoas con cans. Un ao este baixo a urbanización da Foz e o outro cara ao oeste por detrás do areal ata a súa parte central.

Actuacións precisas:

Delimitación do espazo accesible para cans.

Con postes de madeira espetados directamente na area e unidos con arame e tensores ao longo de toda a liña laranxa que se sinala no plano.

Obxectivo.

Conducir os usuarios e usuarias cara a praia pola zona indicada que desemboca na parte central da zona de espaxamento canino.

Información aos usuarios/as do espazo.

Por medio de dous carteis indicadores en cada un dos accesos, un panel informativo no centro do areal e un cartel sinalizador con frecha do límite do espazo para os cans.

Obxectivos.

Dar información aos usuarios sobre o espazo para os cans.
Definir os acceso de entrada ao areal.

Embarcacións tradicionais.

A existencia de "Jamela coruxeira" no extremo oeste debe ser conservada por ser un uso tradicional do espazo. Neste espazo só haberá postes, sen arame, para delimitar fisicamente o espazo pero permitir a entrada/saída de embarcacións.

Obxectivos.

Preservar o patrimonio mariñeiro da zona.

Recollida de residuos

Reforzarse a zona de espaxemento canino con colectores para a recollida de lixo e excrementos e reforzar a limpeza mecánica deste espazo.

Período de uso do espazo

Libre e permanente durante todo o ano mentres se manteña en vigor o acordo da autoridade competente polo cal se delimita o espazo como zona de espaxemento canino."

III.- ANÁLISE ALEGACIÓNS PRESENTADAS

III.1.- Escrito da Asociación de Veciños de Coruxo de data 18/09/2017.

Dáse por reproducido o contido da alegación. En síntese, indican:

- Alegan a súa desconformidade coa modificación da Ordenanza municipal a que consideran pouco realista e incompleta ó non contemplar a posibilidade de acceder ós cans atados no período estival ás praias, non contemplar a posibilidade de limitación horaria. Indican que debería estudarse e aprobar unha modificación en profundidade da ordenanza municipal que regula a tenza de animais.

- Alegan a súa desconformidade con que se habilite a praia de Foz e Calzoa como zona de espaxemento canino toda vez que: - a zona carece de aparcamentos e con excesiva afluencia de vehículos polo que se vai a agravar este problema, - as praias son frecuentadas por familias e nenos polo que non se considera conveniente que estean soltos os cans, - a imposibilidade de impedir que os cans soltos pasen dunha zona habilitada a outra, - indican si se tivo en conta os efectos da decisión sobre as aves e os ecosistema da zona; - descoñecen as condición obxectivas para escoller estas praias, - a liberdade absoluta do cans limitará o acceso a estas praias ás familias, - grande afluencia de aves de paso neste areal que aparecen no Anexo I da Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 30 de novembro de 2009, que se verán afectados ao igual que outros valores naturais.

Solicitan:

Que se denegue a autorización para que os cans anden soltos en todas as praias de Vigo, que se denegue a autorización para que cans anden soltos nas praias de Calzoa e Foz en calquera horario mentres non se realice un estudo da afección ó ecosistema existente, se deixe a porta



Concello de Vigo

aberta ó acceso ós cans a todas as praias de Vigo, convenientemente atados e cumprindo as mínimas condicións de seguridade.

III.2.- Escrito de dona Isabel Prado Comesaña no que indica que achega 1.084 sinaturas de persoas que se opoñen a designar os areais de Calzoa e Foz como zonas de espaxemento canino (doc. 170138920).

Dáse por reproducido o contido da alegación. En síntese, indican:

- Entende que debe manterse a prohibición de coexistencia de cans e persoas nos areais na época estival.
- Que ós areais de Calzoa e Foz de Vigo acoden numerosos usuarios formados principalmente por grupos de familias con nenos e nenas.
- Que a Calzoa e a Foz do río Lagares xunto coa Xunqueira conforman o humidal máis importante de Vigo que é frecuentado por numerosas aves, moitas delas incluídas en directivas de protección europeas, na guía de aves costeiras, tratase de praias con valor ornitolóxico.
- Que a existencia de cans soltos alteraríase o espazo e o ecosistema de gran valor ecolóxico.

Solicitan:

que non se aprobe a decisión do Concello de designar as praias de A Calzoa e Foz como zonas de espaxemento canino.

III.3.- Escrito de dona Trinidad Pena Pérez (doc. 170138920).

Este escrito non se refire estritamente á delimitación do espazo para zona de espaxemento canino, senón que pon de manifesto a existencia de cans de grandes dimensión soltos e sen bozal na praia da Calzoa, e falla de control dun dono do seu can que atacou a un gato. Indica, que se deben adoptar medidas para garantir a convivencia entre animais e persoas.

ANÁLISE DAS ALEGACIÓNS

O presente procedemento administrativo número 12839/306 ten por obxecto a delimitación das praias de Foz esquerda e parte do areal de Calzoa do termo municipal de Vigo para “zona de espaxemento canino, onde os cans poderán circular libremente e soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a (excluídos os cualificados como potencialmente perigosos)” conforme o establecido no artigo 7.3.bis. da vixente Ordenanza municipal para a protección e tenza de animais -OMPTA- (Aprobación Concello-Pleno 16/02/200, BOP 22/06/2000; Modificación que introduce dito apartado Concello-Pleno 26/07/2017, BOP 11/08/2017).

As consideracións respecto a conveniencia, oportunidade, contido da dita modificación da Ordenanza municipal non son obxecto deste procedemento e deberon plantearse no momento procedimental oportuno que non foi outro que durante a exposición pública da dita Ordenanza municipal, polo que non teñen cabida no presente procedemento.

^S.ord.3/05/18

Con todo, compre indicar que a OMPTA establece no artigo 7.3. *“prohíbese a circulación ou permanencia de cans e outros animais nas praias en período estival, definido este como o comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de setembro”*, por tanto -fora dese período- os cans poderán ir as praias cumprindo coas condicións establecidas na normativa de aplicación -atados con correa ou colar ou outros elementos de retención-.

A modificación da OMPTA aprobada polo Concello Pleno 11/08/2017, que habilita á autoridade municipal para que delimite areas como zona de espaxemento canino, onde os cans poderán circular libremente e soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a (excluídos os cualificados como potencialmente perigosos), como se dicía na xustificación daquela modificación, viña a responder a existencia dunha demanda social relativa a que os cans poidan transitar en liberdade, acompañados polos seus propietarios, por algúns dos areas do concello de Vigo co obxecto de adaptala á realidade cidadá e compatibilizar as necesidades de todos os usuarios dos areas do municipio, garantindo, así mesmo, o respecto ao medio ambiente e a salvagarda da salubridade pública.

A vixente Lei galega 4/2017, do 3 outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia -entrada en vigor 11/01/2018- contempla a posibilidade da existencia de lugares en que transiten en liberdade os cas, baixo o control e a responsabilidade das persoas propietarias ou posuidoras deles, evitando danos ou molestias ás persoas viandantes ou a outros animais (artigo 7.3.b))

Trátase, por tanto, ao longo de todo o litoral de costa do termo municipal de Vigo de habitar algún espazo para o espaxemento canino, no sentido de compatibilizar o uso racional dos areas e os intereses xerais de todos os cidadáns.

Respecto ós restantes motivos contidos nas alegacións que consideran que os ditos areas de Foz e Calzoa non son idóneos para zona de espaxemento canino cómpre indicar que a memoria xustificativa analiza aqueles aspectos salientables que determinan estas zonas de espaxemento canino. Neste sentido, compre determinar que:

- Trátase de praias que se sitúan na zona central do litoral da costa do termo municipal de Vigo de xeito equidistante para todos os usuarios do termo municipal.

- Trátase de praias que permiten o acceso de limpeza con máquinas rastrilladoras, especialmente na época estival, para garantir unha limpeza máis profunda do areal e garantir a súa salubridade.

- Trátase de praias nas que se poden instalar facilmente elementos para a recollida dos residuos, carteis informativos.

- Trátase de praias que non son de uso intensivo no período estival (como puideran ser outras como Samil, Argazada, Tombo do Gato, Vao...), e inmediatas a gran praia urbana de Vigo, praia de Samil, compatibilizando os diferentes usos dos areas.



Concello de Vigo

- En canto a zonas de aparcamento para usuarios, sempre resultan escasos na época estival, en toda a zona do litoral de Vigo pola afluencia de usuarios. Non obstante, a súa inmediata proximidade ó areal de Samil permite que os usuarios teñan acceso a unha das zonas de máis aparcamento e paradas de transporte público da zona de areais e poidan trasladarse a pe cos seus animais pola beirarrúa ata os areais habilitados habida conta da súa proximidade.

- As zonas habilitadas para o espaxamento canino non son toda a praia senón parte destas o que permite compatibilizar usos:

- O areal de Foz posúe unha superficie aproximada duns 8.000 m² (320 m. de longo por 25 m. de ancho) dos que se habilita para zona de espaxamento canino unha superficie de 3.980 m², correspondente á zona de areal Foz esquerda -dende a desembocadura do Lagares ata o areal de Calzoa-.

- O areal de Calzoa posúe unha superficie aproximada duns 3.600 m² (120 metros de longo por 30 metros de ancho) dos que se habilitada para zona de espaxamento canino unha superficie de 800 m², deixando fora deste uso a zona esquerda do areal e, tamén, a de rochas e cantís que puideran frecuentar aves en invernada tal e como reflicte a imaxe satélite de actuacións que se reflicte anteriormente e na que se sinala en cor verde toda a zona do areal de Calzoa que se exclúe de zona habilitada.

- Todas as praias do termo municipal son frecuentadas por familias e nenos en maior ou menor medida, non obstante as zonas seleccionadas dos areais non son de grande intensidade de uso, son utilizadas parcialmente para zona de espaxamento canino e, tamén, a súa total proximidade a outras praias da cidade -Samil, Fontaíña, Vao- permite compatibilizar usos e que todos os usuarios poidan desfrutar destas na forma legalmente prevista.

- Á entrada destes areais que se utilizaran parcialmente para zona de espaxamento canino colocaranse carteis informativos de tal xeito que os usuarios poidan coñecer con exactitude a zona delimitada para este uso. Neste sentido, a zona delimitada na súa banda dereita chega ata a desembocadura do río Lagares que fai de delimitación natural da zona, pola súa banda esquerda colocaranse algúns postes de madeira que delimite claramente o espazo.

- En todo caso, na zona de espaxamento canino os cans poderán circular libremente e soltos (a excepción dos catalogados como perigosos), pero deberán ir acompañados polo seu propietario e posuidor o cal será responsable destes e debendo limpar, en todo momento, os excrementos. A zona delimitada é o suficientemente ampla para que os donos ou posuidores poidan manter os animais dentro do espazo que se delimita.

- En canto as alegacións, nas que se indica a presenza de aves silvestres protexidas por directivas europeas compre sinalar que:

Toda a costa do literal vigués conta, por fortuna, co paso de aves silvestres con máis ou menos graos de protección que todos os usuarios debemos conservar e protexer. A zona que se pretende delimitar como zona de espaxemento canino límitase ós espazos concretos de zona de area, totalmente accesibles, que son utilizados polos usuarios polo que a súa presenza alonxa tamén a das aves que puideran pasar.

Con todo, as concretas zonas que se pretenden delimitar de Foz Esquerda e parte do areal de Calzoa, deixan fora do seu ámbito tanto toda a zona rochosa do areal de Calzoa no que puideran existir aves en paso ou en invernada como toda a zona da Xunqueira do Lagares. Os areas de Foz e Calzoa son praias e, por tanto, dominio público marítimo terrestre suxeitos á lexislación de costas polo que non teñen a consideración de humedais nin se lle pode aplicar a normativa que puideran regular estes.

Os areas da Foz e sobre todo o de Calzoa NON ESTÁN incluídas na Zona Especial Protección de Aves ZEPA ES0000499 ESPAZO MARIÑO DAS RÍAS BAIXAS DE GALICIA que abrangue pola costa dende a Illa de Toralla cara o areal de Xunqueiro e descendendo cara o sur por toda a costa do termo municipal de Vigo.

En efecto, a Directiva 2009/147/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres (Directiva Aves), aplícase a todas as especies de aves que viven normalmente en estado silvestre no territorio europeo dos Estados membros, e ten por obxectivo a protección, a administración e a regulación de ditas especies e da súa explotación.

En cumprimento das obrigas da Directiva Aves, os Estados membros tomarán todas as medidas necesarias para preservar, manter ou restablecer unha diversidade e unha superficie suficiente de hábitats para todas as especies de aves obxecto de protección, entre cuxas medidas se recolle a creación de zonas de protección.

As Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA) designadas en virtude e da Directiva Aves forman parte de la Rede Natura 2000, creada por la Directiva 92/43/CEE, do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (Directiva Hábitat).

No ámbito estatal, a Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, incorpora ó réxime xurídico español o establecido nas Directivas Aves e Hábitat. No seu artigo 43 establece que serán declaradas ZEPA os espazos do territorio nacional e das aguas marítimas baixo soberanía ou xurisdición nacional mais axeitadas en número e en superficie para a conservación das especies de aves incluídas no anexo IV da mencionada lei e para a conservación das aves migratorias de presenza regular en España. Ademais, estableceranse nas ZEPA medidas para evitar as perturbacións e medidas de conservación especiais en canto o seu hábitat que garantan a supervivencia e reprodución das especies de aves obxecto de protección.



Concello de Vigo


O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente identificou una serie de espazos, en número e tamaño axeitados, para asegurar o cumprimento das prescricións da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, e que constitúen a base para a declaración das 39 ZEPA mariñas.




Neste sentido, a Orde do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente AAA/1260/2014, de 9 de xullo, declara determinadas Zonas de Especial Protección para las Aves en augas mariñas españolas (BOE, xoves 17 de xullo de 2017).

O Artigo 1 da citada Orde indica que *“o obxecto da presente orde é a declaración dos seguintes 39 espazos das augas mariñas baixo soberanía ou xurisdición española como Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA), de conformidade co establecido na Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.”*

Entre ditos espazos declarados ZEPA está o *“ES0000499 Espazo marítimo das Rías Baixas de Galicia”*

O ámbito da devandita ZEPA sinalase no plano seguinte do MAGRAMA e no que se sinalou en vermello a zona que se pretende como espaxemento canino.



	Zona de Especial Protección para las Aves	Especies por las que se declara Zona de Especial Protección para las Aves:	
	Proyección UTM Huso 29 Datum ETRS89 Coordenadas geográficas	A200 <i>Alca forata</i> A197 <i>Chlidonias niger</i> A204 <i>Pratercula arctica</i> A002 <i>Gavia arctica</i> A003 <i>Gavia immer</i> A001 <i>Gavia stellata</i> A182 <i>Larus canus</i> A183 <i>Larus fuscus</i> A187 <i>Larus marinus</i> A176 <i>Larus melanocephalus</i> A064 <i>Larus michahellis</i> A177 <i>Larus minutus</i> A179 <i>Larus ridibundus</i> A178 <i>Larus sabini</i> A066 <i>Melanitta fusca</i> A065 <i>Melanitta nigra</i> A069 <i>Mergus senotator</i> A016 <i>Morus basaricus</i> A171 <i>Phaethon fuscus</i> A021 <i>Puffinus gravis</i> A012 <i>Puffinus griseus</i> A013 <i>Puffinus puffinus</i> A188 <i>Rissa tridactyla</i> A175 <i>Stercorarius skua</i> A193 <i>Sterna albifrons</i> A193 <i>Sterna hirsuta</i> A194 <i>Sterna paradiisaea</i> A191 <i>Sterna sandvicensis</i> A199 <i>Uria aalge</i> A173 <i>Stercorarius pomarinus</i> A172 <i>Stercorarius pomarinus</i> A010 <i>Colaptes diomedea</i> A014 <i>Hydrobates pelagicus</i> A015 <i>Oceanodroma leucorhoa</i> A174 <i>Stercorarius kingi</i> A384 <i>Puffinus puffinus mauritanicus</i> A684 <i>Phaethon rubricauda</i> A018 <i>Phaethon rubricauda</i> Superficie cartografiada (km ²): 2.218,65	
	Estos mapas no son aptos para la navegación		

Nesta ZEPA, tense constatado a presenza regular durante os pasos prenupcial e postnupcial ou en invernada de especies, entre outras...



Concello de Vigo

Actitis hypoleucos, Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial.

Arenaria interpres, “De interese especial” no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas.

Calidris alba, “De interese especial” no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas.

Calidris alpina, “De interese especial” no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas.

Charadrius hiaticula, “De interese especial” no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas.

Chroicocephalus ridibundus.

Egretta garzetta, “De interese especial” no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas.

Haematopus ostralegus, Libro vermello das aves de España na categoría de “Case ameazado” e “De interese especial” no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas.

Larus fuscus

Larus melanocephalus Libro Vermello das aves de España (2004) na categoría de “Rara” e “De interese especial” no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas.

Larus michahellis.

Phalacrocorax aristotelis, Libro Vermello das aves de España, a subespecie aristotelis figura como “En perigo” “De interese especial” no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas.

Phalacrocorax carbo, “De interese especial” no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas.

Thalasseus sandvicensis, Libro Vermello das aves de España na categoría de “Vulnerable” e “De interese especial” no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas.

Por tanto, pode concluírse sen ningún xénero de dúbidas que a zona de praia que se pretende delimitar como zona de espaxemento canino queda fora da ZEPA “ES0000499 Espazo marítimo das Rías Baixas de Galicia”.

Calquera outra praia cara o sur do termo municipal na que se pretendera implantar como zona de espaxemento canino, quedaría ben dentro da referida ZEPA ou máis próxima a ela e, por tanto, con maior afección a estas aves e cara o norte trátase de praias con maior densidade de usuarios: Samil, Argazada, Tombo do Gato, ou de reducidas dimensións e nas que, na maioría dos casos, non entra a máquina rastrilladora limpapraias.

A maior abundamento, como xa se sinalou con anterioridade a maior parte do areal da Calzoa queda fora da zona de espaxemento canino, estando todo o tramo litoral e afloramento rochoso que fai de límite entre A Calzoa e A Foz ao marxe deste uso.

Por outra banda, os accesos e as zonas con vexetación permanente serán delimitadas fisicamente con postes para canalizar o acceso ao areal, que será obrigatorio, e evitar o tránsito de animais máis aló do espazo permitido.

En todo caso, farase un control periódico da evolución do espazo podendo incorporarse medidas correctoras ou novas propostas de espazos para os cans.

A zona de espaxemento canino non exime ó propietario da súa responsabilidade sobre o animal o cal debe controlar e acompañar en todo momento co obxecto de evitar calquera situación de risco.

En todo caso, cómpre que a Policía local intensifique a vixilancia sobre a zona de espaxemento canino e vixie o cumprimento na normativa de aplicación.

Por outra banda, como xa levamos dito, os animais cualificados como potencialmente perigosos, conforme á normativa pola que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos, deberán, en lugares públicos, ir sempre suxeitos con correa e bozo de conformidade coa normativa de aplicación e, por tanto, tamén na zona de espaxemento canino.

Informarase aos usuarios/as mediante sinalética das características do espazo, superficie e condicións de uso con cumprimento estrito da lexislación vixente e será obxecto de vixilancias pola autoridades municipais cara o cumprimento da normativa de aplicación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

A vixente Lei galega 4/2017, do 3 outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia -entrada en vigor 11/01/2018- contempla a posibilidade da existencia de lugares en que transiten en liberdade os cas, baixo o control e a responsabilidade das persoas propietarias ou posuidoras deles, evitando danos ou molestias ás persoas viandantes ou a outros animais (artigo 7.3.b))



Concello de Vigo

O artigo 7, apartado 3bis, da Ordenanza municipal para a protección e tenza de animais -en adiante OMPTA- aprobada polo Pleno o 16 de febreiro de 2000 (BOPPO 22/06/2000, publicada a modificación no BOPPO do 11/08/2017), permite que a autoridade municipal delimite praias como zonas de espaxemento canino, onde os cans poderán circular libremente e soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a.

O artigo 7, apartado 3ter, da citada OMPTA exceptúa do disposto no apartado anterior ós cans cualificados como potencialmente perigosos, conforme á normativa pola que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos, que deberán, en lugares públicos, ir sempre suxeitos con correa e bozo de conformidade coa normativa de aplicación.

Tal e como se recolle no presente informe, xustificase a conveniencia e oportunidade da delimitación do areal de Foz Esquerda e parte do areal de Calzoa como zona de espaxemento canino, onde os cans poderán circular libremente e soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a (excluídos os cualificados como potencialmente perigosos)

A Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, incorpora ó réxime xurídico español o establecido nas Directivas Aves e Hábitat., tendo regulado os espazos que se declaran Zonas de Especial Protección de Aves.

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente identificou una serie de espazos, en número e tamaño axeitados, para asegurar o cumprimento das prescricións da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, e que constitúen a base para a declaración das 39 ZEPA mariñas.

Entre ditos espazos declarados ZEPA está o *“ES0000499 Espazo marítimo das Rías Baixas de Galicia”* (Orde do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente AAA/1260/2014, de 9 de xullo, declara determinadas Zonas de Especial Protección para las Aves en aguas mariñas españolas (BOE, xoves 17 de xullo de 2017).

A zona de praia que se pretende delimitar como zona de espaxemento canino queda fora do ámbito da referida ZEPA *“ES0000499 Espazo marítimo das Rías Baixas de Galicia”*.

Os referidos areais son terreos de dominio público marítimo terrestre e, por tanto, suxeitos ó establecido na Lei 22/1998, do 28 de xullo, de Costas e ó regulamento que a desenvolve aprobado por Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro.

O Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do MAPAMA en escrito de data 20/02/2018 non indicou obxección respecto da delimitación do espazo como zona de espaxemento canino.

E órgano competente para resolver o procedemento, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo ao abeiro do establecido no artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Desestimar os escritos de alegacións presentadas pola Asociación de Veciños de Coruxo, dona Isabel Prado Comesaña e outros, dona Trinidad Pena Pérez en canto se opoñen á delimitación do areal de Foz Esquerda e parte do areal de Calzoa como zona de espaxamento canino, en virtude dos fundamentos de feito e dereito contidos na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Delimitar, ao abeiro dos artigos 7.3 ter., 11 en relación co 24 da vixente Ordenanza municipal para a protección e tenza de animais aprobada polo Pleno o 16 de febreiro de 2000, aprobada modificación polo Pleno en sesión do 26 de xullo de 2017, (BOPPO 22/06/2000, publicada a modificación no BOPPO do 11/08/2017), o areal de Foz Esquerda e parte do areal de Calzoa como zona de espaxamento canino, onde os cans poderán circular libremente e soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a, conforme á memoria xustificativa que se contén neste acordo.

TERCEIRO.- Exceptuar do disposto no apartado anterior, ós cans cualificados como potencialmente perigosos, conforme á normativa pola que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos, que deberán ir sempre suxeitos con correa e bozo de conformidade coa normativa de aplicación.

CUARTO.- Sinalizar verticalmente a zona como de espaxamento canino, coa instalación de sinais informativas, postes de madeira na zona vexetal, reforzo de instalación de colectores para recollida do lixo e excremento, de conformidade coa memoria xustificativa que se contén neste acordo.

QUINTO.- Lembrar os usuarios da zona de espaxamento canino que:

- Deberán cumprir en todo momento coa normativa de protección e benestar dos animais de compañía, as normas de salubridade e costas e calquera outra de obrigado cumprimento.
- O propietario/a posuidor/a dos cans deberán manter o control sobre eles ó fin de evitar molestias ou danos ás persoas e aos demais cans, sendo responsable o propietario/a ou posuidor/a do seu comportamento e danos que orixinen, de acordo coa normativa de aplicación.
- As deposición dos animais recolleranse inmediatamente e botaranse hixienicamente nos lugares habilitados.
- Se hai cans con comportamentos agresivos débense retirar inmediatamente da zona de espaxamento canino xa que poden alterar a conduta doutros.
- Non se subministrará alimentos ós cans na zona de espaxamento canino e débese evitar a entrada de cadelas en celo a este espazo.

SEXTO.- A utilización do espazo do areal de Foz Esquerda e parte do areal de Calzoa como zona de espaxamento canino queda sometida á CONDICIÓN SUSPENSIVA en tanto en canto non se proceda a instalar a sinalética que se reflicte no apartado cuarto deste acordo.

Unha vez instalada a sinalética, publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para xeral coñecemento, momento a partir do cal se entenderá levantada a condición



Concello de Vigo

suspensiva, polo que a partir do día seguinte á publicación do anuncio no BOP de Pontevedra, os usuarios poderán utilizar o espazo como zona de espaxemento canino.

SÉTIMO.- Requirir ós Servizos Municipais de Limpeza que se intensifique a limpeza mecánica da zona de espaxemento canino co obxecto de garantir a súa salubridade, especialmente, no período estival.

OITAVO.- Requirir da Policía local que se intensifique a vixilancia na zona de espaxemento canino co obxecto de velar polo cumprimento da normativa de aplicación.

NOVENO.- Informar ós interesados/as que contra o presente acordo que pon fin a vía administrativa, consonte os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(449).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO OFICINA DE MEDIO AMBIENTE, SANIDADE E CONSUMO, LABORATORIO E VIGO ZOO DENDE OUTUBRO A DECEMBRO DE 2017, XANEIRO, FEBREIRO, ATA O 8 DE MARZO DE 2018. EXPTE. 13332/306.

Dáse conta do informe-proposta de data 30/04/18, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31.^a das Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo e o acordo de delegación de competencias nos concelleiros de área da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 (BOE 14/07/2015), faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no servizo de Medio Ambiente, Sanidade, Consumo, Laboratorio e Vigo-zoo autorizados pola concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable de outubro a decembro de 2017 e de xaneiro ao 8 de marzo de 2018.

EXPTE	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE
8809/612	Servizo	Reparación enfriadora aire acondicionado	Veolia Servicios Norte, SAU	698,05 €
8814/612	Submin.	Proxecto Led de 50W	ACELEC, SL	157,30 €
8815/612	Servizo	Recollida residuos orgánicos subproductos animais	GESUGA, SL	329,12 €
8823/612	Servizo	Reparación motor ascensor	Ascensores ENOR, SA	1.801,69 €
8824/612	Servizo	Aluguer dunha cortadora de xuntas	Xelaco, SL	202,57 €
8885/612	Submin.	Varanda na cuberta edificio central Vigozoo	Francisco Pereira Taboas	6.564,25 €
8887/612	Submin.	Tubos e mallazo galvanizado reformas	Hierros Lago, SL	576,32 €
8888/612	Submin.	Madeira para recintos exteriores	Madetas del Noroeste SL	209,50 €
8889/612	Servizo	Recollida de residuos	Varios	4.000,00 €
8890/612	Submin.	Materias de ferretería	Varios	4.000,00 €
8891/612	Submin.	Aves acuáticas	Finca Casarejo, SL	628,00 €
8892/612	Servizo	Modificación da páxina WEB de VigoZoo	Carlos Alonso Veloso	1.101,10 €
8893/612	Servizo	Mantemento do centro de transformación	ACELEC, SL	744,75 €
8894/612	Servizo	Reparación de enfriadores acuáticos	TÉRMICAS MORRAZO SL	296,45 €
8895/612	Submin.	Material funxible para quirófano	LA BOUVET SL	435,32 €
8896/612	Servizo	Traballos para limpeza de especies invasoras na colmena	Salvador Martínez Pardo	242,00 €
8897/612	Submin.	Material exposición apícola	Salvador Martínez Pardo	1.040,00 €
8919/612	Servizo	Transporte Dun Eland dende Parque Terra Natura Murcia	Luis Manuel Pérez Glez	2.420,00 €
8920/612	Submin.	Palla de trigo empacadas	CLUN COOPERATIVAS LÁCTEAS UNIDAS SCG	2.827,49 €
8924/612	Servizo	Aluguer vallas protectoras	XEALCO SL	225,30 €
8928/612	Servizo	Reparación de secadora	DELEGACIONES REUNIDAS NOVO-FRI SA	503,38 €
8929/612	Submin.	Dunha porta metálica para acceso terraza	Francisco Pereira Taboas	931,70 €
8999/612	Submin.	Hilo luminoso para adornos navideños	DIGAMEL SL	322,34 €
9000/612	Submin.	Cinco árbores	CASAPLANTA SL	363,00 €
9001/612	Servizo	Limpeza circuito en acuario	TÉRMICAS MORRAZO SL	147,74 €
9003/612	Servizo	Analíticas para castor	FUNDACIÓN ROF CODINA	796,60 €
9004/612	Submin.	Material cirúrxico	GRUPANOR CERCAMPO SL	135,87 €
9005/612	Servizo	Analíticas para lince	FUNDACION ROF CODINA	423,32 €
9019/612	Submin.	Produtos de limpeza para instalacións	DARLIM SL	301,70 €
9022/612	Servizo	Recollida de residuos orgánicos	GESUGA SL	187,60 €
9044/612	Submin.	Material de ferretería	Varios	2.000,00 €
9045/612	Submin.	Material de obra	Silvino Figueiredo SL	3.000,07 €
9046/612	Submin.	Materiais metálicos para reformas	Varios	3.100,00 €
9053/612	Submin.	Aerotermino eléctrico para invernadoiro	Hortalizas Baceo SL	5.300,00 €
9054/612	Submin.	Baldosas e tableiros para reforma oficina	PAZ DISMAC SL	7.048,22 €
9079/612	Servizo	Ludoteca do Nadal	Babadiva SL	1.815,00 €
9095/612	Submin.	Froita para primeiro semestre do ano	Frutas Nieves	10.872,52 €
9096/612	Submin.	Grillos; Zophobas e Tenbrios para consumo animal	Gemma Llacer Elena	1.731,73 €
9097/612	Submin.	Polos; Troitas e ratón conxelado	Saint Laurent	3.575,00 €
9098/612	Submin.	Xenérico de material de ferretería	Xenérico	12.000,00 €
9099/612	Submin.	Alimentos para nocturama	Xenérico	2.000,00 €
9100/612	Submin.	Gasoil para illa de lémures	Codisoil	4.628,25 €
9101/612	Servizo	Xestión de residuos	Varios	6.000,00 €
9102/612	Submin.	Vestuario para cuidadores incorporados	Peycar Pontevedra SL	715,29 €



Concello de Vigo

EXPTE	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE
		02/01/2018		
9103/612	Servizo	Mantemento aplicación taquilla "clasigess"	Iago Colón Mejeras	3.500,00 €
9104/612	Submin.	Despece de polo e coello 1º semestre	Lago, aves, huevos y caza SA	4.839,39 €
9105/612	Submin.	Medicamentos uso veterinario	Xenérico	3.500,00 €
9106/612	Servizo	Mantemento de maquinaria	Xenérico	5.000,00 €
8931/612	Obra	Dun oco para porta acceso á terraza	Sertrición SL	1.040,60 €
9109/612	Servizo	Mantemento ascensor edificio principal	Ascensores ENOR, SL	1.286,62 €
9110/612	Submin.	Material fontanería	Comercial Bastos SL	895,05 €
9111/612	Submin.	De 15 proxectores LED	Energanova Soluciones SL	1.243,77 €
9112/612	Servizo	Corte de bandexas de aluminio	Francisco Pereira Taboas	338,80 €
9113/612	Servizo	Desenvolvemento actividades programa educativo 1º semestre	Babadiva SL	12.281,50 €
9114/612	Servizo	De educación de terapia de cans	Ramalladas SL	13.200,00 €
9119/612	Submin.	Carne equina para 1º semestre	Varios	5.927,80 €
9120/612	Submin.	Piensos consumo animal 1º semestre	Pérez Groba Caramuxo Sl	19.331,52 €
9123/612	Servizo	Grúa para retirada de pedras de 6 toneladas	Grúas Dóniz	726,00 €
9138/612	Submin.	Adquisición vehículo eléctrico	Almijocar	8.203,80 €
9139/612	Submin.	Equipos profesionais (talkies)	Telga comunicaciones SL	2.737,50 €
8932/612	Submin.	Cámaras de vixilancia	Iago Colón Mejeras	337,70 €
9141/612	Submin.	Comedeiros para aves	Finca Casarejo, SL	202,40 €
9142/612	Submin.	Material diverso para o exotarium	David Miguel Silveira	2.139,08 €
9144/612	Submin.	Planisferios para departamento educación	Reprogalicia SL	1.861,62 €
9145/612	Submin.	Viruta para limpeza de cuadras	Pérez Groba Caramuxo Sl	306,37 €
9146/612	Submin.	Palla para cuadras	Cooperativas Lácteas Unidas SCG	1.306,80 €
9148/612	Submin.	Botella de gas	Comercial Ampher SL	209,64 €
9149/612	Submin.	Materiais para piscina	Hydro Global SL	349,27 €
9150/612	Submin.	Material de transporte	División Comercial Herdasil	996,94 €
9151/612	Submin.	20m3 de formigón	Transporte Val SL	1.754,98 €
9163/612	Servizo	Reparación megafonía exterior	DMR Comunicacóns SL	2.847,61 €
9176/612	Servizo	Actividades campamentos e conferencias educación	Xermolo dinamización Sociocultural	4.840,00 €
13016/306	Servizo	Estado comunidades de anfibios nas augas afectados incendios	Novocontorno SL	2.190,10 €
13072/306	Servizo	Mantemento e actualización licenza Cadna Mapa ruído	Sound of Numbers SL	3.869,58 €
12933/306	Servizo	Actividade de visita a espazo costa de Vigo	Xérmolo dinamización Sociocultural SL	1.815,00 €
13007/306	Servizo	Execución accións de voluntariado montes de Vigo	Xermolo dinamización Sociocultural SL	7.623,00 €
13010/306	Servizo	Cuestionarios Bandeiras Azuis 2018	Novocontorno SL	5.144,68 €
13043/306	Submin.	Sistema alimentación fotovoltaico en caseta Illas Cíes	DMR Comunicacóns SL	12.509,46 €
13044/306	Submin.	Selladora Quanti-Tray Sealer 98-002570	IDEXX Laboratorio SL	3.401,92 €
13082/306	Submin.	Taboleiro espiñal	Emergencias y Auxilios Sanitarios SL	393,25 €
13182/306	Servizos	Reparación e conservación bens naturais	Varios	10.800,00 €
13183/306	Submin.	Materiais para reparación bens naturais	Varios	5.000,00 €
13184/306	Submin.	Materiais reparación caneira	Varios	18.000,00 €
13185/306	Submin.	Materiais varios para hortos urbanos e outros	Varios	9.000,00 €
13217/306	Submin.	Materiais publicitarios activ. Educación amb.	Varios	6.000,00 €
13279/306	Servizos	Cuota de AMUPARNA	AMUPARNA	901,52 €
13281/306	Servizos	Cuota Rede Cidades polo Clima	FEMP	300,00 €

EXPTE	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE
13186/306	Servizos	Xestión de residuos perigosos e puntos limpos	Varios	9.000,00 €
13187/306	Servizos	Xestión de residuos atopados en montes e vías	Varios	9.000,00 €
13208/306	Servizos	Acción educativa divulg. Zonas húmidas	Xermolo Dinam. Sociocul, SL	21.719,50 €
13246/306	Servizos	Mantemento licenza CadnaA mapa Ruidos	Sound of Numbers, SL	1.934,79 €
13245/306	Servizos	Actualización mapa Ruidos	Sonen, Centro Acústica SL	16.153,50 €
13247/306	Servizos	Asesoría e superv. Actualiz. Mapa Ruidos	Universidade de Vigo	4.840,00 €
13249/306	Servizos	Retirada niños e ovos gaivotas	Agronergera, SL	21.778,79 €
13262/306	Servizos	Actividades sensibil. Medioamb. Percorridos	Xermolo Dinam. Sociocul, SL	21.719,50 €
13263/306	Servizos	Transporte terrestre percorridos medioamb.	Autna, SL	15.180,00 €
13267/306	Servizos	Vª Andaina polos montes de Vigo	Mancomunidade Montes Vigo	21.767,90 €
13283/306	Servizos	Dinamin. Voluntariado Cíes	Cerquiño, S. Coop. Galega	21.767,90 €
13188/306	Servizos	Recollida e xestión animais mortos	Varios	1.000,00 €
13189/306	Servizos	Custodia e alimentación animais	Varios	21.000,00 €
13251/306	Servizos	Garda e custodia cadelas terapia	Ramalladas, SL	3.569,50 €
13275/306	Servizos	Organ,dinamiz. Hortas urbanas	Cerquiño, S. Coop. Galega	21.767,90 €
13190/306	Submin.	Materiais para mantemento praias	Varios	10.000,00 €
13248/306	Servizos	Coordinación salvamento e socorrismo	Carlos Vales Porto	16.500,00 €
13215/306	Servizos	Colocación e retirada balizado praias	Worksub Trabajos Submarinos, SL	19.000,00 €
16127/310	Servizos	Coordinación act. Prevención cardiovascular	Carlos Vales Porto	19.586,00 €
16129/310	Servizos	Actividades terapéuticas asistidas cans	Ramalladas, SL	19.800,00 €
16128/310	Servizos	Asosoramento nutricional poboación viguesa	Oscar Carballeda Rodríguez	4.888,88 €
16126/310	Servizos	Limpeza fincas insalubres en exec. Forzosa	Varios	20.000,00 €
16130/310	Servizos	Atencións protocolarias	Varios	500,00 €
16131/310	Servizos	Cuota Rede Cidades Saudables	FEMP	3.000,00 €
6310/302	Servizos	Atencións protocolarias	Varios	1.000,00 €
6309/302	Servizos	Material publicitario info consumidor	Varios	12.000,00 €
6404/302	Servizos	Charlas orientación consumidor adquisición animais	Ramalladas SL	2.795,10 €
6476/302	Servizos	Formativa obradoiros viticultura Galicia	Juan José Figueroa Treus	2.480,00 €
4734/313	Servizos	Reparación e utilaxe. Reparación de equipos	Varios	3.000,00 €
4731/313	Subministros	Libros e outras publicacións	Varios	500,00 €
4717/313	Subministros	Produtos farmacéuticos e reactivos	Varios	10.000,00 €
4718/313	Subministros	Subministración outros subministros	Varios	19.000,00 €
4720/313	Servizos	Mensaxería	SEUR Geopost SLU	300,00 €
4729/313	Servizos	Certificación ISO 9001:2015	LGAI TECHNOLOGICAL CENTER S.A	1.361,25 €
4719/313	Subministros	Raticidas, insecticidas e outros desinfectantes	GMB Internacional SA/Zelnova Zeltiva SL	18.000,00 €
4721/313	Servizos	Limpeza de batas	Varios	400,00 €
4722/313	Servizos	Informes analíticos homologados	Varios	6.000,00 €
4737/313	Servizos	Mantemento e calibración espectrofotómetro de absorción atómica	PerkinElmer España SL	7.576,62 €
4740/313	Servizos	Mantemento e calibración cabinas fluxo	Grupo-3 SL	157,30 €
4738/313	Servizos	Calibración de 3 balanzas	Mettler Toledo SA	541,30 €
4742/313	Servizos	Calibración pipetas	Mettler Toledo SA	2.214,36 €
4745/313	Servizos	Mantemento e calibración espectrofotometría ultravioleta visible	Izassa Scientific, SLU	990,95 €
4723/313	Servizos	Catro roldas de demostración calidade das análises microbiolóxicas das augas potables	Thermo Fisher Diagnostics, SLU	1.804,11 €



Concello de Vigo

EXPTE	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE
4726/313	Servizos	Tres roldas demostración calidade das análises físicoquímicos das augas potables	Ielab Calidad, SL	1.141,66 €
4724/313	Servizos	Soporte técnico e actualización software oraliims 2000isa e ECONTENTBIAL	LABS DIVISION SL	2.792,68 €
4725/313	Servizos	Xestión de residuos perigosos	HISANTA SL	2.000,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

23(450).- INTERPRETACIÓN DAS CLÁUSULAS 20.7 E 8 E 21.3 DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS E ZONAS COMPLEMENTARIAS NA AVDA. DE BEIRAMAR, ASÍ COMO O CONTRATO MESMO EN RELACIÓN COAS OBRIGAS DOS ACCIONISTAS DE PAZO DE CONGRESOS DE VIGO S.A. PARA CO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1215/330.

Dáse conta do informe-proposta de data 20/04/18, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Á vista do ditame do Consello Consultivo de Galicia, CCG 264/2017, de data 14 de marzo de 2018, emitido no expediente de referencia e incorporado ao mesmo, de acordo co cal «extinguido o contrato concesional por Auto do Xulgado do Mercantil número 3 de Pontevedra de 13.11.2017, non é posible emitir un ditame sobre o fondo da cuestión á que o presente expediente se refire», propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- De acordo co Consello Consultivo de Galicia -ditame CCG 264/2017, de data 14 de marzo de 2018-, déixase sen efecto o expediente de referencia e procédese ao seu arquivo, sen prexuízo de que as consideracións que no ditame se realizan en relación coas cuestións suscitadas ao órgano consultivo e as actuacións practicadas no expediente 1215/330, a que o ditame se refire, deban ser tidas en conta e consideradas na resolución dos recursos de reposición interpostos por Pazo de Congressos de Vigo, S.A., don Fernando Lacadena Azpeitia, representante persoa física de Testa Hoteles, S.A.U e de Testa Inmuebles en Renda SOCIMI, S.A., don Javier Zarrabeitia Unzueta, representante persoa física de Gescentesta, S.L.U. e don Alfonso Badías Albert, representante persoa física de Gesfontesta S.A.U., contra o acordo da Xunta de Goberno Local, de 7 de outubro de 2016, polo que se acordou requirir de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., dos seus administradores e dos accionistas da mesma o cumprimento, no prazo que no acordo recorrido sinalase, da obrigaón de saneamento patrimonial establecida no prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos, con zonas complementarias na Avenida de Beiramar, en Vigo, así como no expediente, cuxa incoación propónse no expediente 1035/330, para a declaración da resolución do citado contrato por incumprimento por parte de Pazo de

S.ord.3/05/18

Congresos de Vigo, S.A. e dos seus accionistas da obrigaón esencial contractual de proceder ao saneamento patrimonial da titular da concesión.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ás accionistas de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., a esta mercantil, ás mercantís membro do seu consello de administración e ao Administrador Concursal de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., con indicación de que o acordo recorrido é definitivo e firme en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(451).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO INICIO DO EXPEDIENTE PARA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO MAIOR DE OBRAS DE RENOVACIÓN DUN ASCENSOR NA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3994/440.

Dáse conta do informe-proposta do 27/04/18, asinado pola enxeñeira técnica industrial da área de Servizos Xerais, a xefa do servizo de Contratación, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e polo concelleiro-delegado de Fomento que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión ordinaria de data 26 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a SCHINDLER, S.A., o procedemento aberto das obras de renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo (3.994-440) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 72.358,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.558,00 euros.*
- b) Propón unha ampliación do prazo de garantía e mantemento de 18 mees enteiros, respecto do mínimo de 24 meses.*
- c) Propón como mellora a renovación interior (excepto o chan e demais aspectos incluídos nos apartados 1 e 2 do PPT) dos dous ascensores existentes coa mesma estética que o novo, valorada en 1.210 euros (IVE incluído).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



Concello de Vigo

Segundo.- En data 25 de abril de 2018 a Enxeñeira Técnica Industrial/ Responsable do contrato maior de obras de renovación dun ascensor na casa consistorial do Concello de Vigo, informa que:

“A Xunta de Goberno Local, na sesión 8 de febreiro de 2018, entre outros asuntos acordou a aprobación do proxecto de execución de obra de “Renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo”, cun orzamento de 72.358,00 € (IVE engadido).

Con data 23 de febreiro de 2018 firmase a acta de comprobación de replanteo, comenzando os traballos o día 26 de febreiro de 2018.

O prazo de execución da obra de acordo co apartado 4.B das FEC e de 13 semanas.

Este contrato ten por obxecto a redacción do proxecto e a obra de posta o día, acondicionamento e demais traballos complementarios necesarios, dun ascensor sito na Casa Consistorial, así como a coordinación con dous ascensores pre-existent.

Durante a desmontaxe dos elementos existentes do ascensor, detectanse compoñentes interiores en mal estado: ancoraxes, panelados en paredes e teito da estrutura da cabina, que non se tiveron en conta inicialmente dentro do alcance dos traballos recollidos nas cláusulas 1 e 2 do PPTP do contrato, xa que os mesmos non podían ser avaliados previamente sen un desmontaxe do ascensor.

Con data 20 de abril de 2018, en reunión coa empresa SCHINDLER, S.A, esta concreta as necesidades xurdidas durante a desmontaxe mediante a entrega dun documento con fotos no que se aprecia o estado actual dos elementos que deben ser renovados e unha estimación económica.

Ademais, unha vez que se despraza a botoeira do ascensor a renovar, para que cumpra a normativa vixente de accesibilidade, suscitase a posibilidade de colocar panel que integre e cubra o espazo que deixa o actual lugar da botoeira, xa que a mesma esta feita nunha peza única de pedra, polo cal e necesario a colocación deste panel para cubrir todo este espazo. Asemade, considerase conveniente que a botoeira dos ascensores en funcionamento se desprace á medida da outra e se cubra co mesmo material, cuestión tamén necesaria e non recollida no PPTP.

Os elementos que precisan ser renovados e/ou colocados e que non se atopan recollidos nas cláusulas 1 e 2 do PPTP deste contrato nin no orzamento do proxecto aprobado son:

- Subministro e colocación de paneis de paredes e teito da estrutura da cabina, así como os seus reforzos.*
- Traslado de 14 botoeira exteriores dos dous ascensores en funcionamento.*
- Subministro e colocación de panel que cubra o espazo entre as botoeiras exteriores nos 28 espazos de todas as plantas.*

O importe estimado desta obra adicional non supera o límite recollido na cláusula 15.d do Anexo I (F.E.C.) do PCAP do contrato.

En vista do anterior e tendo en conta a imposibilidade de detectar o estado dos elementos da estrutura da cabina e os seus reforzos, tanto na fase de redacción do PPTP, como na do proxecto, e que agora se propoñen, o cal resulta imprescindible para a seguridade do ascensor renovado e para a colocación da decoración interior, a substitución do panelado interior e os seus reforzos. Por outro lado considerase necesario mellorar a colocación das botoeiras actuais para mellorar a accesibilidade dos ascensores en funcionamento e a uniformidade do aspecto exterior das botoeiras exteriores cun panel que cubra o espazo entre a colocación da nova e a anterior botoeira.”

Fundamentos técnicos e xurídicos

I.- Polo que respecta á lexislación aplicable, en base ao segundo apartado da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior. É dicir polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

II.- A xustificación e a necesidade da modificación do contrato recóllese no informe da Enxeñeira Técnica Industrial/Responsable do contrato no seu informe de data 25 de abril de 2018, reproducido nos antecedentes.

II.- As modificacións propostas atópanse en principio, tal e como se indica no informe Enxeñeira Técnica Industrial/Responsable do contrato, nos supostos do artigo 106 do TRLCSP e do Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato, aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 6 de xullo de 2017, en relación co apartado 15 das FEC do PCAP do contrato, que prevé a posibilidade de modificación do contrato nas circunstancias que seguen:

- Aspectos a modificar: o tipo ou cantidade de elementos do ascensor.
- Circunstancias que determinan a modificación: a existencia dalgunha necesidade ou requisito técnico aconsellable para a mellora da funcionalidade do ascensor, detectada trala realización do proxecto e durante a desmontaxe dos compoñentes do ascensor, polo cal sexa necesario incorporar algún elemento que non estea previsto dentro dos traballos especificados nos apartados 5 (Subministro e instalación dos compoñentes do ascensor) e 6 (Revisión e comprobación de aliñamento das guías de cabina e do bastidor. Modificación e nova decoración de cabina incluíndo botoeiras interiores) da cláusula 2 do PPT.
- Límites da modificación: que esta modificación non leve implícito un incremento do prezo de adxudicación do contrato e cuantitativamente non supoña unha modificación superior ao 20 %, en relación co número de unidades previstas inicialmente.



Concello de Vigo

III.- O procedemento a seguir para a modificación dos contratos figura regulado con carácter xeral no TRLCSP e no Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. O tramites a seguir no presente contrato serían:

1. Audiencia ao contratista (artigo 211.1 do TRLCSP)
2. Fiscalización da Intervención Municipal (artigos 109 do TRLCSP e 102 do RLCAP; ademais dos artigos 114.3 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e 321 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
3. Informe da Asesoría Xurídica Municipal (artigos 211.2 e Disposición Adicional Segunda do TRLCSP; ademais dos artigos 114.3 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e 321 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).

As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 156 do TRLCSP.

IV.- Competencia. Procede elevar a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º do TRLCSP.

Por isto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autorizar o inicio do expediente de modificación do contrato de **obras de renovación DUN ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo**, co obxecto de dar cumprimento as necesidades descritas no presente expediente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(452).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE REDACCIÓN DO PROXECTO DAS OBRAS DAS NOVAS GRADAS DE GOL E MARCADOR, DUN APARCADOIRO SOTERRADO E DUN PROXECTO CONXUNTO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS. EXPTE. 5036/440.

Visto o informe de fiscalización do 27/04/18, dáse conta do informe-proposta do 26/04/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 26 de abril de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11. Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador, dun aparcadoiro soterrado e dun proxecto conxunto do estadio municipal de Balaídos (5.036-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador, dun aparcadoiro soterrado e dun proxecto conxunto do estadio municipal de Balaídos (5.036-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 12 de abril de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 20 de marzo de 2018, de SENER INGENIERÍA Y SISTEMAS, S.A. por non superar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 8A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos-FEDER Vigo Vertical e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais o 10 de abril de 2018:

1. UTE G.O.C, S.A. - NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P.
2. UTE GALAICONTROL, S.L.-HERMOSO & HEIMANNSFELD ARQUITECTOS,S.L.P.
- LUIS COLLARTE RODRÍGUEZ

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador, dun aparcadoiro



Concello de Vigo

soterrado e dun proxecto conxunto do estadio municipal de Balaídos (5.036-440) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	PEDRO DE LA PUENTE CRESPO	89,88
2	UTE TYPESA - MC2 - SOLTEC INGENIEROS, S.L.	82,75
3	IDOM CONSULTING ENGINEERING ARCHITECTURE, S.A.U.	79,59

Cuarto.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, PEDRO DE LA PUENTE CRESPO, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 2.113,50 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PEDRO DE LA PUENTE CRESPO, o día 12 de abril de 2018, que presenta a documentación requirida os días 19 e 24 de abril, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 26 de abril de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PEDRO DE LA PUENTE CRESPO, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do

licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PEDRO DE LA PUENTE CRESPO, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 20 de marzo e 10 de abril de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PEDRO DE LA PUENTE CRESPO o procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador, dun aparcadoiro soterrado e dun proxecto conxunto do estadio municipal de Balaídos (5.036-440) por un importe total de 683.291,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 118.587,77 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(453).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO INICIO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DEMAIS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS, PROPIAS OU ARRENDADAS. EXPTE. 54/441.

Dáse conta do informe-proposta do 27/04/18, asinado polo xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

Primeiro.- A Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, en data 3 de agosto de 2012, acordou, entre outros extremos, aprobar o expediente de contratación do servizo de limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais, propias ou arrendadas, así como os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares, e a apertura da licitación deste procedemento.



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de data 24.05.2013, acordou a adxudicación do Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais. EXPTE. 1316/440, a mercantil LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.U.

Segundo.- Con data 11.04.2016, a Xunta de Goberno Local acordou autorizar a cesión do contrato do servizo de limpeza da casa do Concello e demais dependencias municipais do Concello de Vigo por procedemento aberto, adxudicado a LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.U., por resolución da Xunta de Goberno Local de 24 de maio de 2013, á favor da mercantil MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U.

Fundamentos técnicos e xurídicos

Primeiro.- Existen diferentes locais de titularidade municipal (Casa Patín, Centro Municipal Emprego, Centro Teis, Vestiario Teis, locais UNED, sala estudio UNED) de apertura nos últimos tempos e que actualmente non están incluídos no contrato do servizo de limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais. Tamén é necesario dar de baixa locais incluídos no contrato que están actualmente en desuso (CITIC -antiga UNED).

Segundo.- Resulta preciso determinar a lexislación aplicable a esta modificación. Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), rexeranse, en canto os seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior (Disposición transitoria 1ªda LCSP); é dicir, polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP) e o Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP e a LCSP.

A lexislación de contratos do Sector Público recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos sinalados na lei (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás Entidades Locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 31 do PCAP.

Terceiro.- As modificacións propostas atópanse nos supostos do artigos 106 do TRLCS e do Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local, en sesión de 03.08.2012, en relación co apartado 15 das FEC do PCAP que rixe o contrato, que prevé a posibilidade de modificación do contrato nas circunstancias que seguen:

“Aspectos a modificar:

- *O número dos locais a limpar.*
- *A superficie dos locais a limpar.*
- *As horas efectivas para o desenrolo do servizo.*

Circunstancias que determinan a modificación:

- *Apertura dun novo local de uso municipal con necesidade de servizo de limpeza ordinario e continuado.*

- *Baixa dun local municipal existente obxecto deste contrato.*
- *Ampliación dun local municipal existente con necesidade de limpeza ordinaria e continua para esta ampliación.*
- *Cambio de uso dun ou varios locais existentes obxecto deste contrato que modifique o tipo e/ou periodicidade da limpeza*

Cuarto.- O procedemento a seguir para a modificación dos contratos figura regulado con carácter xeral no artigo 108 e 211 do TRLCSP. O tramites a seguir no presente contrato serían:

1. Audiencia ao contratista (artigo 211.1 do TRLCSP).
2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal (artigo 211.2 do TRLCSP) e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 109 do TRLCSP e 102 do RLCAP)

As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 156 (artigo 219 do TRLCSP).

Quinto.- Competencia.- Procede elevar a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

Por isto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autorizar o inicio do expediente de modificación do contrato do servizo de limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais, propias ou arrendadas (Expdte 1316/440).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(454).- TOMA DE COÑECEMENTO DA MODIFICACIÓN DO DOMICILIO SOCIAL E RENOVACIÓN DE CARGOS DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO 2 DO PERI IV-01 SAN ROQUE. EXPTE 5211/401.

Dáse conta do informe-proposta do 20/04/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral e a xefa de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

O día 14.05.2007, a Xunta de Goberno Local, acordou, entre outros, aplicar á xestión do polígono 2 do PERI IV-01 San Roque A, o modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo o 11.12.2003 (BOP núm. 1, do 02.01.2004) e aprobar a constitución da Xunta de Compensación do devandito polígono, efectuada na escritura pública outorgada o día 01.02.2007 perante o Notario do Ilustre. Colexio de Galicia, D. José Antonio Somoza Sánchez, ao nº. 327 do seu protocolo.

Mediante Resolución de data 23.11.2007 do director xeral de Urbanismo da Consellería de Política



Concello de Vigo

Territorial, Obras Públicas e Transportes, a dita entidade urbanística colaboradora foi inscrita no Rexistro autonómico de entidades urbanísticas colaboradoras, hoxe suprimido. Non obstante, actualmente está en tramitación a creación e regulación do rexistro municipal previsto no artigo 322.6 do RLSG.

Con data 10.04.2018, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 180052226) o escrito presentado por D. Luis Carrajo Toro, actuando como presidente da xunta de compensación do polígono 2 do PERI IV-01 SAN ROQUE, polo que notifica o cambio de domicilio social da entidade urbanística colaboradora e ao que xunta a escritura pública outorgada perante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Jose-Antonio Rodríguez González, o día 20.03.2018, ao nº. 694 do seu protocolo, de elevación a público de acordo adoptado en Asamblea xeral.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Normativa examinada.

- R.D.Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e rehabilitación urbana (RDLSRU)
- Lei 8/2013, de 26 de xuño, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas (LRRRU)
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 7/1985, de 22 de abril, Reguladora das bases da administración local (LRBAL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG)
- PXOU 1993, Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do P.X.O.U. de Vigo de 1988 á lei 11/85 de adaptación do solo de Galicia. Documento final segundo aprobación definitiva da C.O.T.O.P. o día 29 de abril de 1993 (PXOU-1993)
- Estatutos da XMU (A.D. versión refundida e consolidada Pleno do Concello de día 06.09.2010, BOP nº. 193, de día 06.10.2010)

II. Modificación do domicilio social.

De acordo co disposto no artigo 2.2 dos estatutos da xunta de compensación do polígono 2 do PERI IV-01 SAN ROQUE (modelo xeral de estatutos e bases de actuación aprobado polo Consello da XMU o 11.12.2003), o domicilio social da entidade poderá ser modificado por acordo da Asamblea Xeral, dando conta ao Concello e ao Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras, non obstante, éste último foi suprimido por mor da disposición adicional primeira do RLSG polo que non procederá dar cumprimento a tal previsión e elo sen prexuízo de que a modificación comunicada acceda no seu momento ao Rexistro municipal previsto, potestativamente, no artigo 322.6 do RLSG.

No acordo da Asamblea xeral do 15.12.2017, que figura na escritura pública outorgada perante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Jose-Antonio Rodríguez González, o día 20.03.2018, ao nº. 694 do seu protocolo, o domicilio social pasaría de Travesía do Príncipe nº 2-2, locais 1 e 2, en Vigo, á rúa Ecuador, nº 43, baixo, 36203 - Vigo.

Xa que logo, considerando os Estatutos que rexen o funcionamento da entidade e demais normativa de aplicación, non é necesaria a adopción de acordo aprobatorio ningún por parte da Administración

^S.ord.3/05/18

municipal a respecto do cambio de domicilio social, dado que esta competencia como tal resérvase á Asamblea Xeral da xunta de compensación, que debe limitarse a dar conta do acordado á Administración urbanística.

III. Órgano competente.

É competente para a adopción deste acordo a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no art. 127.1.d) da LRBRL, por proposta do Consello da XMU en virtude do disposto no artigo 10º.1.j) dos Estatutos da XMU.

Por todo o anterior, propónse a adopción do seguinte ACORDO:

ÚNICO: Tomar coñecemento do cambio de domicilio social da xunta de compensación do polígono 2 do PERI IV-01 SAN ROQUE, aprobado pola Asamblea xeral do día 15.12.2017 e que foi comunicado mediante escrito con entrada no Rexistro xeral da XMU o 10.04.2018 (doc. 180052226) presentado por D. Luis Carrajo Toro, actuando como presidente da xunta de compensación do polígono 2 do PERI IV-01 SAN ROQUE, quedando establecido en rúa Ecuador, nº 43, baixo, 36203 – Vigo.

Non obstante, o presente informe non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do 26/04/18, acordou o seguinte: “O Consello por unanimidade, eleva a proposta á Xunta de Goberno Local para a súa resolución”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(455).- DAR CONTA DO PASE A VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE SANCIÓNS URBANÍSTICAS. EXPTE. 10629/407.

Dáse conta do informe-proposta do 5/04/18, asinado pola técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos da Xerencia municipal de Urbanismo, e o xerente da mesma, que di o seguinte:

Os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Por parte deste organismo impuxéronse multas que non foron ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.



Concello de Vigo

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes sancións urbanísticas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

1) Expediente 19055/423 (NIF *****510V)	1.000,00 euros
2) Expediente 65998/421 (NIF *****935C)	500,00 euros
3) Expediente 2755/435 (NIF *****908B)	300,00 euros
4) Expediente 2755/435 (NIF *****575H)	300,00 euros
5) Expediente 1995/435 (NIF *****114Z)	100,00 euros
6) Expediente 1995/435 (NIF *****044R)	100,00 euros
7) Expediente 1995/435 (NIF *****996J)	200,00 euros
8) Expediente 1995/435 (NIF *****035C)	66,67 euros
9) Expediente 1378/435 (NIF *****927A)	300,00 euros
10) Expediente 1378/435 (NIF *****768S)	300,00 euros
11) Expediente 17125/423 (NIF *****203Q)	1.000,00 euros
12) Expediente 19225/423 (NIF *****493K)	1.000,00 euros
13) Expediente 19839/423 (NIF *****541P)	1.000,00 euros
14) Expediente 15846/423 (NIF *****157D)	1.000,00 euros
15) Carlos Alvarez Vila (NIF *****192Z)	1.000,00 euros
16) Expediente 1034/435 (NIF *****349H)	4.500,00 euros
17) Expediente 1034/435 (NIF *****401F)	4.500,00 euros
18) Expediente 1304/435 (NIF *****873R)	1.000,00 euros
19) Expediente 1368/435 (CIF A*****473)	1.000,00 euros
20) Expediente 1298/435 (NIF *****454S)	200,00 euros
21) Expediente 1298/435 (NIF *****869D)	200,00 euros
22) Expediente 1298/435 (NIF *****609H)	200,00 euros
23) Expediente 1298/435 (NIF *****870X)	200,00 euros
24) Expediente 1298/435 (NIF *****025A)	200,00 euros
25) Expediente 1407/435 (NIF *****452K)	1.000,00 euros
26) Expediente 1869/435 (CIF A*****473)	1.000,00 euros
27) Expediente 954/426 (CIF B*****803)	3.000,00 euros
28) Expediente 955/426 (CIF B*****803)	3.000,00 euros
29) Expediente 1178/435 (NIF *****218X)	1.000,00 euros
30) Expediente 543/435 (CIF A*****158)	1.000,00 euros
31) Expediente 1956/435 (NIF *****257Q)	1.000,00 euros
32) Expediente 2040/426 (CIF A*****157)	2.000,00 euros
33) Expediente 2450/435 (NIF *****314C)	150,00 euros
34) Expediente 2450/435 (NIF *****698Y)	150,00 euros
35) Expediente 3334/426 (CIF B*****579)	4.500,00 euros
36) Expediente 1362/435 (CIF B*****132)	3.000,00 euros
37) Expediente 1032/435 (CIF B*****774)	3.000,00 euros
38) Expediente 1312/435 (CIF B*****210)	3.000,00 euros
39) Expediente 913/435 (CIF W*****00J)	1.000,00 euros

40) Expediente 18548/423 (NIF *****313B)

1.000,00 euros

41) Expediente 247/435 (NIF *****012P)

600,00 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

29(456).- ADDENDA Nº 4 AO CONVENIO SUBSCRITO POLA XUNTA DE GALICIA, AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO CON AGUAS DE LAS CUENCAS DE ESPAÑA, S.A., COMO USUARIOS DA ACTUACIÓN HIDRÁULICA “SANEAMENTO DE VIGO”. EXPTE. 4911/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2/05/18, dáse conta do informe-proposta de data 27/04/18, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Investimentos e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- Con data de 2 de febreiro de 2009 e de conformidade co previsto no artigo 124.4 do Texto Refundido da Lei de Augas, a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia asinaron o “Protocolo xeral entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino, polo que se fixa o marco xeral de colaboración no ámbito do saneamento e depuración.- Execución do Plan Nacional de Calidade das Augas: Saneamento e Depuración 2007-2015”.

Posteriormente, con data 18 de maio de 2010, o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino e a Sociedad Estatal Aguas de la Cuenca del Norte, S.A., asinaron o Convenio de Xestión Directa co obxecto de establecer as relacións entre a Administración Xeral do Estado, representada polo dito Ministerio e a citada Sociedade Estatal, en orden a execución por xestión directa, a través da dita sociedade, das obras públicas hidráulicas incluídas na Adicional do convenio, entre as que figuran, a executar con arranxo á cláusula cuarta -Criterios e procedemento a seguir nas obras a construír por “Aguas de la Cuenca del Norte, S.A.” non financiadas cos seus fondos propios- como actuación B.1 o “Saneamento de Vigo”.



Concello de Vigo

2.- En execución do anterior Protocolo e Convenio de Xestión Directa, con data de 2 de agosto de 2010, asinouse o Convenio de colaboración entre a Sociedade Estatal Aguas de las Cuencas del Norte, S.A. (agora, Aguas de las Cuencas de España, S.A.), a Xunta de Galicia, o Organismo Autónomo Augas de Galicia (agora, entidade pública empresarial Augas de Galicia) e o Concello de Vigo, para a construción das infraestruturas hidráulicas integrantes da actuación "Saneamento de Vigo"; sinatura do convenio que fora aprobada pola Xunta de goberno Local o 30 de xullo de 2010.

Dende o punto de vista do financiamento dos traballos obxecto do Convenio, o réxime de colaboración pactado desenvólvese na súa Cláusula III a) "Financiamento", na que se recolle o reparto das achegas da Sociedade Estatal, de Augas de Galicia e do Concello de Vigo, durante o período de construción das obras e durante a fase de devolución da débeda ao contratista principal das obras. En concreto determínase que a infraestrutura hidráulica sería cofinanciada de acordo co seguinte esquema:

«[...] Por acuaNorte con los límites máximos de 112.000.000 euros o el 65% del coste elegible, la menor de las dos cantidades, mediante subvenciones de los Fondos Europeos (P.O. Cohesión-FEDER 2007-2013). Los límites anteriores representan el importe máximo de la contribución financiera de acuaNorte por todos los conceptos e incidencias contractuales que determinarán el coste final de la inversión al que se refiere la Cláusula IV de este Convenio»

No que ao Concello de Vigo se refire, as achegas que a este correspondían en virtude do Convenio, como anticipos e pago final pola infraestrutura hidráulica, son as que seguen:

Concepto de Inversión	Importe estimado
Terreos de titularidade municipal ocupados pola EDAR actual e necesarios para a execución da actuación	3.381.000,00
Novos terreos, bens e dereitos afectados necesarios para a execución das obras	10.274.000,00
TOTAL	13.655.000,00

No que atinxe a recepción das infraestruturas hidráulicas, o Convenio inicial, na súa Cláusula V. b), dispoñía, o que segue:

«Una vez superadas las pruebas de puesta en marcha de la infraestructura hidráulica, acreditándose mediante el informe correspondiente emitido por la entidad certificadora seleccionada y por el propio de la Dirección Facultativa de las Obras, acuaNorte convocará a la Xunta de Galicia, al Organismo Autónomo Augas de Galicia y al Concello de Vigo (Entidad gestora del servicio público), para los actos de recepción y entrega de la infraestructura hidráulica objeto del Convenio (...). Igualmente, acuaNorte comunicará la celebración de los

actos al Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino, a los efectos de que pueda designar a un representante.

(...)

En el mismo acto de la recepción contractual de las obras ejecutadas por el Contratista, acuaNorte procederá a su entrega -mediando el consentimiento del representante del Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino- al Concello de Vigo (Entidad gestora del servicio público), quedando la infraestructura hidráulica desde entonces bajo la competencia municipal, como bien afecto al servicio público de abastecimiento de agua y saneamiento de la ciudad, y sucediendo a partir de ese momento a acuaNorte, con plenitud de efectos jurídicos, en la integridad de facultades, derechos y obligaciones respecto de la entidad adjudicataria del contrato y por razón del mismo, subrogándose especialmente en las obligaciones de pago aplazadas al Contratista y, correlativamente, asumiendo las facultades correspondientes a acuaNorte durante el periodo de garantía de dicho Contrato. Ello se llevará a cabo, con la excepción de la emisión y pago de la certificación final por acuaNorte, en los términos que se señalan a continuación.

(...)

El Concello de Vigo (Entidad gestora del servicio público), deberá abonar en el plazo de treinta (30) días desde la recepción de la obra, los tributos que se devenguen por la entrega de la infraestructura hidráulica, para lo cual, acuaNorte comunicará, con treinta (30) días de anticipación a la entrega, la naturaleza e importe de los mismos.

Para el cobro de las cantidades anteriores, acuaNorte podrá ejercitar las garantías de pago previstas en la Cláusula III e).

A partir de su entrega al Concello de Vigo (Entidad gestora del servicio público), acuaNorte quedará liberada de cualquier responsabilidad relacionada con la infraestructura que se derive del presente Convenio o del Contrato firmado con el Contratista de las obras».

3.- Tras os acordos da Comisión de Seguimento do Convenio da actuación “Saneamento de Vigo” e os trámites correspondentes en cada unha das entidades que subscribiron o mesmo, con datas de 11 de novembro de 2011, de 19 de abril de 2013 e de 17 de xuño de 2014, se formalizaron, respectivamente, a Addenda nº 1, a Addenda nº 2 e a Addenda nº 3 ao mencionado Convenio -aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 28 de outubro de 2011, na sesión ordinaria de 5 de abril de 2013 e na sesión ordinaria de 4 de xullo de 2014, respectivamente-, que tiveron por obxecto a reprogramación das anualidades de inversión e financiamento recollidas nas Cláusulas I e III do Convenio. Ademais, nesta última Addenda se modificou a Cláusula III, letra c) punto 2 no referente a forma de pago das aportacións correspondentes á Xunta de Galicia.

4.- Na reunión da Comisión de Seguimento da actuación “Saneamento de Vigo” de data 22 de decembro de 2015 acordouse que Aguas de las Cuencas de España, S.A. anticipara fondos propios coa finalidade de facilitar a máxima absorción de fondos europeos e atender os pagos de aqueles contratos que non tiñan previsto financiamento polo contratista na cantidade que excedera da anualidade prevista para cada ano por parte de Augas de Galicia.

5.- Con datas 19 de outubro de 2016 e 13 de xuño e 27 de xullo de 2017, reuniuse a Comisión de Seguimento da actuación “Saneamento de Vigo” para analizar, entre outros asuntos, o avance da inversión na infraestructura hidráulica, a programación das actividades necesarias para a súa execución, dando como resultado o acordo de tramitar unha cuarta



Concello de Vigo

Addenda ao Convenio de 2 de agosto de 2010 que permita determinar o informe final da inversión, a reprogramación financeira das achegas correspondentes a cada parte, o mantemento por Aguas de las Cuencas de España, S.A da titularidade da infraestrutura e a competencia da súa explotación ata que recupere a contía adiantada a través de fondos propios; e a regulación da tarifa de explotación que o Concello deberá aboar ata que non reciba a titularidade da infraestrutura.

6.- Con data de 25 de xullo de 2017, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e a Sociedade Mercantil Estatal Aguas de las Cuencas de España S.A. asinaron a Addenda nº 1 ao seu vixente Convenio de Xestión Directa, de 30 de xuño de 2014, que recolle no seu Adicional a actuación A.8.03 «Saneamento de Vigo» na que se modifica tanto o importe da inversión e o esquema de financiamento inicialmente previsto para a actuación, establecendo unha achega máxima de Aguas de las Cuencas de España, S.A. de 18.553.726 €, como o réxime de explotación de la actuación.

A Addenda 1 ao Convenio de Xestión Directa minora a inversión estimando que ascenderá a 165.000.000,00 € e establece o seguinte esquema financeiro:

«• El 11,24% de la inversión será financiado por la Sociedad Estatal, con cargo a sus recursos propios, con un límite máximo de 18.553.726 €. Dicha financiación, será recuperada de forma actualizada de los usuarios mediante tarifas durante un periodo máximo de 10 años, a contar desde la entrada en explotación.»

Con Fondos de la Unión Europea, con los límites máximos de 85.902.312 €, equivalente al 52,06% de la inversión prevista o el 65% del coste elegible, la menor de las dos cantidades, mediante subvenciones del Fondo de Cohesión de la Unión Europea del programa 2007-20013; y

El resto del importe de la inversión, y en su caso, el déficit de financiación con fondos de la Unión Europea será financiado mediante aportaciones del Organismo Autónomo (hoy Entidad Pública Empresarial) Augas de Galicia y del Concello de Vigo, de acuerdo con los términos que se han pactado en el convenio suscrito, debiendo aportar cada entidad la justificación presupuestaria oportuna. La financiación correspondiente al Organismo Autónomo Augas de Galicia podrá ser anticipada por el contratista adjudicatario de las obras.

En caso que la financiación sea anticipada por el contratista de las obras, una vez recibidas éstas, la cantidad adeudada a dicho contratista junto con la carga financiera correspondiente será abonada, durante el periodo que se establece en el convenio suscrito, por el Concello de Vigo como entidad titular de la explotación de la infraestructura hidráulica. Para ello, el Organismo Autónomo (hoy Entidad Pública Empresarial) Augas de Galicia ha garantizado, mediante los compromisos presupuestarios correspondientes, el abono por el Concello de Vigo de los importes que permitan atender los pagos aplazados».

En canto aos compromisos económicos dos usuarios consignase na Addenda 1 ao Convenio de Xestión Directa que:

«Las administraciones cofinanciadoras de la actuación, Xunta de Galicia/Augas de Galicia y Concello de Vigo han suscrito un convenio con la Sociedad Estatal, con fecha 2 de agosto de 2010, donde se ha formalizado su compromiso económico del pago de la financiación correspondiente.»

De conformidad con lo previsto en el art. 124.4 del texto refundido de la Ley de Aguas, la Administración General del Estado suscribió el "Protocolo general entre la Xunta de Galicia y el Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino por el que se fija el marco general de colaboración en el ámbito del saneamiento y la depuración: Ejecución del Plan Nacional de Calidad de las Aguas: Saneamiento y Depuración 2007-2015" el 2 de febrero de 2009. En el párrafo segundo del punto 4 del "Acuerdo" del citado Protocolo, en relación con su Anexo III, se establece que "El Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino respecto de las obras ejecutadas por encomienda por las Sociedades Estatales de Auga, una vez recuperado el 100%, de la inversión aportada, podrá asimismo transferir su titularidad de acuerdo con los procedimientos establecidos en la legislación vigente".

Se deberá suscribir una adenda al convenio de usuarios, donde se establecerán las garantías y fórmula de pago de la tarifa que deberá abonar el usuario, recogiendo además de los costes de explotación, la recuperación de los fondos propios aportados mediante la aplicación de una tasa adecuada de actualización, los gastos propios de la sociedad estatal, los de amortización de los préstamos a suscribir, en su caso, por la sociedad estatal y sus correspondientes cargas financieras»

E, no que se refiere á explotación se recolle que:

«La explotación corresponde a la Sociedad Estatal, que podrá efectuar directamente, o contratar con terceros, o convenir con los propios usuarios, la realización de las tareas de mantenimiento y operación, percibiendo por ello la tarifa de explotación que se establezca por convenio específico con los usuarios.

La aportación de fondos propios de la Sociedad deberá ser recuperada de forma actualizada de los usuarios, en un periodo máximo de diez (10) años, a contar desde la entrada de explotación.

Finalizadas las obras, y una vez recuperada la inversión a cargo de la Sociedad Estatal, las infraestructuras hidráulicas podrán ser entregadas, en su caso, a las Administraciones municipales (y/o, en su caso, a otras Administraciones Públicas) interesadas, sin perjuicio de que dicha entrega se haga bien directamente a dichas Administraciones, bien a las entidades públicas o privadas que aquellas señalen, de conformidad con cualquiera de las modalidades de gestión de competencias propias de dichas Administraciones que se habilitan en la legislación vigente. En todo caso, los receptores de las obras asumirán todos los costes y gastos, derivados de la entrega, todo ello cumpliendo con los procedimientos establecidos en la legislación vigente».

7.- En novembro de 2017 Aguas de las Cuencas de España, S.A. remitiu ao Concello de Vigo a Addenda núm. 4 ao convenio de colaboración, de 2 de agosto de 2010, para a construción das infraestruturas hidráulicas integrantes da actuación "Saneamiento de Vigo", cuxo obxecto de fixar o importe final da inversión, proceder a reprogramación financeira das achegas correspondentes a cada parte, pactar o mantemento por Aguas de las Cuencas de España, S.A da titularidade da infraestrutura e a competencia da súa explotación ata que recupere as cantidades adiantadas a través de fondos propios e proceder á regulación da tarifa de explotación que o Concello, como usuario, deberá aboar en tanto non reciba a titularidade da infraestrutura.

8.- Con data de 21 de decembro de 2017, o 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu iniciar expediente para a elaboración e aprobación de ser o



Concello de Vigo

caso por parte do Concello de Vigo da Addenda nº 4 ao Convenio asinado o 2 de agosto de 2010 pola Xunta de Galicia, Augas de Galicia, o Concello de Vigo e Aguas de las Cuencas del Norte, S.A. (agora, Aguas de las Cuencas de España, S.A.), para a execución da actuación hidráulica “Saneamento de Vigo”.

9.- Con data 29 de decembro de 2017 se subscribe a Memoria xustificativa para a aprobación da Addenda nº 4 ao Convenio suscrito pola Xunta de Galicia, Augas de Galicia e o Concello de Vigo con Aguas de las Cuencas de España, S.A., como usuarios da actuación hidráulica “Saneamento de Vigo”.

10.- De conformidade co disposto na Base 40ª das de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, relativa aos Convenios, con data 12 de xaneiro de 2018, o Xefe de Servizos Xurídicos de Servizos Xerais emite informe xurídico sobre a Addenda 4 ao Convenio.

11.- Na reunión da Comisión de Seguimento da actuación de data 21 de febreiro de 2018, Aguas de las Cuencas de España, S.A presentou a última versión da Addenda 4 ao Convenio da actuación, referindo que a única modificación con respecto ao texto anterior afecta ao cadro económico, no que se recollen as cantidades de pago que Augas de Galicia ten previstas para cada anualidade. Co fin de aclarar a modificación se adxuntou un novo informe económico de data 8 de marzo de 2018 e asinado por Iván Terente Herrero como Responsable de Administración Zona Norte de Aguas de las Cuencas de España, S.A.. Segundo este informe, na última versión da Addenda 4 se axustan os importes das cantidades de pago previstas por Augas de Galicia para as distintas anualidades e se reduce o prazo de devolución do importe aprazado ao contratista, que corresponde a Augas de Galicia, finalizando o mesmo no ano 2027.

12.- A vista das devanditas modificacións no contido da Addenda 4, con data 20 de abril de 2018 se subscribiu unha Memoria xustificativa para a aprobación da Addenda nº 4 ao Convenio para actuación hidráulica “Saneamento de Vigo” actualizada ao novo texto.

13.- Con data 25 de abril de 2018, o Xefe de Servizos Xurídicos de Servizos Xerais emite novo informe sobre a última versión da Addenda 4 ao Convenio que ratifica o contido do seu informe xurídico de data 12 de xaneiro de 2018.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- O obxecto da Addenda nº 4 ao Convenio suscrito pola Xunta de Galicia, Augas de Galicia e o Concello de Vigo con Aguas de las Cuencas de España, S.A., como usuarios da actuación hidráulica “Saneamento de Vigo” responde á necesidade de adecuar o Convenio inicial aos cambios producidos durante a execución da infraestrutura hidráulica. En concreto, a Addenda ten o seguinte obxecto:

- A modificación do presuposto estimado e anualidades da inversión, mediante a reprogramación financeira das achegas de cada entidade para axustalas ás previsións actuais de execución das obras e a o importe final de inversión, nos termos que se detallan no apartado terceiro do presente Informe Proposta.

- A modificación do réxime de recepción, entrega e recepción da infraestrutura, regulando o mantemento por Aguas de las Cuencas de España, S.A. da titularidade da mesma e a competencia da súa explotación ata que recupere a contía adiantada a través de fondos propios e o establecemento dunha tarifa que deba aboar o Concello ata que non reciba a titularidade, nos termos que se detallan no apartado Cuarto do presente Informe-proposta.

Segundo a Memoria de data 20 de abril de 2018 a subscripción do contido da Addenda nº4 ao Convenio para a actuación hidráulica “Saneamento de Vigo”, posibilitará a culminación dunha infraestrutura esencial para o saneamento de Vigo.

Segundo.- No apartado b) da Cláusula III do Convenio suscrito pola Xunta de Galicia, Augas de Galicia e o Concello de Vigo con Aguas de las Cuencas de España, S.A., como usuarios da actuación hidráulica “Saneamento de Vigo” con data 2 de agosto de 2010, relativo á “Programación financeira” se estableceron os desembolsos de cada unha das entidades que intervien e se contemplaba que “as anteriores previsións da Programación Financeira serán revisadas por AcuaNorte (agora, AcuaEs) durante o desenvolvemento da actuación, dando coñecemento dos cambios á Comisión de Seguimento”.

Terceiro.- Como consecuencia das circunstancias expostas nos expositivos do presente Informe a programación de anualidades da actuación pasa a ser a seguinte:

A.- Inversión: se modifican as achegas de acordo co seguinte detalle (cifras en miles de euros):

Año	Hasta 2015	2016	2017	2018	TOTAL
Inversión prevista:	137.021	13.089	12987	9.403	172.500

Esta reprogramación supón unha variación no importe global da inversión que se reduce do inicialmente previsto de 229.996.000 euros a 172.500.000 euros (a esta cifra se engade na programación financeira un importe de 654 .000 euros por intereses no pago pendente o contratista).

B.- Financiamiento: no que respecta ao financiamiento dos traballos obxecto do Convenio, modifícase nos seguintes termos recollidos na Cláusula III a) do Convenio:

“El coste de ejecución de la actuación será abonado de acuerdo con el siguiente esquema financiero, conforme a lo previsto en la Adenda nº 1 al Vigente Convenio de Gestión Directa de ACUAES:



Concello de Vigo

- Con Fondos de la Unión Europea, con el límite máximo de 84.708.667 €, equivalente al 49,10% de la inversión, mediante subvenciones del Fondo de Cohesión de la Unión Europea del programa 2007-2013;
- Con recursos propios de la Sociedad Estatal hasta el 11,24% de la inversión con el límite máximo de 18.553.726 €. Dicha financiación será recuperada de Augas de Galicia, con una tasa de actualización del 1,5%, durante un periodo máximo de 4 años, a contar desde el año 2017. Conforme a la programación financiera que se expone en el apartado b) la aportación de ACUAES ha sido de 16.580.000 €. Para ello, Augas de Galicia ha garantizado, mediante los compromisos presupuestarios correspondientes, el abono de los importes que permitan atender estos pagos.

Los límites anteriores representan el límite máximo de la contribución financiera de ACUAES por todos los conceptos e incidencias contractuales que determinarán el coste final de la inversión al que se refiere la Cláusula IV de este convenio.

- Por el Concello de Vigo las aportaciones que se corresponderán con los siguientes conceptos de inversión:

Concepto de Inversión	Importe Estimado	Tramitación/Contratación
Terrenos de titularidad municipal ocupados por la EDAR actual y necesarios para la ejecución de la actuación	3.381.000,00	Serán puestos a disposición de la Sociedad Estatal antes del inicio de las obras
Nuevos terrenos, bienes y derechos afectados necesarios para la ejecución de las obras	9.419.000,00	Se tramitarán los correspondientes expedientes expropiatorios antes del inicio de las obras e incluirán las indemnizaciones, publicidad de actuaciones, confección y liquidación de los expedientes, así como, los impuestos indirectos y tasas
TOTAL	12.800.000,00	

- El resto del importe de la inversión y, en su caso el déficit de financiación con fondos de la Unión Europea, será financiado mediante aportaciones de la Entidad Pública Empresarial Augas de Galicia, de acuerdo con los términos que se han pactado en el convenio suscrito, debiendo aportar la justificación presupuestaria oportuna. La financiación correspondiente a Augas de Galicia podrá ser parcialmente anticipada por el contratista adjudicatario de las obras. La financiación anticipada por el contratista de las obras, cantidad adeudada y carga financiera correspondiente, una vez recibidas éstas, será abonada por Augas de Galicia a través del titular de la

infraestructura hidráulica, durante el periodo que se establece en el Convenio suscrito modificado por la presente adenda nº 4 y sus anexos. Para ello, Augas de Galicia ha garantizado, mediante los compromisos presupuestarios correspondientes, el abono de los importes que permitan atender los pagos aplazados”.

Con respecto ás obrigas do Concello, esta modificación supón unha minoración dos importes totais inicialmente previstos en relación coa adquisición de novos terreos necesarios para a execución das obras; prevista inicialmente en 13.655.000,00 euros, a proposta final prevista é de 12.800.000,00 euros.

A nova programación financeira que se recolle na Addenda é a seguinte:

Nueva programación prevista (miles de euros)						
Entidad/Tipo de desembolso		Hasta 2015	2016	2017	2018	TOTAL
Inversión total prevista	Infraestructura Hidráulica	137.021	13.089	12.987	9.403	172.500
	Intereses (Pago Pendiente Contratista)		51	212	391	654
	TOTAL	137.021	13.140	13.199	9.794	173.154
ACUAES	Infraestructura Hidráulica	84.709				84.709
Xunta de Galicia/ Organismo Autónomo Augas de Galicia	Infraestructura Hidráulica (Financiación directa)	23.537	7.358	7.358	8.390	46.643
	Infraestructura Hidráulica (Pendiente Pago Contratista)		6.219	10.188	5.685	22.092
	Intereses (Pago Pendiente Contratista)		51	212	391	654
	Resto a financiar ACUAES	16.580	-618	-4.559	-5.147	6.256
	TOTAL	40.117	13.010	13.199	9.319	75.645
	Deuda Contratista	0	6.270	10.400	6.076	22.746
Concello de Vigo (incluye aportación terrenos EDAR actual)	Infraestructura Hidráulica (Financiación directa)	12.195	130		475	12.800

Cuarto.- O réxime de recepción das obras pasa a ser o seguinte:

“ Conforme a lo previsto en la Adenda nº 1 al vigente Convenio de Gestión Directa de ACUAES, se modifica el régimen de recepción de las obras, entrega y explotación de la



Concello de Vigo

infraestructura hidráulica previsto en la Cláusula V prevista en el Convenio específico con el siguiente resultado:

RECEPCIÓN DE LAS OBRAS Y EXPLOTACIÓN DE LA INFRAESTRUTURA.

Previamente a su recepción, la infraestructura hidráulica objeto del Convenio deberá superar las pruebas de puesta en marcha que se acuerden por las entidades firmantes en el seno de la Comisión de Seguimiento prevista en la Cláusula VIII. El cumplimiento de las pruebas de puesta en marcha será certificado por la Dirección Facultativa de las Obras y, previamente, por la entidad independiente que acuerden las entidades firmantes en el seno de la Comisión de Seguimiento.

La titularidad de la infraestructura y de la competencia de su explotación corresponderá a Aguas de las Cuencas de España, S.A. La explotación de la infraestructura por ACUAES se concretará en la cesión onerosa de su utilización al Concello de Vigo para la gestión, directa o indirecta, del servicio municipal de saneamiento de aguas residuales, que con la operación de infraestructura hidráulica asumirá, directa o indirectamente, la obligación de su conservación, mantenimiento y reposición de sus elementos y equipos. Para ello, el Concello de Vigo, previamente a la firma del acta de inicio de explotación, deberá demostrar fehacientemente que dispone de los medios necesarios para acometer de forma adecuada la explotación de la infraestructura hidráulica objeto del Convenio.

No obstante, una vez recuperados los fondos propios aportados por la Sociedad Estatal a la financiación de las obras, la titularidad de la infraestructura hidráulica será entregada al Concello, si así lo solicitase, y/o a las entidades públicas o privadas que este señale, siguiendo el procedimiento jurídico vigente en ese momento y manteniendo esa titularidad la Sociedad Estatal en tanto esto no suceda. En todo caso, los receptores de las obras asumirán todos los costes y gastos, derivados de la entrega, todo ello cumpliendo con los procedimientos establecidos en la legislación vigente.

A partir del momento de la entrega de la titularidad, la infraestructura hidráulica quedará bajo la competencia del Concello, o en su caso de la entidad pública o privada señalada por éste, sucediendo a partir de ese momento a ACUAES, con plenitud de efectos jurídicos, en la integridad de facultades, derechos y obligaciones respecto de la entidad adjudicataria del contrato y por razón del mismo, subrogándose especialmente en las obligaciones de pago aplazadas al Contratista y, correlativamente, asumiendo las facultades correspondientes a la Sociedad Estatal durante el periodo de garantía de dicho Contrato”.

De conformidad con lo dispuesto en la Addenda I al Convenio de Gestión Directa, la aportación de fondos propios de Aguas de las Cuencas de España, S.A. para la ejecución de la infraestructura hidráulica justifica la modificación del régimen establecido en la redacción inicial del Convenio relativo al “Saneamiento de Vigo” con respecto a la titularidad de la infraestructura y a la competencia de su explotación. En este sentido, la Addenda 4 establece que la entidad estatal mantendrá la titularidad de la infraestructura y la competencia de su explotación hasta que recupere la contía adelantada a través de fondos propios. A esta misma justificación de la modificación del régimen de recepción de las obras se le atribuye en la Estipulación cuarta del

^S.ord.3/05/18

Protocolo Xeral entre o Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e a Xunta de Galicia, de data 2 de febreiro de 2009, polo que se fixa o Marco Xeral de colaboración no ámbito de saneamento. En concreto, neste apartado se establece que *“ El Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, respecto de las obras ejecutadas por encomienda por las Sociedades Estatales de Agua, una vez recuperado el 100% de la inversión aportada por éstas, podrá asimismo transferir su titularidad de acuerdo con los procedimientos establecidos en la legislación vigente”*.

Por tanto, segundo se establece no texto da Addenda 4, a titularidade da infraestrutura e da súa explotación corresponderá a Sociedade Estatal como mínimo ata a completa recuperación dos fondos propios aportados na financiación, segundo o calendario que se anexa a Addenda. E, una vez recuperados os fondos propios, a titularidade da infraestrutura hidráulica será entregada ao Concello de Vigo, si así lo solicitase, e/ou ás entidades públicas ou privadas que este sinale, mantendo en tanto isto non suceda a titularidade a Sociedade Estatal.

En definitiva, a partir do momento en que Aguas de las Cuencas de España, S.A. recupere os seus fondos propios, o Concello de Vigo poderá solicitar a entrega da titularidade da infraestrutura para o mesmo Concello e ou para as entidades públicas ou privadas que sinale; e mentres isto non suceda, a sociedade estatal manterá a titularidade da mesma.

Ademais, mediante a Addenda introdúcese, nos termos expostos no apartado anterior a obriga do Concello de facer fronte a unha tarifa, que se debera aboar ata o momento no que, unha vez recuperada a inversión de fondos propios de Aguas de las Cuencas de España, S.A., o Concello ou no seu caso a entidade que este indique, adquira a titularidade da infraestrutura. Dita tarifa xustificada no seu calculo pola devandita sociedade estatal ten unha estimación de 132.570.00 euros anuais (sen iva), segundo se recolle no anexo da Addenda 4 e o mesmo atoparase vinculado directamente aos custes da "TARIFA" do propio servizo municipal do saneamento da cidade, no marco da actual concesión da xestión integral do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, para o cal xa se atopa iniciado o expediente 44/441 PARA ADSCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS DERIVADAS DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA DEPURADORA Á CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DA XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO DE AUGAS, PARA A SÚA EXPLOTACIÓN POLA CONCESIONARIA.

A xustificación da tarifa atópase na modificación do réxime de entrega e explotación da infraestrutura hidráulica, que obriga, de conformidade coa normativa aplicable á devandita sociedade estatal, a introducir un novo concepto de tarifa destinado a cubrir os gastos en que, como consecuencia da titularidade da infraestrutura hidráulica e da súa explotación puidera incorrer Aguas de las Cuencas de España, S.A.

III.-PROCEDIMIENTO E COMPETENCIA

Constan no expediente de aprobación da Addenda nº4 ao Convenio para a actuación hidráulica “Saneamento de Vigo”, os documentos necesarios para a súa tramitación: Orde de inicio, Memoria Xustificativa para a aprobación e Informe Xurídico.



Concello de Vigo

Previamente ao sometemento do presente expediente a súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello.

De conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, de 3 de abril, de Bases de Réxime Local, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación da Addenda ao Convenio.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, fórmulase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

- Primeiro.- Prestar aprobación á Addenda nº 4 ao Convenio subscrito pola Xunta de Galicia, Organismo Autónomo Augas de Galicia (agora, entidade pública empresarial Augas de Galicia) e o Concello de Vigo con Aguas de las Cuencas del Norte, S.A. (agora, Aguas de las Cuencas de España, S.A.), como usuarios da actuación hidráulica “Saneamento de Vigo”, con data 2 de agosto de 2010, nos termos do documento que se anexa ao presente Informe.
- Segundo.- Facultar ao Excmo. Sr. Alcalde-Presidente para que en representación deste Concello proceda á sinatura da citada Addenda nº 4.
- Terceiro.- Notificar o presente acordo á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, á Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, á Sociedade Estatal Aguas de las Cuencas de España, S.A. e á concesionaria do servizo público de abastecemento e saneamento Aqualia FCC-Vigo, aos efectos oportunos.
- Cuarto.- Dentro do prazo de tres meses seguintes á sinatura da Addenda 4 ao Convenio, deberá remitirse electronicamente ao Consello de Contas de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e dar publicidade á mesma de conformidade co establecido no art. 8.1. letra “b” da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(457).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez